Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 19 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Abreviado: 234/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos ocasionados a vehículo por un sumidoiro sen tapa)

Expte(s): 7623/243

Decreto (firme) polo que se ten por desistida á demandante do seu RC-A interposto contra a desestimación, por silencio, da reclamación de RPA presentada perante o Concello por danos ocasionados no seu vehículo, con ocasión dun sumidoiro en mal estado.

A demandante recibiu a indemnización reclamada por parte de Aqualia e desistiu do RC-A presentado. O xulgado accede á desistencia e procede ao arquivo das actuacións.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

2.- Contencioso. Expediente nº 17724/111

Sentenza nº 200 do 23 de setembro de 2015

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 257/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA presentada o 13/03/2024

Expte(s): 7354/243

Contía: 86.213,53 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso interposto pola actora.

O obxecto do recurso constituía a desestimación presunta dunha reclamación por responsabilidade patrimonial con relación a unha caída que lle causou danos corporais á demandante.

A sentenza desestima o recurso polo transcurso do prazo para reclamar a indemnización, que superou o prazo establecido legalmente en exceso, o que comporta a súa prescrición. O accidente tivo lugar en marzo do 2021 e a reclamación se presentou en marzo do 2024.

As últimas referencias documentais datan de marzo do ano 2022, sen que existan probas de que superada esa data continuase a tratamento a demandante, e o pretendido pola actora, que era homoxeneizar a data na que se resolveu a súa incapacidade por parte do INSS, non é admisible.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 18903/111

Sentenza nº 207 do 30 de setembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 183/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA (danos ocasionados nun muro de peche por filtracións de auga)

Expte(s): 7382/243

Contía: 6.456,80 €





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

Esta sentenza, que é firme por contía, desestima o recurso e confirma a resolución municipal impugnada. O obxecto do recurso constituía a resolución ditada nun expediente por responsabilidade patrimonial no que se causaran danos materiais nun muro de peche de titularidade privada pola escorrentía de auga causada por un elemento construtivo de titularidade municipal.

A sentenza considera adecuada a valoración dos danos efectuada pola resolución xa que unha partida reclamada e valorada pola parte actora resulta excesiva, ao tratarse de material do propio muro que sería alomenos parcialmente recuperable para a súa reconstrución, polo que excluída esa partida a cantidade indemnizada polo Concello resulta axustada a dereito.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 18990/111

Sentenza nº 208 do 30 de setembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 190/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA (danos persoais cando circulaba co seu patinete)

Expte(s): 7497/243

Contía: 15.370,52 €

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso e confirma a resolución administrativa ditada no procedemento.

A demandante sufriu un accidente cando circulaba a bordo dun patinete con asistencia eléctrica na rúa Castaña, por mor da existencia dun defecto no pavimento. Reclamaba 15.370,52 €. A sentenza considera adecuada a solución da resolución administrativa, estimatoria parcial, con base na levedade dos danos corporais sufridos pola demandante e o proceso de sanidade da mesma.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 19341/111

Decreto nº 48 do 9 de outubro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 278/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA por danos en vehículo

Expte(s): 7641/243

Esta resolución, firme, acorda a desistencia da parte actora e con ela, a terminación do procedemento. Relaciónase cun expediente de responsabilidade patrimonial por danos materiais nun vehículo (7641/243).

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 19124/111

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 21 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sentenza nº 223 do 16 de outubro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 219/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo, de reclamación de RPA (danos en vehículo)
Expte(s): 7431/243
Contía: 7.860,27 €

Sentenza (firme) que desestima o RCA interposto polos tres ocupantes do vehículo accidentado, contra a desestimación por silencio da RPA presentada ante o Concello na que reclamaban unha indemnización por danos persoais (7.201,40 €) e materiais (358,87 €) como consecuencia do accidente de tráfico padecido polo mal estado dunha tapa de rexistro de pluviais na estrada de Valadares.

O Concello resolveu a RPA inadmitindo a mesma por falta de lexitimación pasiva, en canto a tapa de rexistro non é de titularidade municipal, senón autonómica, tal e como constatou Aqualia.

A sentenza confirma a resolución municipal, á vista do expediente e da proba testemuñal do inspector de Aqualia que constatou que a tapa denunciada non forma parte da concesión municipal, nin foi Aqualia quen reparou a mesma.

A sentenza foi ditada sen imposición de custas, e contra a mesma non cabe interpoñer recurso.

Darase conta desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

7.- Contencioso. Expediente nº 17992/111

Sentenza nº 193 do 21 de outubro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 326/2024
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución do 30/09/2024 ditada en expediente de RPA
Expte(s): 6493/243
Contía: 68.001,48 €

A sentenza, que non é firme ao ser susceptible de recurso de apelación:

- Desestima o recurso interposto por ALTHENIA SLU fronte a resolución de 30/09/2024 do Concello que estimou a reclamación de responsabilidade patrimonial declarando a responsabilidade da recorrente como adxudicataria do servizo público de mantemento das zonas verdes, pola caída o 08/07/2020 no carril bici situado na Avenida de Castelao a causa dunha substancia esvaradía (resina dunha árbore).
- Condena á recorrente ao pago das custas procesuais co límite máximo de 600 euros máis IVE.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio.

8.- Contencioso. Expediente nº 19086/111

Auto nº 96 do 23 de outubro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 213/2025
Demandante/Recorrente: Particular





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos por fochanca)

Expte(s): 7571/243

Esta resolución, firme, declara a terminación do procedemento polo recoñecemento na vía administrativa das pretensións da parte recorrente. Púxose en coñecemento do Xulgado antes da celebración da vista a estimación da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos nun vehículo, amosando conformidade a parte actora.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 18709/111

Auto nº 201 do 28 de outubro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 135/2025

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA (filtracións de auga)

Expte(s): 7504/243

Contía: 617,10 €

Auto firme polo que se declara terminado o procedemento e se ordena o arquivo ante a satisfacción por parte da codemandada Telefónica de España SAU das pretensións obxecto deste preito pola parte actora, consistentes na indemnización por danos padecidos nun inmovble da súa titularidade con ocasión das filtracións padecidas a través dunha arqueta de Telefónica (non municipal) en mal estado.

Non se fai especial pronunciamento en canto ás custas causadas.

Darase conta desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

10.- Contencioso. Expediente nº 19211/111

Sentenza nº 197 do 30 de outubro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 259/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA (danos por caída na vía pública)

Expte(s): 7473/243

Contía: 1.480,00 €

A sentenza que é firme: 1º) desestima o recurso presentado contra a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial, posteriormente desestimada expresamente, polos danos que o recorrente reclamou con posterioridade á caída na rúa Padre Seixas núm. 26 o día 6 de decembro de 2023. No FD 2º razoa que da valoración conxunta da proba non quedou acreditada a relación de causalidade entre a caída e os danos reclamados; e 2º) condena en custas ao recorrente co límite máximo de 300 euros + IVE.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio.

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 23 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

11.- Contencioso. Expediente nº 18607/111

Sentenza nº 199 do 30 de outubro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 130/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo, da reclamación de RPA (caída na vía pública)

Expte(s): 6665/243

Contía: 4.072,90 €

A sentenza, firme e sen condena en custas, desestima o recurso contra a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos padecidos polo reclamante con motivo dunha caída entre as rúas Montero Ríos e Concepción Areal (nas proximidades á entrada ao edificio administrativo da Xunta de Galicia). Razo a no FD 2º que non quedou acreditado o lugar exacto da caída, e que nesa zona conflúen as titularidades de diversas administracións sobre os distintos espazos: Xunta de Galicia, Autoridade Portuaria e Concello, polo que non quedou acreditada a Administración responsable.

12.- Contencioso. Expediente nº 16617/111

Sentenza nº 238 do 30 de outubro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 361/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída cando transitaba pola grada que dá acceso á rúa Vía Norte na Praza superior do Centro Comercial Vialia

Expte(s): 6890/243

Contía: 43.656,58 €

Sentenza firme que foi ditada en execución doutra do TSXG que resolve a apelación presentada por ADIF pola que se revogaba a sentenza do XCA núm. 2 de Vigo, desestimatoria do RC-A interposto por unha caída na cuberta (praza) do CC Vialia da demandante que padeceu os danos da caída.

A pesar de non comparecer no RC-A principal relativo á reclamación principal da demandante, ADIF interpuxo recurso de apelación contra a sentenza ditada polo xuíz de instancia. Ese recurso foi resolto polo TSXG de xeito que "Se estima la apelación interpuesta por ADIF y la adhesión articulada por Dna. Esmeralda, contra la S. de 25-4-24 del Juzgado num. 2 de Vigo, en PO 361/23, que se anula, retro trayéndose las actuaciones a fin de que por el Juzgado "a quo" se dicte pronunciamiento expreso sobre las causas de inadmisibilidad del recurso respecto de ADIF del art. 69 a) y c) LJCA, con razonamiento correcto de valoración de la prueba sobre la titularidad del bien; sin hacer especial pronunciamiento sobre las costas."

O XCA núm. 2 de Vigo dita agora nova sentenza desestimatoria novamente da pretensión da actora, indicando os motivos desa inadmisión e recollendo que ADIF non foi parte demandante e tampouco demandada, a pesar de ser emprazada, recollendo que tampouco se debería ter admitido o recurso de apelación por falta de lexitimación. Engade que "nos resulta imposible especificar las causas de inadmisión del recurso contencioso administrativo respecto del ADIF, como se nos pide en la referida STSJG, sencillamente porque nuestro pronunciamiento no ha sido ese, no ha habido inadmisión de ningún recurso contencioso administrativo. (...) tenemos un recurso contencioso administrativo interpuesto exclusivamente frente al Concello de Vigo, porque



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 24 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

exclusivamente respecto de esta Administración se ha tramitado la necesaria reclamación previa. No hubo, ni hay constancia de que se hubiese dirigido reclamación alguna frente al ADIF. Tenemos, sin embargo, una demanda en la que indebidamente se amplía su ámbito subjetivo, con petición de condena también al ADIF. El juzgado no ha tenido por demandada al ADIF, no podemos hacerlo, porque ni el recurso contencioso administrativo se ha interpuesto frente a él (desviación procesal) y porque no se ha acudido a la vía administrativa previa."

Na sentenza afirmase que "el Concello de Vigo no es titular del espacio donde dice la recurrente que ha sufrido su caída, las gradas que separan la plaza peatonal del centro comercial "Vialia", de la calle Vía Norte, en Vigo. Que es bien distinto. Y rechazamos la legitimación pasiva de la demandada sobre la base de la escritura de obra nueva y agregación de la parcela, donde se ubica el centro comercial Vialia, del informe técnico de licencia de primera ocupación, del certificado final de obra, y de la documentación catastral presentada por el Concello de Vigo. Es carga de la actora probar que el espacio respecto del que reclama es titularidad de la Administración frente a la que interpone el recurso contencioso administrativo. Si no lo acredita, como ha sido el caso, su demanda se desestima, como ha sido el caso, sin necesidad de ahondar en la motivación sobre si el espacio pertenece a la Diputación de Ourense, o a cualquier otra Administración".

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 19280/111

Sentenza nº 202 do 6 de novembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 275/2025

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución de 20/05/2025 estimatoria de reclamación RPA

Expte(s): 7132/243

Contía: 1.098,11 €

O recurso interponse pola UTE Acciona e Mantén SL contra unha resolución municipal dunha reclamación de responsabilidade por unha caída na que se imputaba a responsabilidade á contratista porque considera que o defecto existente no tramo de baldosas no que se produciu a caída é de carácter estrutural, e polo tanto non está obrigada ao seu mantemento.

A sentenza desestima o recurso, con custas para o demandante, ao entender que os defectos das baldosas están cubertos pola obriga de mantemento e reposición que establece o contrato, sen que se comunicase ao Concello que se trataba dun defecto estrutural senón que o que se comunicou foi que xa fora reparado pola contratista.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-RPA.

14.- Contencioso. Expediente nº 19115/111

Sentenza nº 206 do 12 de novembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 245/2025

Demandante/Recorrente: Particular

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 25 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Obxecto: Resolución ditada o 23/01/2025 desestimatoria da reclamación de RPA (danos por caída)
Expte(s): 6429/243
Contía: 2.133,50 €

A sentenza, firme, desestima o recurso, con imposición de custas á demandante, ao considerar que non está acreditada a relación de causalidade entre a causa da caída e o estado do sumidoiro (nin testemuñas, nin policía local), polo que se descoñecen as circunstancias da caída.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-RPA.

15.- Contencioso. Expediente nº 19579/111

Auto nº 114 do 20 de novembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 321/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA (danos en vehículo ao seren golpeado por unha arqueta de saneamento)
Expte(s): 7579/243

Esta resolución declara terminado o procedemento polo recoñecemento total na vía administrativa das pretensións da parte recorrente, sen impoñer as custas. O expediente de orixe é un expediente de responsabilidade patrimonial por danos causados a un vehículo.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe de coñecer do resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 19441/111

Sentenza nº 214 do 27 de novembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 321/2025
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución ditada en expediente de RPA
Expte(s): 7852/243
Contía: 2.546,22 €

A sentenza, firme e sen imposición de custas, desestima o recurso interposto contra a resolución do Concello de 21/07/2025 de inadmisión a trámite, por falta de lexitimación pasiva, da reclamación do recorrente polos danos ocasionados ao seu vehículo ao golpearse cunha chapa metálica no camiño Artego-As Maquías en Gondomar, que declara conforme a dereito.

No FD 2º razoa a desestimación do recurso na falta de proba, unicamente documental. O atestado da Garda Civil localiza o camiño no termo municipal de Gondomar e as coordenadas recollidas non coinciden con ningún lugar concreto do mapa.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio.

17.- Contencioso. Expediente nº 19372/111

Sentenza nº 215 do 27 de novembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 290/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 26 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución desestimatoria de reclamación de RPA (danos sufridos pola súa filla ao caer dunha tirolina sita en parque infantil)

Expte(s): 6975/243

Contía: 15.619,29 €

A sentenza, firme e sen condena en custas, desestima o recurso contra a resolución de 03/06/2025 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e prexuízos padecidos pola filla menor da recorrente, logo da caída da plataforma da tirolina instalada no parque infantil da praza de Maruja Mallo, por concluír da valoración conxunta da proba practicada a ausencia de responsabilidade do Concello na causación do dano.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio.

18.- Contencioso. Expediente nº 19127/111

Sentenza nº 226 do 17 de outubro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 191/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo desestimatoria de recurso de reposición formulado en expediente sancionador

Expte(s): 330832/280

Contía: 300,00 €

A sentenza, firme, desestima o recurso interposto contra a resolución da concelleira de Seguridade de 24/03/2025 que confirma a sanción imposta de 300 euros e retirada de 2 puntos por circular con exceso de velocidade na Estrada Clara Campoamor (84km/h estando limitado a 50Km/h).

Nos FD segundo e terceiro razoa os motivos polos que non procede a nulidade radical do procedemento: conclúe que o vial no que foi detectada a infracción é un tramo urbano, ao que lle resulta aplicable o límite de velocidade do artigo 50 do RD 1428/2003, de 21 de novembro, estando o tramo sinalizado sen que sexa esixible a colocación de sinais de limitación de velocidade cada 100m ou logo de cada intersección.

Condena en custas ao recorrente co límite máximo de 100 euros.

Deben coñecer o resolto os servizos de Seguridade e de Recadación Executiva.

19.- Contencioso. Expediente nº 19173/111

Sentenza nº 137 do 30 de outubro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Ferrol

Abreviado: 83/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do 25/03/2025, ditada en expediente sancionador

Expte(s): 331067/280

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 27 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sentenza (firme) do Xulgado C-A núm. 1 de Ferrol, pola que se desestima o RC-A interposto pola actora contra sanción de tráfico do Concello de Vigo, por estacionamento de vehículo en zona de vao (taller de vehículos) en Vigo.

Sostén a recorrente que o vao existente na entrada do taller non era o oficial, nin había sinalización de liña amarela no bordillo e que a sinal foi instalada despois do aparcamento da actora polos responsables do taller.

O Concello opúxose alegando que o taller consta con tres accesos e tres vaos, con sinais de vao nas portas de acceso e con licenza en vigor, aportando como proba informe do servizo de tráfico municipal; e que o sinal vertical é preferente ao sinal horizontal do bordillo, e o sinal vertical non ten que dispoñer duns requisitos de forma específicos para a súa efectividade.

O xulgado desestima a pretensión por canto "No ha quedado acreditado, más que por la afirmación de parte, que la señal fuese colocada una vez aparcado el vehículo. Si bien la puerta del garaje estaba pintada en forma de graffiti, sí se distingue la señal. Es evidente, por el cartel, que el bajo se dedicaba a taller de reparación de vehículos, con tres accesos y tres vados diferentes. 2. La efectividad de la señal R-308e no está condicionada a que sea acompañada por la señal M7,8, pintado en amarillo. Puede existir la una sin la otra, vados en una vía en la se permita la parada y estacionamiento y sitios con prohibición de parada y estacionamiento que no precisarían vado".

A sentenza foi ditada con expresa imposición de custas (80 euros).

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Seguridade para o seu coñecemento e efectos.

20.- Contencioso. Expediente nº 18876/111

Sentenza nº 214 do 9 de outubro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 181/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada polo Tribunal Económico-Administrativo en data 31/01/2025

Expte(s): 5655/550 e 411210/700

Contía: 11.652,25 €

Sentenza (non firme e recorrida en apelación) que estima o RC-A interposto contra o acordo do TEAL de 31/01/2025, estimatorio en parte da reclamación económico-administrativa do demandante recaída en materia de cotas do IBI, interposta contra o acordo de desestimación do recurso de reposición dirixido contra o requirimento de pago de débeda en calidade de sucesor tributario (demandante).

A sentenza recolle como fundamento principal estimatorio do RC-A a prescrición da débeda na súa integridade porque constándolle ao Concello, dende o ano 2012, o falecemento do obrigado, debeu proceder na forma indicada no art. 48.4 LXT ou tamén art. 27.4 da Ordenanza fiscal xeneral: "A Administración Tributaria do Concello poderá comprobar e rectificar ou domicilio fiscal declarado polos obrigados tributarios", de xeito que debía ter realizado unhas mínimas comprobacións sobre a identidade en canto tivo coñecemento dese falecemento e non dirixir as notificacións ao falecido, sen que procedera neste caso de falecemento a publicación edictal.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 28 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

Recolle a sentenza que a actora obrou mal no relativo á ausencia de comunicación á administración de dito falecemento, pero o seu incorrecto proceder non valida a negligencia da demandada, como parece colixirse da argumentación da resolución do TEAL. A indebida actuación da actora, como sinala o art. 27.5 da Ordenanza fiscal xeneral, constitúe infracción tributaria pero non produce o efecto de sanar os vicios en que incorrese a demandada no procedemento executivo que seguiu fronte ao seu pai, falecido fai máis de quince anos, nin fai xurdir solidariedade algunha no pago das débedas contraídas por este obrigado.

Non se efectúa imposición de custas na medida en que os motivos da desconformidade a Dereito da actuación impugnada, se formularon de oficio polo xulgador. Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de apelación.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Recadación Executiva e ao TEA para o seu coñecemento.

21.- Contencioso. Expediente nº 18893/111

Sentenza nº 201 do 5 de novembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 228/2025

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 14/03/2025 desestimatoria dos recursos de reposición formulados contra outras do 13/03/2024, 20/05/2024, 09/07/2024, 17/09/2024, 12/11/2024 e 10/01/2025 aprobatorias das liquidacións trimestrais ano 2024 en concepto de custos de operación e mantemento da infraestrutura de captación de auga do encoro de Eiras

Expte(s): 3260/500

Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso e impón as custas do procedemento ao Concello de O Porriño.

O obxecto do recurso o constitúe a resolución desestimatoria do recurso interposto contra as resolucións de liquidación de varios bimestres do ano 2024 e xaneiro-febreiro do 2025 en concepto de custes de recuperación do investimento na Canle de Eiras.

A sentenza recolle uns antecedentes completos da execución da infraestrutura, e dos abonos por parte do Concello de O Porriño de liquidacións anteriores, indicando que foi a partires do exercicio 2013 que comezou a impugnar tales liquidacións, sen ingresalas.

Menciónanse tamén os numerosos antecedentes con sentenzas firmes e desestimatorias todas elas que confirman o axuste a dereito destas liquidacións. Rexéitase, con relación ao exposto nesta demanda que esta débeda deriva dun acordo plenario, polo que a alegación de que o Concello de O Porriño non é suxeito pasivo non se admite, xa que non se aplica a LXT.

E no tocante ao fondo do asunto, igualmente rexeita a alegación do Concello demandante ao limitarse estas liquidacións a ser actos aplicativos dunha fórmula de cálculo que constitúe un acto consentido e firme.

A Dirección de Ingresos debe coñecer do resolto.

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 29 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

22.- Contencioso. Expediente nº 18939/111

Sentenza nº 232 do 23 de outubro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 188/2025

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de imposición de multa por incumprimento de orde de execución de limpeza de maleza

Expte(s): 23363/310

Contía: 300,00 €

Sentenza firme que desestima o RC-A interposto contra a multa coercitiva (300 euros) imposta á actora por non dar cumprimento á orde de limpeza do talude sito no Barrio do Cura, que linda cos edificios do Berbés.

Todo o alegado pola actora refírese á improcedencia da orde de limpeza do talude por varios motivos (principalmente por non ostentar a titularidade do mesmo); a sentenza desestima o recurso por canto todo o alegado respecto á multa debería terse alegado contra a orde de limpeza, a cal a data de hoxe é firme; a multa foi ditada con pleno axuste e non se advirten vicios de procedemento que motiven a súa nulidade.

Contra esta sentenza non cabe interpoñer recurso, e a mesma foi ditada con expresa imposición de custas á demandante (100 euros).

Darase traslado desta resolución ao servizo de Medio Ambiente para o seu coñecemento.

23.- Contencioso. Expediente nº 18906/111

Sentenza nº 618 do 29 de outubro de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 231/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Apelación da sentenza nº 93 do 22 de abril do 2025 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Ordinario 267/2024 (expediente nº 17764/111)

Obxecto do recurso de orixe: Resolución do 08/07/2024, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 04/06/2024 que acordou a baixa na Escola Municipal de Artes e Oficios

Expte(s): 1657/613

Contía: Indeterminada

Sentenza que desestima o recurso de apelación interposto pola actora, alumna da EMAO, contra a sentenza do XCA núm. 2 de Vigo que desestimaba a súa pretensión consistente na nulidade do decreto polo que se lle daba de baixa da EMAO polo seu comportamento.

A sentenza do TSXG confirma a sentenza de instancia, recolle que a pesar de non incluír o correspondente trámite de audiencia non se produciu indefensión material xa que "aunque el precepto del Plan de Estudios aplicado prevé ese trámite, no puede obviarse que en este caso, según resulta de los informes indicados, ya desde principios de curso se advirtió a la interesada que su actitud podría acarrearle esa baja, y ello tanto por la profesora encargada del curso como por el jefe de estudios con quien consta que tuvo una audiencia a raíz de la cual pareció haber cierta mejoría en su comportamiento, pero reiterándose a final de curso, la actitud de la recurrente que llevó a adoptar la decisión, a la vista de que se trataba ya de una situación que no



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 30 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

se podía reconducir, y que con su comportamiento la actora estaba incomodando al resto de alumnos hasta el punto de manifestar éstos su intención de abandonar si continuaba la demandante . Es por ello que ese trámite de audiencia en el procedimiento antes de adoptar la decisión no resulta de la relevancia que manifiesta la recurrente".

Támén resolve a sentenza a cuestión do erro na valoración da proba alegado pola apelante indicado que "Así, tal y como se valoró por el magistrado de primera instancia, la actitud de la demandante sí repercutía negativamente en el resto del grupo, y el hecho de que se hubiera tomado la decisión de darla de baja al final del curso y no antes, obedece, como se refleja en los informes, a que hubo un período intermedio tras haber tenido una audiencia con el jefe de estudios en el que moderó su comportamiento, aprovechando la oportunidad que al efecto se le dio, y constando que por parte de la profesora y de sus compañeros recibió apoyo al menos mediante palabras de ánimo que se traslucen en las conversaciones, pero oportunidad que finalmente desaprovechó, pues se informa que al final del curso volvió a comportamientos anteriores, constando en los mensajes aportados ya del mes de mayo de 2024 actitudes amenazantes e insultantes contra otros compañeros."

A sentenza foi ditada con expresa imposición de custas á apelante (1000 euros) e contra a mesma pode presentarse recurso de casación.

Darase traslado desta sentenza á xefatura do servizo de Educación para o seu coñecemento.

24.- Contencioso. Expediente nº 18731/111

Sentenza nº 201 do 22 de setembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 153/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución desestimatoria de recurso de reposición formulado contra outra sobre concesión de axuda de aluguer, programa contra o desafiuzamento e de emerxencia social

Expte(s): 264215/301

Contía: 1.750,00 €

Esta sentenza inadmite o recurso interposto pola actora. Non é firme por mor da súa inadmisión.

A demandante pretendía o recoñecemento do dereito a percibir un importe superior ao percibido na axuda social que se lle concedera. A sentenza non resolve sobre o fondo do asunto e recoñece que se superou o prazo establecido para a presentación de recurso, polo que procede a inadmisión do recurso.

A área de Benestar Social debe de coñecer do resolto.

25.- Contencioso. Expediente nº 17364/111

Sentenza nº 356 do 16 de outubro de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7156/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Apelación da sentenza nº 98 do 20 de maio do 2024 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Ordinario 226/2023 (expediente nº 16103/111)

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 31 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Obxecto do recurso de orixe: Resolución da XGL do Concello de Vigo, adoptada en sesión do 01/06/2023, pola que se acordou desestimar a solicitude na que interesa o reequilibrio económico do contrato de “Servizo de Axuda no Fogar” adxudicado o 24/09/2020 e, de forma subsidiaria, a súa resolución
Expte(s): 197921/301
Contía: Indeterminada

A sentenza que se está a comunicar non é firme, pero contra a mesma só é posible interpoñer recurso de casación.

A Sala do TSXG rexeita o recurso de apelación interposto pola representación da empresa contratista Servisar -adxudicataria do contrato do servizo de axuda no fogar- e confirma a de instancia.

O obxecto do recurso na instancia era a resolución da XGL do 01/06/2023 que desestimou a solicitude de reequilibrio do contrato. Os argumentos da Sala son múltiples. Primeiramente, rexeita o alegato de que o incremento do IPC resultase imprevisible, xa que cando o contrato se perfecciona en setembro do 2020, a pandemia se declarara en marzo dese ano, polo que non é imprevisible o impacto desa pandemia no incremento do IPC ou sobre outras variables macroeconómicas.

En segundo lugar, o MEI que incrementa as cotizacións é unha medida legal, indispoñible, que afecta a este contrato igual que ao conxunto de relacións laborais por conta allea, e a porcentaxe é moi reducida como para considerala relevante para a ruptura do equilibrio do contrato.

Tamén se critica que nun suposto no que se alega desequilibrio, a proba pericial da empresa se cinguise a un período da vida do contrato, e non á súa totalidade. Outro extremo alegado pola representación do Concello e atendido pola Sala o constitúe o feito de que se no momento no que se prorroga o contrato xa se estaba a producir ese desequilibrio, porque a contratista non o puxo de manifesto ao Concello.

A Sala igualmente expón e motiva con relación á teoría do risco imprevisible que nin a pandemia se pode considerar tal, porque se declarara con anterioridade á formalización do contrato, nin tampouco as consecuencias sobre a inflación que o conflito de Ucraína puido ter. Isto se fai de modo coherente co criterio exposto por outras Salas de Tribunais Superiores, sobre o carácter do risco imprevisible e as súas consecuencias tanto da pandemia como da guerra en Ucraína, citando dúas de Castela e León e da Comunidade Valenciana.

A área de Benestar Social e de Contratación e Novos Proxectos deben coñecer do resolto.

26.- Contencioso. Expediente nº 18081/111

Sentenza nº 263 do 20 de novembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 366/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución da XGL de 13/09/2024 desestimatoria de recurso de reposición contra resolución de 07/06/2024 (Prórroga expresa polo período de 1 ano do contrato do servizo de axuda no fogar)

Expte(s): 263181/301

Contía: Indeterminada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 32 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso con imposición de custas á parte actora e confirma o acto administrativo impugnado.

A resolución reitera que se trata dunha prórroga ordinaria, e que non concorren causas de nulidade nin de anulabilidade. Suliña que non é admisible a idea da contratista demandante de asociar prórroga forzosa ordinaria con danos e prexuízos. A proba pericial practicada a instancia da demandante se considera inidónea polo Xulgado, porque non valorou o período completo de contrato.

O prego contempla unha duración máxima do contrato, e das súas prórrogas, polo que se axusta ao art. 29.6 LCSP. Remata a súa motivación a sentenza co pronunciamento de que é tamén o propio prego, con transcripción da súa cláusula 29.3 do PCAP quen establece a asunción por parte do adxudicatario das melloras nas condicións de traballo das súas persoas empregadas, sen que sexa posible repercutir tales alteracións sobre o importe a facturarlle ao Concello.

A área de Benestar Social debe coñecer do resolto.

27.- Contencioso. Expediente nº 17144/111

Sentenza nº 412 do 28 de novembro de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7107/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Apelación da sentenza nº 63 do 21 de marzo do 2024 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Ordinario 211/2023 (expediente nº 16075/111)

Obxecto do recurso de orixe: Resolución da XGL do 20/04/2023 que acordou prorrogar de forma expresa por un período de 1 ano, o contrato de servizo de axuda no fogar

Expte(s): 247953/301

Contía: Indeterminada

A sentenza desestima o recurso de apelación interposto pola sociedade mercantil recorrente contra a sentenza do XCA núm. 2 de Vigo que desestimou o recurso interposto contra o acordo da XGL do Concello de Vigo de 20/04/2023 (no PO 211/2023), que prorrogou o contrato de servizo de axuda no fogar (expediente 247953/301) polo prazo dun ano nas condicións inicialmente pactadas, decisión que confirma a sala con imposición das custas causadas á apelante co máximo de 1.000 euros.

No FD 3º razoa os motivos polos que procede a desestimación do recurso, con cita da STS 4790/2025, de 27/10/2025 que concluíu -a diferenza deste caso- que a prórroga non foi axustada a dereito polo que a anulación non podía comportar que se abonara o servizo con arrego ao prezo do contrato senón polo custe real, ao estar en presenza duns danos e perdas que se terían que aboar en concepto de indemnización.

A sentenza non é firme por ser susceptible de recurso de casación.

Debe coñecer o resolto o servizo de Benestar Social.

28.- Contencioso. Expediente nº 19229/111

Sentenza nº 42 do 4 de novembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 33 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Abreviado: 238/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación efectuada o 04/11/2024 referente ás cantidades adebedadas ao seu esposo

Expte(s): 45599/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme por contía, non impón as custas do procedemento e estima parcialmente a demanda.

O obxecto da mesma o constituía a desestimación presunta das cantidades reclamadas pola representación dun funcionario do SPEIS, que desenvolveu durante os anos 2020 a 2024 funcións de cabo ou sarxento. Resolta a solicitude e abonadas as cantidades recoñecidas na resolución con anterioridade ao acto da vista, a actora ampliou a demanda.

A sentenza rexeita a pretensión non recollida na demanda de que se incluíse prorrataada as pagas extraordinarias dentro do concepto reclamado. Estima a demanda só no tocante ao diferente número de días de gardas que figuraban en dous informes municipais, polo que se incrementa en varios días o número de gardas realizadas e conseguintemente a cantidade a completar sobre a xa abonada.

A área de RRHH e o SPEIS deben coñecer do resolto e proceder á execución da sentenza co abono da diferenza e das cotizacións procedentes.

29.- Contencioso

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección n.º 4

Recursos de casación

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Casación - Sentenzas ditadas polo TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección n.º 1 en Recursos de Apelación

Obxecto dos recursos de orixe: Retribucións. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extraordinarias durante os últimos 5 anos. Policía Local.

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría	Recursos de casación			Recursos de apelación			Recursos de orixe			
	Proced.	Sentenza Núm-Data		Proced.	Sentenza Núm-Data		Ref. Asesoría	Proced. Abreviado	XC-A Vigo	Exptes. Admvos
14628/111	1694/23	1197	29/09/25	342/22	901	30/11/22	13972/111	297/21	1	35363/220 38149/220 38266/220
14640/111	5929/23	1204	29/09/25	356/22	461	31/05/23	13977/111	294/21	1	35363/220 38149/220
14645/111	1091/23	1289	15/10/25	352/22	952	09/12/22	13930/111	288/21	1	35363/220 38149/220

Estas sentenzas resollen e estiman os recursos de casación promovidos polo Concello de Vigo contra as sentenzas do TSXG, sen imposición de custas. As sentenzas son firmes.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

As resolucións estiman tamén o recurso de apelación interposto polo codemandado, atendendo ás dúas cuestións de interese casacional sobre as que se pronuncia. Un deles é con respecto ao prazo de prescrición dos créditos fronte ás administracións públicas locais, entendendo que tal prazo é de catro anos, e non de cinco como resolvera o TSXG.

A segunda das cuestións é a relativa ao dereito á percepción de retribucións pola prestación de servizos nocturnos ou festivos. Se se prestan fóra da xornada ordinaria de traballo por quendas non se integran na nómina como un concepto estable, e se retribuirán como plus ou gratificación, de modo que só se retribúen se se prestan, o que non alcanza ás vacacións, permisos, licencias ou situacións de incapacidade temporal.

Se o que acontece é que se dentro do réxime a quendas o servizo o ten que prestar en horario nocturno ou festivo, e forman parte esas horas nocturnas e festivas da súa xornada ordinaria, procede o abono, e isto é o que se unifica, casa e establece como doutrina. Pero sen recoñecer a estes conceptos unha identidade de seu como "complementos", como fixera o TSXG e se cuestionaba.

Este criterio, xa xeral, e especialmente incidente sobre o persoal que presta servizos mediante quendas, ten que terse en conta pola área de RRHH con carácter xeral dende este momento, e atender á súa extensión tamén ao persoal laboral municipal por atoparse a súa estrutura retributiva equiparada ao do persoal funcionario municipal.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

B. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional social

1.- Social. Expediente nº 17361/111

Sentenza nº 4392 do 30 de setembro de 2025

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 5253/2024

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Suplicación – Sentenza nº 203/2024 do 22 de maio do 2024 ditada polo Xulgado do Social nº 6 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 356/2023 (Expediente nº 15872/111)

Obxecto do recurso de orixe: Recoñecemento de dereito e cantidades deixadas de percibir con motivo da situación de IT

Expte(s): 41398/220

Sentenza que desestima o recurso de suplicación presentado polo Concello de Vigo contra a sentenza do XS núm. 6, estimatoria parcial da demanda presentada por empregado municipal (persoal laboral-conserxe instalacións deportivas), e pola que se lle recoñecían ao traballador a cantidade total de 5.442,3 euros brutos en concepto de salarios, mailos xuros por mora ao tipo do 10 % desta cantidade que constitúe salario.

Tanto o Concello como o demandante presentaron recurso de suplicación contra a sentenza do XS núm. 6 de Vigo. O Concello baseou o seu recurso (1) na revisión dos feitos probados referida aos conceptos retributivos previstos nas nóminas, respecto a que o TSXG considera que "las nóminas que se invocan no evidencian error por parte del Juzgador de instancia que, en consonancia con lo expuesto por la parte actora, entendió que el concepto "gratificaciones" que

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 35 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

se menciona en varias de las nóminas responde a esa retribución de la nocturnidad y festividad.e na censura xurídica"; e (2) na censura xurídica consistente na infracción dos arts 22 EBEP e 1-6 do RD 861/1986, xa que "la nocturnidad y festividad ya se retribuyen a través de esos complementos, sin que existan como conceptos retributivos autónomos", respecto a que o tribunal considera que "este argumento constituye una cuestión nueva introducida por la recurrente en suplicación" que non ten cabida en suplicación; e (3) na infracción do art 15 do convenio regulador, art. 50.3 EBEP e 38 ET por canto o traballador tivo posibilidade de desfrutar no ano 2022 as vacacións de 2021, respecto a que o Tribunal considera que "la única manera de garantizar el derecho del trabajador a las vacaciones anuales retribuidas previsto en el artículo 38 ET, en el artículo 7 de la directiva 2003/88 y en el artículo 31 de la Carta Social Europea es a través de la compensación económica que se reclama".

O recurso de suplicación do empregado municipal se fundamenta en que o xulgador errou na lectura dos calendarios aportados e solicita unha revisión fáctica da proba, que é rexeitada por non advertirse erro palmario ou evidente na sentenza recorrida; tamén alega que non respectou o seu dereito a percibir como compensación polas vacacións non desfrutadas a "retribución normal" por canto derivou, dito erro, nun cálculo non axustado aos días de vacacións. Este motivo tamén foi rexeitado por canto prevalece o informe de cálculos aportado polo Concello, e que en todo caso ese resultado supón unha diferenza mínima da suma reclamada.

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas, polo que o demandante solicitou aclaración da sentenza respecto ás custas solicitando a imposición das custas procesuais ao Concello. Contra esta solicitude o Concello presentou escrito de alegacións, resoltos ambos escritos mediante Auto do 21 de outubro de 2025 polo que se rectifica a sentenza de xeito que se inclúe un novo parágrafo na mesma no que se indica que as custas "han de ser impuestas a la parte vencida, incluyéndose en las mismas la cantidad de 750 euros en concepto de honorarios del Letrado de la parte impugnante (artículo 235 LJS)".

Darase traslado destas resolucións a RRHH para o seu coñecemento e efectos.

2.- Social. Expediente nº 17847/111

Sentenza nº 4433 do 1 de outubro de 2025

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 6188/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Suplicación – Sentenza nº 393/2024 do 17 de outubro do 2024 ditada polo Xulgado do Social nº 4 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 375/2023 (Expediente nº 15964/111)

Obxecto do recurso de orixe: Reclamación de cantidade de indemnización por xubilación anticipada

Expte(s): 41669/220

Esta sentenza estima o recurso interposto pola recurrente, que tivo a condición de traballadora municipal e reclamaba o dereito á percepción do premio de xubilación, pretensión desestimada na instancia.

A Sala do TSXG resolve en sentido idéntico a outros asuntos desta mesma natureza, concluíndo que este incentivo ou premio carece da natureza de retribución. Trátase dunha prestación, que non vulnera o principio de xerarquía normativa, e que como fonte, nace do propio convenio colectivo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 36 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

Entende e resolve a procedencia do abono do premio, por importe de 3.600 euros (equivalencia posto que o convenio o fixou en pesetas).

A sentenza non é firme dende o punto de vista formal, pero a interpretación dos convenios colectivos non é materia susceptible de casación, polo que o acceso a ese tipo de recurso non é viable.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

3.- Social. Expediente nº 17646/111

Sentenza nº 441 do 7 de novembro de 2025

Xulgado do Social nº 6 de Vigo

Ordinario: 754/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades (tutor en Obradoiros de Emprego)

Sentenza que desestima a demanda presentada por un traballador dos obradoiros de emprego contra o Concello reclamando o carácter fixo ou subsidiariamente, indefinido non fixo, por ter sido contratado en dous períodos concatenados, por 12 meses cada un deles, como titor de obradoiros; e solicitaba a equiparación salarial a un funcionario de carreira do grupo A2 por importe de 5.752,75 euros; e reclama unha sanción municipal de 10.000 euros por fraude e abuso na contratación temporal por parte do Concello.

A sentenza desestima a pretensión do actor por canto (1) hai ruptura do vínculo contractual constatada pola propio renuncia do traballador ao primeiro contrato, (2) non ocupou un posto de carácter estrutural xa que prestou servizo en relación a un programa autonómico, non competencia municipal, (3) a contratación temporal está xustificada nestes casos e non se aprecia fraude na contratación temporal, (4) á vista da falla da existencia de fraude na contratación, non procede estimar tal pretensión, dado que o traballador é contratado ó abeiro dos programas e competencias da Administración Autonómica e a municipal, (5) non se practica proba que acredite que as funcións e responsabilidades que realizaba o demandante e as que realiza o funcionario co que pretende a equiparación sexan as mesmas.

Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de suplicación.

Darase conta desta resolución ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e á xefatura da área de RRHH para o seu coñecemento.

4.- Social. Expediente nº 16906/111

Auto nº 52 do 14 de novembro de 2025

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Ordinario: 97/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de cantidades, liquidación de vacacións dos anos 2020 e 2021 por razón de IT

Expte(s): 39026/220

Auto polo que se ten por desistido ao actor da súa demanda, xa que o actor non compareceu nin alegou xusta causa que motive a suspensión do acto do xuízo.

S.ord. 19/12/2025



Meses antes da data de sinalamento do acto da vista (14/11/2025), o Concello de Vigo resolveu favorablemente a reclamación de cantidades presentada na vía administrativa, que foi notificada expresamente ao demandante.

Darase traslado desta resolución a RRHH para o seu coñecemento.

5.- Social. Expediente nº 18283/111

Sentenza nº 502 do 19 de novembro de 2025

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Ordinario: 1074/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Contías en concepto de nocturnidade e festividade nos períodos de vacacións dos anos 2023 e 2024

Sentenza firme que estima de xeito parcial a reclamación do demandante ao Concello de 768 euros en concepto de nocturnidade e festividade en período de IT, vacacións e outros permisos entre agosto de 2023 ata agosto de 2024.

O Concello o día da vista xa recoñecera parcialmente a reclamación do traballador limitando a cantidade reclamada a 565,33 euros polo período comprendido entre o 31 de agosto de 2023 ao 31 de agosto de 2024.

A única cuestión xurídica a resolver neste preito é se as cantidades reclamadas anteriores ao 31/08/2023 están prescritas. O xulgado estima a excepción de prescrición municipal pois a reclamación administrativa previa data de data 31/08/2024 non se refería ao período reclamado neste procedemento senón ao período que xa foi recoñecido vía xudicial noutro procedemento.

A demanda por tanto é estimada parcialmente na cantidade xa recoñecida polo Concello, 565,33 euros, conforme ao disposto no art. 87.1 (feitos non controvertidos) en relación co art. 85.7 da LRXS.

Darase conta desta resolución á xefatura da Área de RRHH e ao servizo de Deportes para o seu coñecemento. Contra a mesma non cabe recurso.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 38 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(948).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2026” E DAS AXUDAS DE TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE “BONO-TAXI”. EXPTE. 289611/301.

Visto o informe xurídico do 10/12/2025 e o informe de fiscalización do 16/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/12/2025, asinado pola xefa de Benestar Social e o xefe da Área de Benestar Social, e conformado pola concelleira

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 39 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A Concelleira da Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá, mediante Resolución de data 03.12.2025 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2026)», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería delegada.

I.2. Para os efectos indicados na Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social.

Ademais, este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

I.3. A finalidade deste Programa de subvencións directas de carácter social é apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

No caso das axudas de transporte (“bono-taxi”), a finalidade é favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

I.4. Abeirase o seu procedemento de concesión en razóns de interese público, social e humanitario (Base nº 38 e ccdtes. das de execución dos orzamentos municipais). O outorgamento destas axudas sociais realizarase necesariamente de forma individualizada, previa valoración profesional dos/as traballadores/as sociais e por proposta da Comisión de Valoración, con estricta suxeición ás Bases reitoras do Programa, que se desenvolve no marco xurídico definido pola normativa aplicable ás axudas públicas e as Bases de execución do orzamento xeral municipal.

I.5. A L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, en vigor desde o 30.01.2021, modificou o Art. 2.2 da vixente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dando unha nova redacción á súa letra a), que quedou redactada como segue:

«Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 40 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial».

Así as cousas, enténdese que estas axudas de emerxencia municipais participarían desa natureza “asistencial” e, polo tanto, non terían xa a consideración propiamente de “subvencións” para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, en ausencia dunha normativa específica sobre este tipo de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico xeral de referencia.

I.6. Polo demais, o contido deste Programa para 2026 é, coas debidas actualizacións, idéntico ó do presente exercicio de 2025.

I.7. Canto ó seu financiamento, indicar que no programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación orzamentaria nº 480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” (1.300.000€ no proxecto de orzamentos/2026 aprobado inicialmente en sesión plenaria do 14.11.2025; BOPPO nº 222, do 19.11.2025) e tamén no funcional 2310 cóntase coa nº 780.00.00, destinada a “Melloras en fogares” (50.000€), con cargo á que se concederán axudas para a adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

I.8. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2026)», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 289611/301) e dispoñer a súa publicación no BOPPO.

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.300.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia e “bono-taxi” para o exercicio de 2026 e de 50.000€ con cargo á nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 41 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude do Servizo de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos/as funcionarios/as habilitados/as dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social.

QUINTO: Publicar este acordo no taboleiro electrónico de Anuncios e Editos do Concello de Vigo, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web municipal, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

SEXTO: Remitir á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información precisa sobre as axudas que se concedan con cargo a este Programa mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), indentificándoas coa clave “L” e a subclave 22».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(949).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO-ANO 2026. EXPTE. 7123/241.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/12/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en data 19 de setembro de 2025, ditou unhas instrucións para a planificación da contratación municipal, na que, entre outros extremos, requírese aos servizos e áreas municipais a remisión á Área de Contratación a relación dos contratos maiores que prevexan celebrar no ano 2026.

As distintas áreas e servizos municipais remitiron as súas propostas de contratos para o exercicio 2026, co fin de integralas na Planificación Anual do Concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

DA ELABORACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) regula a obriga das entidades que conforman o sector público de aprobar e dar a coñecer un plan anual de contratación. Así, o artigo 28.4 dispón que *“As entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 42 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

previsto no artigo 134 que, polo menos, recolla aqueles contratos que quedarán suxeitos a unha regulación harmonizada”.

Desta obriga legal xurde a oportunidade de racionalizar a contratación municipal, que carrega vantaxes tales como:

- Evitar os problemas derivados da falta de tramitación con tempo dos contratos que son continuidade doutros anteriores e resulta preciso encadealos, para garantir a continuidade na prestación.
- Evitar colapsos na Área de Contratación cando se acumulan varios contratos simultaneamente por falta de coordinación dos servizos xestores.
- Favorecer que os operadores económicos, potenciais licitadores, coñezan con antelación as necesidades institucionais que pretenden cubrirse mediante os contratos proxectados, de modo que, coa debida anticipación, poidan estudar e, no seu caso, preparar as correspondentes ofertas. Deste xeito poderá lograrse máis transparencia na contratación e acadar unha maior concorrência de licitadores o que redundará na obtención de mellores ofertas.
- Desenvolver unha visión estratéxica da contratación.
- Proporcionar información para unha xestión máis eficiente dos recursos.

Para elaborar o plan anual de contratación do Concello de Vigo (en adiante, PACC) a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal aprobou en data 19 de setembro de 2025 unhas “Instrucións para a planificación da contratación municipal”, solicitando dos servizos: *“os contratos maiores que prevexan celebrar no ano 2026, indicando os seguintes datos: código orzamentario da área/servizo, obxecto contractual, tipo de contrato, prazo de execución e prórrogas, data na que debería comezar a execución, data de remisión do expediente coa documentación preparatoria para a redacción do PCAP, orzamento base de licitación, indicación de se o contrato está sometido a regulación harmonizada, aplicación orzamentaria, indicación de se trata dunha prestación nova ou recorrente”.*

Unha vez que as diferentes áreas e servizos municipais teñen enviado a súa programación procedeuse pola Área de Contratación ao seu exame. Realizado este, considérase que:

- Permite unha adecuada planificación da actividade contractual municipal.
- Favorece os principios de transparencia, eficiencia e concorrência na contratación pública.

A Planificación Anual, polo tanto, recolle as liñas estratéxicas, obxectivos operativos e actuacións previstas polas distintas áreas municipais, configurándose como un instrumento de planificación e coordinación da actividade contractual municipal. Persegue, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Mellorar a planificación e racionalización da actividade contractual municipal, minimizando situacións de sobrecarga, a necesidade de tramitar varios procedementos para o mesmo obxecto (“contratos ponte”), recorrer á continuidade dos servizos unha vez vencidos os contratos (artigo 29.4 LCSP)
- Anticipar as necesidades de contratación dos servizos municipais.

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 43 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Favorecer a concorrência e a participación de operadores económicos.
- Incrementar a transparencia e a publicidade da contratación pública.

No entanto, hai que ter en conta que para a efectividade do PACC é necesario que as áreas e servizos xestores cumpran os tempos estimados de tramitación dos diferentes tipos de contratos determinados nas Instrucións para a planificación da contratación municipal aprobadas pola XGL na sesión ordinaria do 29 de novembro de 2018. Estes son:

- Contratos suxeitos a regulación harmonizada: 9 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto: 6 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto simplificado: 3 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento negociado con ou sen publicidade: 3 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto abreviado: 2 meses

Por canto, a inclusión dun contrato no Plan non exime as áreas e servizos xestores do cumprimento de todos os trámites legalmente esixibles en cada procedemento e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

-II-

DA MODIFICACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN

O Plan Anual de Contratación ten carácter orientador e non vinculante, constituíndo unha previsión da actividade contractual, sen prexuízo de que poidan tramitarse contratos non previstos no mesmo cando concorran novas necesidades ou circunstancias sobrevindas, ou de que poidan modificarse as previsións inicialmente incluídas.

Configurase como un documento dinámico, que permita incorporar durante o exercicio económico os novos contratos que xurdan para satisfacer necesidades novas ou non previstas no mesmo e que respondan a competencias municipais previstas nos artigos 7, 25, 26 e 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local (LBRL). Así, cada vez que se programe un contrato non previsto, o servizo ou área xestora indicará esta circunstancia na memoria económica, e xustificará as razóns da falla de previsión do mesmo, quedando condicionada a súa tramitación á existencia de crédito.

-III-

DA PUBLICIDADE DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN

O Plan de contratación publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Vigo e no seu perfil de contratante aloxado na Plataforma de Licitación de Contratos do Sector Público. Así mesmo, publicaranse no Diario Oficial da Unión Europea aqueles contratos que quedarán suxeitos a regularización harmonizada.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 44 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2001/1102

-IV-

ENTRADA EN VIGOR

O PACC entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2026. O acordo de modificación do PACC entrará en vigor no momento da súa aprobación, ou aquel en que esta determine, sen prexuízo da súa posterior publicación.

-V-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

-VI-

PROPOSTA DE ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Aprobar o Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio orzamentario 2026 que se recolle como Anexo a este acordo.

2º.- Publicar o Plan no perfil de contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

3º.- Publicar no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de información previa previsto no artigo 134 da LCSP, para cada un dos contratos que quedarán suxeitos a regulación harmonizada.

4º.- O presente PACC entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2026.

5º.- Dar traslado da Planificación Anual ás distintas áreas e servizos municipais para a súa execución. Requíreselles, que para a efectividade do PACC cumpran cos tempos estimados de tramitación dos diferentes tipos de contratos determinados nas Instrucións para a planificación da contratación municipal aprobadas pola XGL na sesión ordinaria do 29 de novembro de 2018. Estes son:

- a) Contratos suxeitos a regulación harmonizada: 9 meses*
- b) Contratos maiores tramitados por procedemento aberto: 6 meses*
- c) Contratos maiores tramitados por procedemento aberto simplificado: 3 meses*
- d) Contratos maiores tramitados por procedemento negociado con ou sen publicidade: 3 meses*
- e) Contratos maiores tramitados por procedemento aberto abreviado: 2 meses”.*

S.ord. 19/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 45 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 46 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
9207	Mantemento infraestruturas de cableado de datos nos edificios municipais 2024	Mixto serv-subm.	1 ano	05/01/26	02/01/26	30,000.00 €	N	9207.2279900	Nova
9207	Mantemento Plataforma Xestión PassVigo e definición novos verticais	Servizos	2 anos + 3 prórrogas 1 ano	04/01/26	02/01/26	60,000.00 €	N	9207.2279902	Nova
9207	Mantemento de licencias "zimbra collaboration network edition" e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo "zimbra"	Servizos	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	10/06/26	04/01/26	21,246.89 €	N	9207.2279902 9207.2270604	Recorrente
9207	Mantemento e desenvolvemento en typo3	Servizos	1 ano + 1 prórroga 3 anos	10/20/26	04/01/26	60,000.00 €	N	9207.2270603 92072279902	Recorrente
9207	Mantemento do sistema de control horario	Mixto serv-subm.	1 ano + 1 prórroga 3 anos	12/14/26	06/01/26	42,500.00 €	N	9207.2279902 9207.2270603	Recorrente
9207	Servizo corporativo de impresión	Servizos	4 anos + 1 prórroga 1 ano	08/01/26	02/01/26	834,400.00 €	S	9207.2060001	Recorrente
9207	Subministro de licenzas windows de estacións de traballo actualización-	Subministro	3 anos	06/13/26	02/01/26	354,688.98 €	S	9207.2090000 9207.2279902	Recorrente



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 47 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
	mantemento de licencias citrix e veeambackup.								
9207	Subministro e actualización de licenzas arcgis desktop e arcgis online	Subministro	3 anos + 2 prórrogas 1 ano	08/14/26	05/01/26	30,000.00 €	N	9207.2090000 9207.2279902	Recorrente
9207	Mantemento dos servidores centrais do CPD	Servizos	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	04/01/26	02/01/26	50,000.00 €	N	9207.2279900	Recorrente
9207	Mantemento sistemas sensórica humanizacións (VEI, Gran Vía , Halo, Gregorio)	Servizos	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	06/01/26	01/02/26	90,000.00 €	N	9207.2279900	Nova
9207	Mantemento rede de MUPIS municipais	Servizos	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	06/01/26	01/02/26	40,000.00 €	N	9207.2279900	Nova
9207	Actualización do xestor documental corporativo ALFRESCO	Servizos	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	03/01/26	01/01/26	40,000.00 €	N	9207.2279905	Nova
9207	Renovación de equipos de usuarios	Subministro	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	06/01/26	03/01/26	80,000.00 €	N	9207.6260000	Recorrente
9207	Ampliación sistema de almacenamento principal e sistema de respaldo no CPD de emerxencia	Subministro	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	07/01/26	02/01/26	300,000.00 €	S	9207.6260000	Nova
9207	Puntos de atención á cidadanía	Subministro	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	07/01/26	02/01/26	30,000.00 €	N	9207.6260000	Nova



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 48 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
9207	Asistencia técnica para o análise organizativo (paso previo aos proxectos de automatización)	Servizos	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	07/01/26	02/01/26	40,000.00 €	N	9207.6260000	Nova
9207	Proxecto asistencia IA para o análise de demandas xudiciais	Servizos	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	08/01/26	03/01/26	50,000.00 €	N	9207.6260000	Nova
9207	Proxecto IA para a xestión de solicitudes da cidadanía (Rexistro y atención cidadanía)	Servizos	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	08/01/26	03/01/26	50,000.00 €	N	9207.6260000	Nova
9207	Proxecto IA para a catalogación de expedientes archivados	Servizos	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	08/01/26	03/01/26	50,000.00 €	N	9207.6260000	Nova
9207	Proxecto IA para a creación dun sistema de recomendacións ao cidadán	Servizos	1 ano + 2 prórrogas 2 anos	08/01/26	03/01/26	50,000.00 €	N	9207.6260000	Nova

ALCALDÍA

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 49 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista de remisión para redacción de pregos	Orzamento base de licitación	Harmonizado (S/N)	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
9120	Contrato de patrocinio publicitario para a "Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2026" organizada polo Faro de Vigo	Servizo	1	marzo	xaneiro	75.000,00 €	N	912.0.227.99.05	Recorrente
9120	Contrato de patrocinio publicitario para o proxecto "Faro Educa" organizado polo Faro de Vigo	Servizo	1	marzo	xaneiro	112.295,00 €	N	912.0.227.99.05	Recorrente
9120	Contrato subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo	Subministro	1+3	xullo	xaneiro	19.800,00 €	N	912.0.226.01.00	Recorrente
91201+1	Contrato de subministro dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da cidade de Vigo e da distinción honorífica "Medalla de honra Cidade de Vigo"	Subministro	1+1	marzo	xaneiro	15.750,00 €	N	912.0.226.01.00	Recorrente



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 50 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASESORÍA XURÍDICA

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
9207	Análise documental e automatización de procesos Ten como obxectivo o desenvolvemento dun sistema avanzado que permita extraer información específica en función dun contexto determinado, así como automatizar os procesos relacionados coa clasificación, análise e xestión documental	Servizos	4	01/04/26	02/02/26	440.000,00 €	S	6410011	Nova

COMERCIO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 51 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
106	Prestación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais nas datas do nadal durante as campañas do Nadal	Servizos	2+1+1	Novembro	Febreiro	165.000,00 €	SI	4310 2279901	Recorrente
106	Contrato mixto de subministración de valos, lonas e demais soportes publicitarios, así como a prestación de servizos de publicidade e marketing necesarios para a promoción e difusión de diversos eventos organizados polo Servizo de Comercio	Servizos e subministro	2+1+1	Marzo	Xaneiro	140.000,00 €	SI	4310 2279902	Recorrente
106	Asistencia técnica para a elaboración da documentación precisa para a presentación da candidatura do Concello de Vigo a diferentes premios de categoría nacional e internacional relacionados coa dinamización do comercio e as festas especiais	Servizos	2+1+1	Maio	Marzo	40.000,00 €	NO	4310 2270600	Recorrente



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 52 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
106	Contrato de ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal	Servizos	2+1+1	Febreiro	Maio	850.000,00 €	SI	4310 2279901	Recorrente

CONTRATACIÓN E NOVOS PROXECTOS

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
9200	Mantemento e xestión de marcas propiedade do Concello de Vigo	Servizos	3 anos+2 prórrogas dun ano	01/09/26	01/05/26	15.000,00 €	N	9200.2090000	Nova
9200	Mellora e simplificación administrativa na tramitación electrónica de expedientes de Contratación. Guías de tramitación, integración e plantillas	Servizos	10 meses	01/03/26	15/01/26	30.000,00 €	N	9200.2090000	Nova



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 53 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

DEPORTES

Servizo/ área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/ive * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
3420	Equipamento deportivo instalacións municipais	Subministro	1	01/09/26		80.000,00 €	N	3420.6290000	
3410	Coordinación, montaxe e difusión gala do atletismo	Servizos	1+ 2 prórrogas dun ano	01/11/26		6.000,00 €	N	3410.2279902	
3410	Regalos fin curso programa escolas deportivas	Subministro	1+3 prórrogas dun ano	15/05/26		6.000,00 €	N	3410.2269901	
3410	Subministro de trofeos e medallas	Subministro	1+3 prórrogas dun ano	11/07/26		90.000,00 €	N	3410.2260902	
3420	De subministros material eléctrico, pintura, ferretería e fontanería	Subministro	3	30/10/26		140.000,00 €	N	3420.2120000	
3420	Mantemento tecnico sistemas contra incendios	Servicios	3	01/06/26		540.000,00 €	N	3420.2379915	
3420	Suministro e instalación novas liñas de vida e o seu mantemento	Mixto	3	01/07/26		210.000,00 €		3420. 6290000	
3420	Mantemento de sistemas de alarmas e conexión a central receptora, ampliación	Mixto	3	01/07/26		60.000,00 €	N	3420.2270100 3420.0212000 3420.6230000	



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 54 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo/ área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/ive * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
	e actualización a grado dous e subministro e instalacion e novas instalacions								
3420	Mantemento sistemas telexestion torres iluminacion campos de futbol municipais	Servizos	3	01/07/26		180.000,00 €	N	3420.2120000	
3420	Subministro de gasoil instalacions deportivas	Subministros	4	05/10/26		135.000,00 €	N	3420.2210300	
3420	Contrato mantemento zonas verdes instalacions deportivas	Servizos	3	01/10/26		45.000,00 €	N	3420.2100001	
3420	Tratamento dos procesos de lexionella en instalacions deportivas	Servizos	2	05/04/26		220.000.00	N	3420.2279916	
3420	Contrato matemento centros de transformación e grupos electrogenos instalacións deportivas	Servizos	3	01/10/26		45.000,00 €	N	3420.2120000	
3420	Climatización, deshumectación, ventilación e bombas	Servizos	2	01/10/26		100.000,00 €	N	3420.2279900	



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 55 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de
verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo/ área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/ive * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
	de calor das instalacións deportivas.								
3420	Subministro material programa municipal de escolas deportivas	Subministros	3	01/06/26		45.000,00 €	N	3420.2260901.	
3420	Mantemento terreo de xogo e sistema rego campos de futbol	Servizos	2	01/03/26		60.000,00 €	N	3420.2100001	
3420	Mantemento sistemas de produción térmica de acs por biomasa, gasoil e termos acumuladores nas instalacións deportivas.	Mixto	2+1	01/06/26		100.000,00 €	N	3420.2279900	
3420	Sustitucion cuberta pavillón coruxo	Obra	1	01/02/26		320.233,76 €	N	3420.6230001	
3420	Mantemento sistemas de iluminación de terreo de xogo exteriores	Servizos	2			120.000,00	N	3420.2279900	
3420	Limpeza instalacións deportivas		2+3	01/01/26		1.900.000,00 €	S	3420.2270000	
3420	Sustitución sistema hidráulico complexo do berbes.	Obra	1	01/02/6		140.000,00 €	N	3420.6320011	
3420	Repàracion cuberta pabellón central	Obra	1	01/05/26		850.000,00 €	N	3420.6320011	
3420	Aplicacion informatica xestión da actividade deportiva	Servizo	2	30/06/26		69.000,00 €	N	3420.2279907	



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 56 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo/ área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/ive * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
3420	Servizo de mantemento tecnico ascensores	Servizo	4	15/01/26		69.000 ,00 €	N	3420.2279914	
3420	Seguro escolas deportivas	Servizo	1+1	01/03/26		40.000,00 €	N	3420,2240001	

DESENVOLMENTO LOCAL E EMPREGO

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
2410	Asesoramento a pemes e emprendedores	Servizos	2 anos e 2 prórrogas de 1 ano cada unha	18/10/26	febreiro	300.000,00 €	S	2410 2270610	Recorrente



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 57 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
2410	Adquisición de auga envasada para as persoas traballadoras dos programas de emprego	Subministro	2 anos e 2 prórrogas de 1 ano cada unha	01/06/26	marzo	20.000,00 €	N	2410 2269900	Recorrente
2410	Servizos de formación para o emprego	Servizos	1 ano e 1 prórroga de 1 ano	01/09/26	marzo	60.000,00 €	N	2410 2279913	Recorrente
2410	Servizos de formación acreditable para fomento da inserción laboral	Servizos	1 ano e 1 prórroga de 1 ano	01/03/26	xaneiro	79.170,00 €	N	2410 2279913	Nova

EDUCACIÓN

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión p/ redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
3230	Xestión da Escola Infantil Municipal de	Servizos	4 anos + 1 prórroga	01/09/26	01/01/26	2.375.000,00 €	S	3230.227.9908	Recorrente



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 58 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión p/ redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
	Bembrive		(1 ano)						
3230	Xestión, organización e desenvolvemento do programa "Visita o teu Concello"	Servizos	4 anos + 1 prórroga (1 ano)	14/09/26	14/01/26	125.000,00 €	N	3230.227.9903	Recorrente
3230	Xestión da Escola Municipal de Teatro	Servizos	4 anos + 1 prórroga (1 ano)	18/09/26	18/01/26	550.000,00 €	S	3230.227.9903	Recorrente
3230	Xestión da Escola Infantil Municipal de Teis	Servizos	4 anos + 1 prórroga (1 ano)	01/01/27	01/05/26	1.593.998,40 €	S	3230.227.9915	Recorrente
3230	Xestión da Escola Infantil Municipal de Castrelos	Servizos	4 anos + 1 prórroga (1 ano)	01/05/27	01/09/26	1.593.998,40 €	S	3230.227.9914	Recorrente
3230	Xestión da Escola Infantil Municipal de Praza da Industria	Servizos	4 anos + 1 prórroga (1 ano)	16/06/27	15/10/26	2.375.000,00 €	S	3230.227.9914	Recorrente

ESTATÍSTICA

Servizo/ Área (código)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e	Data prevista de inicio	Data prevista remisión	Orzamento base de licitación (prezo ano	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
------------------------------	---------------------	------------------	-------------------------	-------------------------------	------------------------------	---	-------------	----------------------------	------------------------------



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 59 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

orz.)			prórrogas		para redacción pregos	c/IVE * nº años)			
	Subministro placas/ mantemento rueiro	Subministro	1 ano	Segundo trimestre	marzo 2016	150.000,00 €	N	9231/2219902	Recorrente

FESTAS

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº años)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
3380	Servizo de deseño e producción de 5 carrozas cabalgata de Reis 2026	Servizos	2 meses	01/12/26	1 agosto	110.000,00 €	N	3380.226.0901	Recorrente
3380	Servizo de produción técnica servizos auxiliares soporte dos actos dos Reis 2026	Servizos	5 días (1 anualidade e catro prórrogas) (1+4)	01/12/26	1 marzo	650.000,00 €	S	3380.226.0901	Recorrente
3380	Subministro de caramelos	Suministro	1 anualidade e catro prórrogas (1+4)	01/12/26	1 agosto	200.000,00 €	N	3380.226.0901	Recorrente
3380	Servizo de actuacións artísticas singulares para "Vigo en festas 2026"	Servizos	10 meses	01/07/26	1 marzo	1.600.000,00 €	S	3380.226.0906	Recorrente
3380	Servizo de redacción de planes de emerxencia e	Servizos	1 anualidade	18/12/26	1 marzo	280.000,00 €	S	3380.227.0600	Recorrente



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 60 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
	autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo servizo de festas.		e catro prórrogas (1+4)						

IGUALDADE

Servizo/ Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Data prevista remisión para redacción pregos	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Harmonizado	Aplicación orzamentaria	Natureza da prestación
2311	Camiña con nós pola Igualdade:desenvolvemento de obradoiros de coeducación en horario lectivo nos centros de ensino infantil e primaria da cidade	Servizo	10 meses	01/09/26	01/05/26	37.800,00 €	N	"Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906	Recorrente
2311	EnlazaVigo: programa de prevención da violencia de xénero nos centros de ensino de secundaria, bacharelato e ciclos FP	Servizo	4 meses	01/09/26	01/05/26	29.000,00 €	N	"Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906	Recorrente
2311	Adquisición de diversos subministros para os pisos municipais de protección para mulleres	Subministro	2 anos e 3 prórrogas	01/06/26	01/02/26	24.000,00 €	N	"Subministros CMIDM e Dto Muller" 2311 2219900	Recorrente



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 61 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Segundo:- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos B e C e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos D e E, consonte co recollido no artigo 30 e anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalizaranse, a efectos de pago, dúas veces ao ano, o 31 de xullo e o 31 de decembro de 2026.

A previsión do gasto anual polo concepto “Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo” é de **15.500,00 euros**, con cargo á bolsa de vinculación da partida 3230.233.0000 do orzamento de 2026.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, convocarase cando menos, de xeito trimestral.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



7(951).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO CAPACITA XI” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 21906/77.

Visto o informe de fiscalización do 16/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/12/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No Diario Oficial de Galicia núm. 228, do martes 25 de novembro de 2025, a consellería de Emprego, Comercio e Emigración vén de publicar a “ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A)”.

1. Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do desemprego nas persoas maiores de 18 anos. A Concellería de Emprego do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro “Patrimonio histórico”, “Lagares”, “Forestal”, “Xardín Histórico de Castrelos”, “Mar de Vigo” -I, II,III e IV- , Escola Obradoiro “Vigozoo” -I, obradoiro de emprego “Vigozoo” -I, II e III-, obradoiro de emprego “Vigo Atende”, Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil “Formaweb I, II, III, IV e V”, Obradoiro de emprego “VIGO CAPACITA” I, II, III, IV, V , VI, VII, VIII, IX, X”) un novo proxecto o Obradoiro de Emprego “**VIGO CAPACITA XI**”, propoñendo as especialidades de **Cociña e Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos**, pola demanda existente destas profesións, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

II. En data 27/11/2025 a Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a “ORDE do 25 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado coa Cociña e Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto “**Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA XI**” e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 90 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

II. O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de "Cociña (HOTR0408)" e os outros 10 na especialidade de "Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos" (ENAE0108_2)", co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo nos sectores nos que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostalería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Servizos á comunidade, cociñando para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, Brunchs para as persoas usuarias do Proxecto Aférrate de ACLAD Alborada, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcooking e menús degustación no Mercado de Teis.
6. Promover accións de concienciación entre a cidadanía da importancia das enerxías renovables, facendo fincapé na enerxía fotovoltaica.
7. Promover entre o alumnado a protección e seguridade no manexo da enerxía fotovoltaica.

A duración do "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA XI" está establecida en 9 meses e a data prevista de inicio é o 01 de xuño do ano 2026.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares e aulas do Centro de Distritos de Teis, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Cociña están relacionados coa compra de alimentos, para a elaboración de menús e posterior servizo no comedor social da Asociación "La Sal de la Tierra", aperitivos para eventos e clausuras de cursos da fundación



Érguete, Brunchs para as persoas usuarias do Proxecto Aférrate de ACLAD Alborada, realización de xornadas de almozos saudables, destinados a persoas maiores, persoas con discapacidade e nenos en idade escolar en colaboración coas asociacións de maiores e escolas públicas, e que pretenden mellorar os coñecementos alimentarios da cidadanía viguesa cara a unha mellora da saúde; así como para o showcooking e menús degustación no Mercado de Teis, por outra banda no caso de e Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos, é precisa a adquisición de paneis solares e demais material eléctrico e electrónica para a instalación dos paneis

- o
- III. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, por importe de **445.581,40 €**, contemplada no proxecto de Obradoiro VIGO CAPACITA XI, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na “ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A)”, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Estímase a achega municipal en 35.000,00 € e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2026 e 2027 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta nesta proposta, no mes de xuño de 2026.

Partida	2026	2027
2410 2219900 Gastos en programas de Emprego (P. Emprego)	27.225€	7.775€

O total do proxecto ascende a **480.581,40** euros, 445.581,40 euros da subvención solicitada e 35.000,00 euros da achega municipal.

Por outra banda de acordo co establecido no artigo 12 da Orde, solicítase un número de **4** incentivos á contratación de alumnado do obradoiro dual de emprego polo importe de **18.000** euros, ditos incentivos teñen por obxecto a contratación e promoción da inserción laboral das persoas participantes nos Obradoiros duais de emprego.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 92 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía 25 de setembro de 2025 elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte .

PROPOSTA DE ACORDOS:

1. Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA XI”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.
2. Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A”, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 228, do martes 25 de novembro de 2025.
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2026 e 2027, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
4. Delegar na Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “VIGO CAPACITA XI”.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(952).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, DINAMIZACIÓN E EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN, EDUCACIÓN E VOLUNTARIADO MEDIOAMBIENTAIS. EXPTE. 18992/306.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 93 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Visto o informe xurídico do 11/12/2025 e o informe de fiscalización do 12/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/12/2025, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, e conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes de feito

A terceira tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 14/10/2025, ditou orde de inicio do procedemento administrativo para a contratación dos servizos de organización, dinamización e execución de actividades de sensibilización, educación e voluntario medioambientais, e ordenou a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente proceda de conformidade coa citada norma, segundo expediente 18992/306.

A memoria económica do contrato foi redactada polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, concelleira delegada da dita Área e polo concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda sendo asinada dixitalmente o 15/10/2025.

A Dirección Superior Contable e Orzamentación emitiu documento contable de RC-FUT núm. 12025000137000, de data 15/10/2025, por importe de 268.597,81 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1721.227.99.08 Programa Camiño a Camiño.

O prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) redactado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e pola concelleira delegada da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística foi asinado dixitalmente o 16/10/2025.

A memoria xustificativa do contrato foi asinada dixitalmente en data do 21/11/2025, polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformada pola concelleira delegada de Medio Ambiente e pola concelleira delegada desta Área de Goberno.

A técnica de administración xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos redactaron o prego de cláusulas administrativas particulares sendo asinado dixitalmente o 09/12/2025, respectivamente.

II.- Fundamentos de dereito

a) Competencia municipal

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “ medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A Área de Goberno Municipal de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística ten atribuído en materia de Medio Ambiente en virtude da resolución da alcaldía de 28 de xuño de 2024 (BOPPO 09/07/2024), competencias en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 94 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización, educación e concienciación social e aquelas outras que susciten a participación e colaboración activa da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en todos os sectores sociais, para unha eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa da súa medio ambiente.

O obxecto do contrato é a organización, dinamización e execución de actividades de sensibilización, educación e voluntariado medioambientais.

As necesidades a satisfacer co presente contrato son as de promoción da sensibilización, educación, concienciación cidadá, en todos os sectores sociais, para unha eficaz defensa dos valores medioambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente e, tamén, na ocupación do tempo de lecer no medio natural.

b) Contratación dos servizos

De acordo co artigo 116 da LCSP a realización de contratos por parte das Administracións públicas requirirá da previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares, o de prescricións técnicas, certificado de existencia de crédito. Tamén, haberá de xustificarse axeitadamente as determinacións que sinala o apartado 4 do citado precepto.

A documentación anteriormente citada incorporouse ó presente expediente de contratación tal e como se sinala nos antecedentes de feito deste informe.

O prego de cláusulas administrativas particulares regula un contrato administrativo de servizos cuxo obxecto é *“a organización, dinamización e execución anual de nove (9) actividades de medio día e dúas (2) de día completo de sensibilización e educación medioambiental e catro (4) cursos de formación, dúas (2) xornadas temáticas e 390 horas de voluntariado medioambiental”*, que prevé o artigo 17 e 25.1.a) da LCSP, non suxeito a regulación harmonizada e si susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigos 22 e 44 da LCSP) .

O procedemento de adxudicación será o ABERTO e forma de tramitación a ORDINARIA conforme ó establecido no artigo 156 da LCSP.

O prazo de execución de contrato é de catro tres anos con posibilidade dunha prórroga de un ano máis.

O contrato divídese en dous lotes:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 95 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Lote 1.- Organización, dinamización e execución anual de nove (9) actividades de medio día e dúas (2) de día completo de sensibilización e educación con percorridos medioambientais “Camiño a Camiño”.

Lote 2.- Organización, dinamización e execución anual de catro (4) cursos de formación, dúas (2) xornadas temáticas e 390 horas de voluntariado medioambiental a través de accións guiadas con monitores.

O licitador poderá presentar a súa oferta de forma individual a un lote ou a todos os que considere. Non se contempla a oferta conxunta.

Os criterios de valoración sinalados no PCAP, debidamente xustificados, para a adxudicación deste contrato sono por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato dáse máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato pódense valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Establécese a aplicación dun 60% dos criterios de adxudicación a criterios avaliados a través de fórmula e un 40% a través de criterios avaliados a través de xuízo de valor.

O orzamento do contrato xustifícase na memoria económica incorporada ó expediente e da cal resulta:

- o orzamento base de licitación (IVE engadido) é de 268.597,81 € euros
- o IVE a soportar pola administración (21%) é de 46.616,15 euros
- o valor estimado do contrato é de 330.479,56 euros
- As anualidades orzamentarias previstas do contrato son:

CONCEPTO	2026	2027	2028
LOTE 1	68.818,39 €	69.355,49 €	69.903,32 €
LOTE 2	19.998,48 €	20.172,38 €	20.349,74 €

O contrato trámitase como anticipado de gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1721.227.99.08 “Camiño e Camiño”

A Dirección Superior Contable e Orzamentación emitiu o correspondente documento contable.

O artigo 117 da LCSP establece que completado o expediente de contratación, ditarase resolución motiva polo órgano de contratación aprobando este e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A aprobación do expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponderá á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (Disposición adicional segunda, apartado 4, da LCSP).





Concello de Vigo

A aprobación do expediente de contratación irá precedido dos informes favorables da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal ao abeiro do disposto na Disposición adicional terceira, apartados 3 e 8, da LCSP.

Polo exposto, unha vez emitidos os preceptivos informes da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de “organización, dinamización e execución de actividades de sensibilización, educación e voluntario medioambientais” (expte. 18992/306).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 16/10/2025.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 09/12/2025.

CUARTO.- O Importe total do contrato é de 268.597,81 € IVE engadido (221.981,66 € importe sen IVE e 46.616,15 € importe da cota do IVE 21%); sendo o importe do gasto (IVE 21% engadido) por anualidades de:

ano 2026 de 88.816,87 €, dos cales 68.818,39 € para o Lote 1 e 19.998,48 € para o Lote 2,
ano 2027 de 89.527,88 €, dos cales 69.355,49 € para o Lote 1 e 20.172,38 € para o Lote 2,
ano 2028 de 90.253,06 €, dos cales 69.903,32 € para o Lote 1 e 20.349,74 € para o Lote 2,

que queda subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria 1721/227.99.08 programa camiño a camiño.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(953).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ESPECIES VEXETAIS. EXPTE. 51477/446.

Visto o informe xurídico do 09/12/2025 e o informe de fiscalización do 11/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/11/2025, asinado pola adxunta ao xefe de servizo e polo xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 97 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANTECEDENTES

1.- A adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 4 de abril de 2025, e o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en data 7 de abril de 2025, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada para a contratación do *SUBMINISTRO DE ESPECIES VEXETAIS* (expte. 51477/446).

2.- A adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 8 de outubro de 2025, e o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en data 9 de outubro de 2025, asinan a memoria económica (MEC).

3.- En data 14 de outubro de 2025, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC_FUT 12025000136673, por importe de 240.000,00€.

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 17 de outubro de 2025, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 24 de outubro de 2025, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, da mesma data.

6.- En data 4 de novembro de 2011, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 4 de novembro de 2025.

8.- O presente contrato está previsto no plan anual de contratación.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).





FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 25 de setembro de 2025 (BOP Nº 188, de data 02/10/2025) nos concelleiros de Área de Goberno e nos concelleiros delegados. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en resolución de data 7 de abril de 2025, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP trátase dun contrato de subministro e, en concreto, de subministro en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto suxeito á regulación harmonizada, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 334.545,45€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 99 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada do contrato de **SUBMINISTRO DE ESPECIES VEXETAIS**, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 17 de outubro de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 4 de novembro de 2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **240.000,00 euros**, que inclúe un IVE de 21.818,18 euros, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2100004 “Adquisición de arborado e arbustos”, distribuído nas seguinte anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2026	80,000.00 €
2027	80,000.00 €
2028	80,000.00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(954).- ADXUDICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DE ELECTROMECAÑICOS POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO ESPECÍFICO. EXPTE. 46749/220.

Visto o informe de fiscalización do 11/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/12/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:





Concello de Vigo

En data 6 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Electromecánicos, mediante o sistema de concurso específico.

No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto en segunda convocatoria, ao ter quedado a primeira deserta, tramitada en expediente nº 44.254-220.

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 114, do martes 17 de xuño do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 131, do xoves 10 de xullo do 2025.

No Boletín Oficial del Estado núm. 187, do martes 5 de agosto do 2025, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 27 de agosto do 2025 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, e segundo os documentos que obran incorporados ao expediente (trámite 60) presentáronse os seguintes aspirantes:

1.- B. Arranz González, con DNI ***7035**

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusablemente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procedeuse a aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/09/2025) polo que trala preceptiva publicación da lista provisional acordouse prestar aprobación á lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva en segunda convocatoria do posto de Xefe/a de Electromecánicos, e designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria (acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/10/2025)



Consta acta da Comisión de Valoración de data 25/11/2025 (nota: anonimízanse os datos persoais) na cal se recolle que:

"Concluído o proceso de baremación de méritos (fase primeira) e exposición e defensa da memoria (fase segunda) en relación co concurso para a provisión do posto de traballo de Xefatura de Electromecánicos do Concello de Vigo, o órgano de selección remitiu acta de avaliación, de conformidade co establecido polo artigo 47 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con proposta de resolución da adxudicación.

Á vista de todas as actuacións feitas polo Tribunal e unha vez rematado o proceso no que actuou, de acordo coas bases específicas das que rexen a convocatoria, propúxose ao órgano competente:

Primeiro.- *Propoñer a adxudicación do posto de traballo de Xefatura de Electromecánicos do Concello de Vigo, descrito na base primeira das específicas que rexen a convocatoria, a favor da seguinte aspirante:*

Proposta de nomeamento (Base 5ª das bases das específicas que rexen o proceso de provisión, BOP núm. 114 do 17/06/2025):

Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Puntuación fase primeira (méritos)	Puntuación fase segunda (memoria)	TOTAL
1	***7035**	Arranz González, B.	22,72	08,50	31,22

Vigo, na data da sinatura dixital

O secretario do Tribunal

J. Villán Fuertes.

Anexo I.- Valoración definitiva e proposta de adxudicación no proceso de provisión do posto de Xefatura de Festas mediante concurso específico (base 5ª das específicas que rexen o proceso de provisión, BOP de Pontevedra núm. 114 do 17/06/2025).

Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Puntuación fase primeira (méritos)	Puntuación fase segunda (memoria)	TOTAL
1	***7035**	Arranz González, B.	22,72	08,50	31,22

En consecuencia, e en base ao acordo adoptado polo órgano de selección (comisión de valoración) procédese a elevar a Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver conforme ás atribucións competenciais contidas no artigo 127.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 102 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

"PRIMEIRO.- Adxudicar o posto de traballo de Xefa de Electromecánicos do Concello de Vigo, descrito na base primeira das específicas que rexen a convocatoria, e consonte á proposta efectuada pola Comisión de Valoración contida en acta de data de sinatura electrónica 25/11/2025, a favor da seguinte aspirante:

ASPIRANTE	DNI	RESULTADO DA 1ª FASE	RESULTADO DA 2ª FASE	RESULTADO
B. ARRANZ GONZÁLEZ	***7035**	22,72	08,50	31,22

SEGUNDO.- Dispoñer que a formalización da toma de posesión realizárase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da resolución da convocatoria publicárase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo.

CUARTO.- Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo competentes no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(955).- ADXUDICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DE MUSEOS MUNICIPAIS POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO ESPECÍFICO. EXPTE. 46508/220.

Visto o informe de fiscalización do 15/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/12/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 6 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Museos Municipais, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 103 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 111, do xoves 12 de xuño do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 127, do venres 4 de xullo do 2025.

Consta a presentación de recursos de reposición contra o acordo de aprobación das bases e convocatoria interpostos polos sindicatos CCOO e CIG, que teñen sido informados e resoltos en tempo e forma, e debidamente publicados nos diarios e boletíns oficiais correspondentes os acordos de desestimación dos mesmos, tal e como consta documentado no expediente electrónico.

Unha vez resoltos os recursos, no Boletín Oficial del Estado núm. 211, do martes 2 de setembro do 2025 consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

Rematado o prazo de presentación de instancias, exposto ao público o expediente, e segundo os documentos que obran incorporados ao expediente (trámite 199) presentáronse os seguintes aspirantes:

1.- J.M. Rey García, con DNI ***82*54*

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusablemente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procedeuse a aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/09/2025) polo que trala preceptiva publicación da mesma, que foi exposta ao público dende o 07/10/2025 ao 21/10/2025, segundo certificación obrante no trámite 223 do expediente, o mesmo órgano acordou prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva, e designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria (acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/10/2025)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 104 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Consta acta da Comisión de Valoración de data 10/12/2025 na cal se recolle que:

"A Comisión de valoración en sesión de data 9.12.2025 adoptou o seguinte acordo

RESULTADO DA SEGUNDA FASE

ASPIRANTE	DNI	VALORACIÓN SEGUNDA FASE
J. M. REY GARCÍA	***82*54*	8,5

RESULTADO FINAL

ASPIRANTE	DNI	RESULTADO DA 1ª FASE	RESULTADO DA 2ª FASE	RESULTADO
J. M. REY GARCÍA	***82*54*	28,75	8,5	37,25

Os membros da Comisión de Valoración acorda por unanimidade dos seus membros conforme o disposto base quinta da convocatoria

PRIMEIRO.- Propoñer a adxudicación o posto de traballo de xefe de Museos Municipais a favor da seguinte aspirante:

ASPIRANTE	DNI	RESULTADO DA 1ª FASE	RESULTADO DA 2ª FASE	RESULTADO
J. M. REY GARCÍA	***82*54*	28,75	8,5	37,25

SEGUNDO.- Publicar anuncio no taboleiro de anuncios e sede electrónica do concello.

O que se publica aos efectos oportunos."

Constando no trámite 277 indicación da publicación do acordo da Comisión de Valoración no taboleiro da sede electrónica municipal.

En consecuencia, e en base ao acordo adoptado polo órgano de selección (comisión de valoración) procédese a elevar a Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver conforme ás atribucións competenciais contidas no artigo 127.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

"PRIMEIRO.- Adxudicar o posto de traballo de Xefe de Museos Municipais do Concello de Vigo, descrito na base primeira das específicas que rexen a convocatoria, e consonte á



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 105 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

proposta efectuada pola Comisión de Valoración contida en acta de data de sinatura electrónica 10/12/2025, a favor do seguinte aspirante:

ASPIRANTE	DNI	RESULTADO DA 1ª FASE	RESULTADO DA 2ª FASE	RESULTADO
J. M. REY GARCÍA	***82*54*	28,75	8,5	37,25

SEGUNDO.- Dispoñer que a formalización da toma de posesión realizárase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da resolución da convocatoria publicárase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo.

CUARTO.- Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo competentes no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(956).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN. EXPTE. 142482/210.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/12/2025, asinado polo enxeñeiro industrial e o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, e conformado pola concelleira da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Dos acordos fundamento das alegacións.

1.1 O 05 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria adoptou acordo en que dispuxo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 106 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

“Primeiro.- Aprobar o presente Proxecto de Zona de Baixas Emisións de Vigo que comprende dous documentos incorporados como

– Anexo I, titulado Proyecto de ZBE;

– Anexo II, titulado Sistema de Control de Accesos e Circulación.

Segundo.- Dispor a súa publicación na sede web do Concello de Vigo, nos termos e cos efectos previstos no art. 11 do Real Decreto 1052/2022.

Terceiro.- Dispor que pola Concellería da Área de Seguridade iníciase, de forma simultánea á publicación do Proxecto, o trámite de consulta pública da futura ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións, de conformidade co establecido no art. 33 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

1.2 O 09 de setembro de 2025 o Concelleiro de Área de Seguridade ditou no expediente 142483 a seguinte

RESOLUCIÓN

1º.- Incoar expediente de aprobación do proxecto da ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións.

2º.- Con carácter previo á elaboración do proxecto, acórdase a apertura dun período de consulta pública axustada ao disposto no art. 133 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

VALORACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO EVENTO OU CONGRESO.

As solicitudes valoraranse conforme aos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación tendo en conta os seguintes criterios:

1.1.- Capacidade de comercialización do proxecto turístico.

Deberá definir en memoria detalla a duración da campaña de promoción turística. Valorarase con ata un máximo de 10 puntos.

- De 1 a 5 días, valorarase ata un máximo de 5 puntos.
- De 6 a 10 días, valorarase ata un máximo de 9 puntos.
- Cando supere os 10 días valorarase con 10 puntos.

1.2.- Accións de promoción.

Deberá definir en memoria detallada o plan de promoción turística indicando o número de publicacións e os soportes, así como as publicacións que se realizaron. Valorarase con ata un máximo de 25 puntos.

- **Promoción online, (Web, Newsletter, App, canal Youtube, etc...).** Valorarase ata máximo 10 puntos.
 - Entre 5 e 10 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.
 - Entre 11 e 20 publicacións, valorarase con ata 9 puntos.
 - Cando supere as 20 publicacións se valorará con 10 puntos.
- **Promoción en RRSS (Facebook, Instagram, Twiter, etc...).** Valorarase ata un máximo de 5 puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 142 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Entre 10 e 20 publicacións, valorarase con ata 2,5 puntos.
- Entre 21 e 30 publicacións, valorarase con ata 4 puntos.
- Cando supere as 30 publicacións se valorará con 5 puntos.

- **Promoción en distintos soportes (comunicación, radio, prensa, revistas, televisión, vallas publicitarias, mobiliario urbano, rótulos, camisetas, etc...).** Valorarase con ata 10 puntos.
 - Entre 5 e 10 soportes, valorarase con ata 5 puntos.
 - Entre 11 e 20 soportes, valorarase con ata 9 puntos.
 - Cando supere os 20 soportes se valorará con 10 puntos.

1.3.-Ámbito da actividade promocional, rexional, autonómico, nacional ou internacional.

Valorarase con ata 10 puntos.

- Rexional, valorarase con ata 2,5 puntos
- Autonómico, valorarase con ata 5 puntos.
- Nacional, valorarase con ata 7,5 puntos.
- Internacional, valorarase con ata 10 puntos.

1.4.- Antigüidade do evento ou congreso de interese turístico.

Valorarase con ata 10 puntos.

- Entre 15-20 anos, valorarase con ata un máximo de 5 puntos.
- Entre 21-25 anos, valorarase con ata un máximo de 9 puntos.
- Cando supere os 25 anos valorarase con 10 puntos.

O evento ou congreso debe ter unha antigüidade mínima de 15 anos de celebración do evento na cidade de Vigo.

6.- Para a determinación das contías concretas da subvención dos eventos ou congresos de interese turístico, teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- Entre 25 e 35 puntos: 50% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 36 e 45 puntos: 75% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 46 e 55 puntos: 100% do custe da actividade subvencionada.

A subvención máxima por evento non poderá superar os 25.000,00€, ni superar o 100% do custe da actividade subvencionada.

II. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

As entidades solicitantes de subvención son as seguintes:

EXPTE.	ENTIDADE/EVENTO	IMPORTE SOLICITADO
8965-104	GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS SL	25.000,00 €
8966-104	EVENTOS DEL MOTOR SL / XXXIV SALÓN DEL AUTOMOVIL VIGO 2025	25.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 143 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

As bases da convocatoria establece que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais estar ao corrente de pago coas obrigacións tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Axencia Estatal de Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social así como co Concello de Vigo, da mesma forma as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que substituirá a certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

Da Comisión Avaliadora reunida en data 15/12/25 se desprende que:

Os eventos presentados que cumpren cos criterios establecidos nas “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE “SUBVENCIONES PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS OU CONGRESOS DE INTERÉS TURÍSTICO NO ANO 2025.” son os seguintes:

EXpte.	ENTIDADE/EVENTO	IMPORTE SOLICITADO
8965-104	GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS SL	25.000,00 €
8966-104	EVENTOS DEL MOTOR SL / XXXIV SALÓN DEL AUTOMOVIL VIGO 2025	25.000,00 €

III. AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

A cláusula decimo quinta das bases da xustificación das subvención, establece que “As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de decembro de 2025 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.”

O artigo 70 do RLXS dispón que << 1. El órgano concedente de la subvención podrá otorgar, salvo precepto en contra contenido en las bases reguladoras, una ampliación del plazo establecido para la presentación de la justificación, que no exceda de la mitad de mismo y siempre que con ello no se perjudiquen derechos de tercero.

2. Las condiciones y el procedimiento para la concesión de la ampliación son los establecidos en el artículo 49 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común>>

Así mesmo o artigo 32 da LPAC vixente dispón << 1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de tercero. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados. (..)>>

De acordo co exposto, non habéndose adoptado acordo de concesión das subvención considérase conforme ao interese xeral e propónse a ampliación do prazo de xustificación de subvencións ata o día 29/12/2025 non advertíndose que coa mesma se prexudiquen intereses a terceiros.

E por isto que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 144 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

En base ao exposto, **proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:**

Primeiro.- Outorgar as subvencións para a organización de eventos ou congresos con fines de interese turístico no ano 2025 ás entidades e cos importes que se sinalan na seguinte táboa, dispoño o gasto con cargo á partida orzamentaria 4320.4700000 “subvencións, eventos e actividade, patrocinio” da Concellería de Turismo do orzamento en vigor.

EXPTE.	ENTIDADE/EVENTO	IMPORTE SOLICITADO
8965-104	GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS SL	25.000,00 €
8966-104	EVENTOS DEL MOTOR SL / XXXIV SALÓN DEL AUTOMOVIL VIGO 2025	25.000,00 €
	TOTAL	50.000,00 €

Segundo.- Notificar o acordo a tódolos interesados, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

Terceiro.- Ordear a publicación da concesión das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina Web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Cuarto.- Ampliar o prazo da xustificación da subvención, ata o 29 de decembro de 2025 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(959).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE.18538/407.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/12/2025, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e polo Xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 145 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Por parte deste organismo impuxéronse multas coercitivas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar informada das seguintes multas urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

Multas coercitivas:

01 20139/423 (CIF ***0000**))	3.000,00 €
02 2109/435 (NIF ***9415**)	3.000,00 €
03 2509/435 (NIF ***8087**)	1.000,00 €
04 3564/435 (NIF ***1706**)	1.000,00 €
05 565/435 (NIF ***6263**) e (NIF ***6263**)	3.000,00 €
06 3012/435 (NIF ***5729**)	500,00 €
07 3012/435 (NIF ***8148**)	500,00 €
08 3014/435 (NIF ***5729**)	500,00 €
09 3014/435 (NIF ***8148**)	500,00 €
10 3560/435 (CIF ***7062**)	1.000,00 €
11 3475/435 (NIF ***0658**), (CIF ***8258**) e (NIF ***2288**)	1.000,00 €
12 583/435 (CIF ***6814**)	1.000,00 €
13 63454/421 (CIF ***7671**)	1.000,00 €
14 3259/435 (CIF ***8127**)	1.000,00 €
15 2887/435 (CIF ***6802**), (NIF ***1348**) e (NIF ***4776**)	1.000,00 €
16 3033/435 (CIF ***7246**)	3.000,00 €
17 1491/435 (NIF ***4483**)	1.000,00 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(960).- APROBACIÓN DO TEXTO INICIAL DO CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, ZONA 7 PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS ENTRE AS RÚAS EMILIA PARDO BAZÁN, AVENIDA DE MADRID, CONDE DE GONDOMAR E AVENIDA GRAN VÍA. EXPTE. 5359/401.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 146 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Visto o ditame favorable do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 09/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/12/2025, asinado pola técnica de Administración xeral e a xefa do Departamento de Desenvolvemento urbanístico, e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Vista a proposta de convenio urbanístico negociado referido na cabeceira, emítese o seguinte informe xurídico con proposta de acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

I. Antecedentes e Feitos

I.I. O Planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2025), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 26.05.2025, na que se aprobou definitivamente o documento nomeado '*Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva*' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 (Exp. 15313/411); por conseguinte, nos termos da normativa de réxime local, desprega a súa eficacia e executividade como instrumento de ordenación integral do municipio e de disposición de carácter xeral de natureza regulamentaria.

I.II. Previa a súa oportuna negociación, en data 30.09.2025 (COD.SOL.: W1368167-2177) D. Alberto Leboreiro Amaro, con DNI núm. ***1135**, presenta no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, a seguinte documentación:

- Borrador/ proposta de Convenio urbanístico de execución de planeamento da Zona7, Praza de España, comprendida entre a Avenida Gran Vía, Emilia Pardo Bazán, Avenida de Madrid e Conde de Gondomar.
- Copia das escrituras que acreditan a titularidade e toda a información relativa as parcelas catastrais incluídas no ámbito.
- Plano topográfico e plano de ordenación SUC 04 5-G.

I.III. A vista do solicitado, en data 02.10.2025 a Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, ditou resolución pola que se dispuxo incoar a tramitación do presente expediente. Da antedita resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo lugar en data 07.10.2025.

I.IV. En data 28.10.2025 (Doc. Núm. 250300302; Cod. Sol: W1383657-7012), D. Antonio Leboreiro Amaro con DNI núm. ***1135**, presenta no rexistro electrónico da Xerencia de urbanismo, Borrador/ Proposta de Convenio, incluíndo os asinantes por parte da propiedade.

I.V. En virtude do solicitado, e trala negociación da dita proposta de convenio, procede a súa aprobación inicial ao texto do Convenio que se incorpora como anexo a presente proposta de acordo, no que figuran os asinantes das partes intervintes, no seu nome e/ou debidamente representados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 147 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.VI. O vixente PXOM 2025 do Concello de Vigo, clasifica as parcelas afectadas como solo urbano consolidado, coa cualificación de Ordenanza U.4.Edificación aberta, en cuxo apartado 6, recolle que,

No ámbito da Praza de España o Plan Xeral establece en planos de ordenación ámbitos de posición da futura edificación a implantar coa consideración de áreas de movemento, e coa superficie máxima edificable que de seguido se establece en relación ás parcelas que se indican, coa referencia catastral vixente á aprobación do Plan. A formalización da nova edificación requirirá da formulación dun estudo de detalle así como dos procesos de normalización de predios que sexan do caso, aos efectos de acomodarse ás determinacións de ordenación. A altura máxima de edificación será de baixo e sete plantas, autorizándose usos por riba da mesma nas condicións establecidas no punto 3 da presente ordenanza, ao igual que a ocupación da totalidade da area de movemento en plantas baixo rasante con destino a garaxe aparcamento e instalacións complementarias.

O sobrante da área de movemento non ocupada pola edificación sobre rasante terá a consideración de espazo de uso público peonil.

3253601NG2735S, 3253602NG2735S, 3253603NG2735S, 3253605NG2735S: 12.425 m2

A edificabilidade que representa 2,6 m2/m2 se reparte en proporción as superficies catastrais. A altura da edificación é de 8 plantas e 26 metros e 7 plantas e 22,50 metros.

Concretase que a formalización da nova edificación requirirá a formulación dun Estudo de Detalle, para a ordenación exacta dos volumes resultantes da actuación.

Asemade, unha franxa destas parcelas figura cualificada como sistema local de espazo libre SL-EL-XAR 713.1, definindo o Estudio Económico do PXOM 2025 que a obtención do solo do sistema local, se articulará mediante convenio urbanístico.

Deste xeito, a propiedade comprométese a ceder gratuitamente ao Concello de Vigo as superficies necesarias procedentes das parcelas das que son propietarios para o seu destino ao sistema local SL-EL-XAR 713.1, así como o boulevard da Avenida Gran Vía e a ampliación da rúa Emilia Pardo Bazán, previstos no PXOM aprobado definitivamente.; O emprazamento e contía das superficies de cesión será, en calquera caso, a que resulte da documentación do Estudo de Detalle a redactar que resulte aprobado definitivamente.

Ditas cesións, en cada caso e dun xeito individualizado, se formalizarán polos propietarios nun prazo máximo dun mes a contar dende a notificación por parte do Concello de Vigo da concesión da correspondente licenza de obra e en todo caso, antes do outorgamento da escritura de declaración de obra nova da futura edificación. Dita formalización das cesións requiridas levarase a cabo mediante a subscripción da correspondente acta de entrega e recepción a subscribir polo propietario e o Concello de Vigo.

De conformidade co previsto no artigo 20 b) da LSG 2/2016, os propietarios executarán as obras complementarias de urbanización da superficie cedida para o SL-EL-XAR 713.1 mediante o seu acondicionamento para zona axardinada, cuxo custe global figura previsto no Estudio Económico e Financeiro do PXOM 2025.

II. Fundamentos de Dereito/ Consideracións xurídicas

II.I. Normativa básica aplicable



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 148 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- Revisión do PXOU/1993, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria do día 26.05.2025. A aprobación definitiva da revisión do PXOU 1993 foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa e ordenanzas, no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 ,
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II. Efectos e obxecto do Convenio

O artigo 86.1 da LPAC sinala que, “(...) *as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios o contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule (...)*”

A disposicións legais que regulan os Convenios urbanísticos no ámbito autonómico de Galicia son o TRLS/2015, a LSG 2/2016, do 10 de febreiro e o RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro). O artigo 9.8 do TRLS/2015 refírese aos convenios urbanísticos nos seguintes termos, “(...) *Os convenios ou negocios xurídicos que o promotor da actuación celebre coa Administración correspondente, non poderán establecer obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que procedan legalmente en prexuízo dos propietarios afectados. A cláusula que conteña estas regras será nula de pleno dereito (...)*”.

Na mesma liña a LSG 2/2016 no artigo 165 establece que, “(...) *Os órganos pertencentes ás Administracións Públicas poderán celebrar, sempre no ámbito das súas respectivas competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, ao obxecto de colaborar e desenvolver de maneira mais eficaz a actividade urbanística (...)*”.

O artigo 398.3. b) do RLSG indica que os convenios urbanísticos poden ter o obxectivo de establecer os termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento en vigor no momento da celebración do convenio.

Finalmente, o artigo 400.1 do RLSG, seguindo o sinalado no artigo 167 da LSG, sinala, “(...) *Os convenios urbanísticos para a execución do planeamento son aqueles que, non afectando á ordenación urbanística, se limiten á determinación dos termos e condicións da xestión e a execución do planeamento. Afectan única e exclusivamente ás partes que os subscriben e non vinculan a resolución que eventualmente corresponda adoptar respecto dos instrumentos de xestión ou execución. Do cumprimento destes convenios non poderá derivarse en caso algún, modificación, alteración ou dispensa do planeamento (...)*”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 149 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.III. Da normativa exposta se desprende que o Convenio negociado é para a consecución dun fin común como é a execución do planeamento; conforme o artigo 165 da LSG ten como finalidade desenvolver eficazmente a actividade urbanística o facilitar a realización dunha obra de edificación e adquisición polo Concello de novos espazos públicos urbanizados e á implantación das previsións de utilidade pública contempladas no vixente PXOM 2025.

Do contido do Convenio non se advirte contravención do ordenamento xurídico, artigo 86.1 LPAC; non se observa reserva de dispensación ou trato singular de favor, artigo 167 LSG, nin obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que legalmente proceden, artigo 9.8 TRLS.

Por todo o anterior, ás que subscriben a presente proposta, validan a proposta do convenio de execución de planeamento, ao constituír a canle axeitada para regular o réxime xurídico da actuación, supondo un adecuado medio de eficiencia e xestión para acadar a finalidade pretendida; poren, terá que axustarse ás esixencias procedimentais e substantivas establecidas polo ordenamento xurídico, as canles haberán de ser cumprimentadas, obviamente, tamén nas actuacións administrativas posteriores dirixidas a súa plena materialización,

II.IV. Procedemento.

O RLSC adica os artigos 401, 402 e 403 á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos.

II.V. Órgano competente

De conformidade coa normativa vixente, o texto da proposta de convenio negociada que se xunta como Anexo á presente, deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia de Urbanismo.

Por canto antecede ,PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia Municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto de texto inicial, que figura como Anexo a esta proposta, co seguinte título:

Proposta de Convenio de Execución de Planeamento na PRAZA DE ESPAÑA, Zona 7. sobre as parcelas sitas entre as rúas Emilia Pardo Bazán, Avenida de Madrid, Conde de Gondomar e Avenida Gran Vía.

SEGUNDO: Facultar á Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda para a sinatura do Convenio; da súa subscrición se dará conta individualizada o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO: Asinado o Convenio, someterase ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 150 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

provincia, por un período dun mes. O anuncio indicará o lugar ou punto de acceso electrónico a un enderezo en que se poida consultar o seu contido íntegro; no anuncio constará a identidade das partes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ZONA 7 PRAZA DE ESPAÑA PROPOSTA DE CONVENIO URBANISTICO PARA A EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO SOBRE AS PARCELA SITAS ENTRE AS RÚAS EMILIA PARDO BAZÁN, AVENIDA DE MADRID, CONDE DE GONDOMAR E AV/AV. GRAN VÍA

Na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, a -----de 2025.

REUNIDOS

Dunha parte, DONA María José Caride Estévez, Concelleira Delegada da área de Goberno de Urbanismo e vivenda do Concello de Vigo (Resolución do Alcalde con data do 04.07.2023;BOPPO Núm. 136 do día14.07.2023);

Da outra, Don MANUEL CASAL CARREIRO, con DNI 34563190D, veciño de Vigo, con domicilio na rúa García Barbón números 9-11, 5º B,

Don JOSÉ LUIS ALONSO DE FRANCISCO, con DNI 36.022.651M con domicilio na rúa Barcelona 30 6º A,

Dª ROSA MARÍA ALONSO DE FRANCISCO, titular do NIF 36.101.055-W con domicilio Praza Francisco Fernández del Riego 7, 4º B

Dª ÁNGELA BARREIRA ALONSO, titular do NIF 36.055.120-K, con domicilio na rúa Barcelona 30 6º A.

Don FRANCISCO RODRÍGUEZ CRIADO, con DNI 35988197M, veciño de Vigo, con domicilio na rúa Canceleiro nº 13, 1º B.

Don MANUEL RODRIGUEZ CRIADO titular do D.N.I. 36.004.091Y con domicilio na rúa Canceleiro13, 1º B Vigo

Don AUGUSTO RODRIGUEZ CRIADO titular do D.N.I. 36.050.034H con domicilio na rúa Canceleiro 13, 1º B Vigo

FRANCISCO ANTONIO MONTENEGRO CRIADO, maior de idade, casado, xubilado, con domicilio en Goián, Concello de Tomiño, na rúa Tollo nº 11 e con N.I.F.35.965.903-K;

FERMÍN MONTENEGRO CRIADO, maior de idade, casado, xubilado, con domicilio en Candeán, Concello de Vigo, na Madroa, nº 51, 9ºF e con N.I.F. nº 36.001.337-N;

ANTONIO CÉSAR MONTENEGRO CRIADO, maior de idade, casado, con domicilio en Santiago de Compostela, na Rúa do Ulla nº 14, 6ºB, con N.I.F 36.060.611-S.

LUÍS EUGENIO MONTENEGRO CRIADO, titular do DNI nº 36.025.683-R con domicilio en, Lugar Subida A Pateira nº 6 Nigrán, (Pontevedra) no seu nome e en representación de Don FERNANDO-MARTIN MONTENEGRO CRIADO, con NIF 36.006.680-L., en virtude do poder que ao seu favor conferiu na escritura autorizada pola Notario de Ourense dona María José



Rodríguez Tourón, o día 10 de agosto de 2021, baixo o número 1.230 de orde do seu protocolo. Don SANTIAGO-JORGE MONTENEGRO CRIADO, N.I.F. número 35.971.129-A. –en virtude do poder que ao seu favor conferiu na escritura autorizada polo Notario de Vigo don José María Rueda Pérez, o día 2 de maio de 2022, baixo o número 1.284 de orde do seu protocolo. Don ALFONSO MONTENEGRO CRIADO N.I.F. número 36.038.349-V. en virtude do poder que ao seu favor conferiu na escritura autorizada polo Notario de Vigo don José Luis Espinosa de Soto, o día 5 de agosto de 2021, baixo o número 1.754 de protocolo. Don JOSE-ANGEL MONTENEGRO CRIADO, N. I. F. número 35.940.940-J. en virtude do poder que ao seu favor conferiu na escritura autorizada polo Notario de Vigo don José Luis Espinosa de Soto, o día 7 de abril de 2022, baixo o número 878 de protocolo. Dona JESUSA-ISABEL MONTENEGRO CRIADO, N. I. F. número 35.980.955-P, en virtude do poder que ao seu favor conferiu na escritura autorizada polo Notario de Vigo don José Luis Espinosa de Soto, o día 16 de decembro de 2021, baixo o número 2.806 de orde do seu protocolo. Don VICTOR FRANCISCO MONTENEGRO CRIADO, titular do DNI nº 35965903K en virtude do poder que ao seu favor conferiu na escritura autorizada polo Notario de Vigo don José María Rueda Pérez, o día 7 de outubro de 2025, baixo o número 1.756 de orde do seu protocolo

MARÍA-TERESA-AMADA-FÁTIMA FERNÁNDEZ MEDIERO titular do DNI 35992851J con domicilio na rúa Lopez de Neira 22 4º B Vigo (Pontevedra) en representación de Dona MARIA-VITORIA MONTENEGRO CRIADO, N.I.F. número 36.017.669-Z, en virtude do poder que ao seu favor conferiu na escritura autorizada polo Notario de Vigo don José Luis Espinosa do día 4 de xuño de 1990, baixo o número 1.343 de orde do seu protocolo. Dona MARIA-JOSE MONTENEGRO CRIADO N.I.F. número 36.037.515-B. en virtude do poder que ao seu favor conferiu na escritura autorizada polo Notario de Ourense don Francisco Javier Fernández González, o día 10 de novembro de 2021, baixo o número 2.800 de orde do seu protocolo. Don MANUEL MONTENEGRO CRIADO, N.I.F. número 35.987.332-Z, en virtude do poder que ao seu favor conferiu na escritura autorizada polo notario de que foi de Vigo don José Luis Espinosa Anta, o día 4 de xuño de 1990, baixo o número 1.343 de orde do seu protocolo.

INTERVEÑEN

A primeira na súa condición de Concelleira delegada da área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, (Resolución do Alcalde con data do 04.07.2023 ; BOPPO Núm. 136 do día 14.07.2023)

Da outra,

Don Manuel Casal Carreiro en nome e representación de “Colexio Rosalía Castro, S.L.”, titular do CIF nº B36606424, na súa condición de administrador único, en virtude da escritura de solemnización de acordos sociais con data do 22/12/1998 ante o notario de Vigo, D. José Mª Rueda Pérez, nº 3.288 do seu protocolo.

Don José Luis Alonso de Francisco, no seu nome con DNI 36.022.651M con domicilio na rúa Barcelona 30 6º A,

Dª Rosa María Alonso de Francisco, no seu nome titular do NIF 36.101.055-W con domicilio Praza Francisco Fernández del Riego 7, 4º B

Dª Ángela Barreira Alonso, no seu nome titular do NIF 36.055.120-K, con domicilio na rúa Barcelona 30 6º A.

Don Francisco Rodríguez Criado no seu nome con DNI 35988197M con domicilio na rúa Canceleiro13, 1º B Vigo,

Don Manuel Rodríguez Criado, no seu nome Titular do DNI 36.004.091Y con domicilio na rúa Canceleiro13, 1º B Vigo,

Don Augusto Rodríguez Criado, no seu nome titular do DNI 36.050.034H con domicilio na rúa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 152 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Canceleiro 13, 1º B Vigo

Don Francisco Antonio Montenegro criado, maior de idade, casado, xubilado, con domicilio en Goián, Concello de Tomiño, na rúa Tollo nº 11 e con N.I.F.35.965.903-K;

Don Fermín Montenegro Criado, maior de idade, casado, xubilado, con domicilio en Candeán, Concello de Vigo, na Madroa, nº 51, 9ºF e con N.I.F. nº 36.001.337-N;

Don Antonio César Montenegro Criado, maior de idade, casado, con domicilio en Santiago de Compostela, na Rúa do Ulla nº 14, 6ºB, con N.I.F 36.060.611-S.

Don Luís Eugenio Montenegro Criado, titular do DNI 36.025.683-R no seu nome e en representación de:

≡≡ D. Alfonso Montenegro Criado, titular do DNI 36.038.349-V,

≡≡ D. Fernando Martín Montenegro Criado, titular do DNI nº 36.006.680-L.

≡≡ Dª Jesusa Isabel Montenegro Criado, titular do DNI nº 35.980.955-P.

≡≡ D. José Ángel Montenegro Criado, titular do DNI nº 35.940.940-J.

≡≡ D. Santiago Jorge Montenegro Criado, titular do DNI nº 35.971.129-A.

≡≡ D. Víctor Francisco Montenegro Criado, titular do DNI nº 35.940.939-N.

Dona. María-Teresa-Amada-Fátima Fernández Mediero titular do DNI titular do DNI 35992851J con domicilio na rúa Lopez de Neira 22 4º B Vigo (Pontevedra) en representación de:

≡≡ Dª María Vitoria Montenegro Criado, N.I.F. número 36.017.669-Z.

≡≡ Dª María José Montenegro Criado N.I.F. número 36.037.515-B.

≡≡ Don Manuel Montenegro Criado, N.I.F. número 35.987.332-Z.

EXPOÑEN

I.- Que os comparecentes son conscientes de que o Concello de Vigo, no documento de Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente polo Concello de Vigo en sesión do pleno celebrada o 26 de maio de 2025 (En diante, o novo PXOM), considera a Praza de España e a súa contorna inmediata como un elemento de singular importancia na estrutura urbana da Cidade, tanto desde o punto de vista do papel que xoga como peza de transición entre as diferentes tramas que caracterizan os bordos do Monte do Castro e a súa relación con espazos emerxentes como a nova Cidade da Xustiza, sendo un elemento de recepción da cidade e de espazo central do eixo Urzáiz-Samil.

II.- Que, dentro da devandito contorna da Praza de España de Vigo, máis concretamente entre as rúas Emilia Pardo Bazán, Avenida de Madrid, Conde de Gondomar e a Avenida Gran Vía, atópanse as seguintes parcelas:

a) Que a entidade “Colexio Rosalía Castro, S.L.” é propietaria en pleno dominio da seguinte parcela situada na Avenida Gran Vía de Vigo

Descrición: URBANA.- Terreo no que se empraza un edificio destinado a colexio que consta de soto, planta baixa, dous pisos e torre, situado no nomeamento de Couto, Mantelas, Salcido e outros, parroquia de Sárdoma, municipio de Vigo, que mide a superficie de tres mil dezaioito metros cadrados, realmente de tres mil



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 153 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

seiscentos cincuenta e dous metros cadrados, e linda: Norte, Avenida de Madrid; Sur, estrada Provincial; Leste, Excelentísimo Concello de Vigo; e Oeste, Gran Vía e señor Alonso.- REFERENCIA CATASTRAL: 3253602NG2735S0001EE.

Titular: Esta finca pertence a “Colexio Rosalía Castro, S.L.”, titular do NIF nº B36606424, por título de agrupación, segundo escritura autorizada polo notario de Vigo, D. José Mª Rueda Pérez, de 04/06/1999, nº 1.183 do seu protocolo.

Datos rexistrals: Rexistrada ao seu nome no Rexistro da Propiedade de Vigo, ao Tomo e libro 1.128, folio 202, leira nº 72729.

Asento: 1420/2025 - TITULO: DECLARACION DE DERRIBA, TRASIAO DE FINCA

INCIDENCIAS MAIS RELEVANTES DO PROCEDEMENTO REXISTRAL: PRESENTADO 08/05/2025, PRORROGADO 09/05/2025, INICIO EXPEDIENTE 199 09/05/2025, PECHE EXPEDIENTE 199 23/07/2025 Ao amparo do artigo 18 e concordantes da Lei e Regulamento Hipotecarios, con data de hoxe, previa tramitación de expediente para inscribir a representación gráfica xeorreferenciada da finca 72.729, conforme o artigo 199 da Lei Hipotecaria:

a) Feita constar a rectificación de superficie e actualización de linderos, e inscrita a base gráfica da parcela e lista de coordenadas dos vértices da parcela, quedando con esta data coordinada gráficamente con Catastro. -

A representación gráfica rexistrada poderá consultarse en: <https://geoportal.registradores.org/idiuir/36016000397960>

b) E inscrita a declaración de derriba de obra, que se contén no documento que antecede, na forma que se expresa a continuación:

Parcela 72729, CRU 36016000397960, Inscripción 3'

Cargas: Libre de cargas e gravames.

b) Que Dª Rosa María Alonso e D. José Luis Alonso de Francisco son propietarios a partes iguais en pleno dominio da seguinte parcela:

Descrición: URBANA. TERREO A SOLAR sito na rúa Conde de Gondomar, número doce, de Vigo, duns cincocentos corenta e sete metros cadrados, que limita: Norte, con rúa Conde de Gondomar, Sur, Colexio Rosalía de Castro; Leste, Gran Vía, e Oeste, coa finca número seis da Avenida de Madrid, propiedade de don Antonio González Concheiro. - REFERENCIA CATASTRAL: 3253603NG2735S0001SE.

Titulares: Esta parcela pertence por iguais partes indivisas en pleno dominio a Dª Rosa María e D. José Alonso Domínguez por herdanza do seu pai, falecido o día 17/12/2015, e pagado o imposto de sucesións na Xunta de Galicia nº de liquidación 2015/54/000/03695.

Datos rexistrals: Rexistrada ao seu nome no Rexistro da Propiedade de Vigo, ao Tomo e libro 1.082, folio 160, parcela nº 71544.

Cargas: Libre de cargas e gravames.

c) Que Dª Rosa María Alonso de Francisco nun 50%, D. José Luis Alonso de Francisco nun 35% e Dª Ángela Barreira Alonso no 15% restante son propietarios en pleno dominio da seguinte parcela:

Descrición: URBANA. Terreo a solar en Couto de Abaixo, denominación de Mantelas, desta cidade de Vigo, de setecentos cincuenta metros cadrados. - Limita: Oeste ou fronte, coa Gran Vía, nunha lonxitude de trinta e dous metros; ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 154 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Norte ou esquerda, en liña de vinte e dous metros co solar sinalado no plano co número quince, propiedade de Angel Caride Soto; Sur ou dereita, en liña de vinte e nove metros, coa estrada Provincial a Sárdoma, e ao Leste ou fondo, nunha lonxitude de vinte e tres metros, con solar número dezasete do mesmo plano, propiedade de Angel Caride Soto.- A liña do Sur do solar descrito é paralela ao eixo da Estrada de San Pedro de Sárdorna e está situada a seis metros e medio do referido eixo. REFERENCIA CATASTRAL: 3253601NG2735S0001JE.

Titulares: Esta parcela pertence en pleno dominio nun 50% a D^a Rosa María Alonso de Francisco, titular do NIF 36.101.055-W, un 30% por título de compravenda, segundo escritura autorizada polo notario de Vigo, D. José Pedro Riol López., de 18/02/2008, n^o 408 do seu protocolo e o 20% restante por título de herdanza, segundo escritura autorizada polo mesmo notario de 14/07/2010, n^o 1.750 do seu protocolo; nun 35% a D. José Luis Alonso de Francisco, titular do NIF 36.022.651-M, un 15% por título de separación, segundo sentenza de 3/06/2010 do Xulgado de Primeira Instancia n^o 5 de Vigo (n^o procedemento 470/2010) e o 20% restante por título de herdanza, segundo escritura autorizada polo citado notario de 14/07/2010, n^o 1.750 do seu protocolo; e o 15% restante a D^a Ángela Barreira Alonso, titular do NIF 36.055.120-K, tamén por título de separación, segundo sentenza de 3/06/2010 do Xulgado de Primeira Instancia n^o 5 de Vigo (n^o procedemento 470/2010).

Datos rexistrais: Rexistrada ao seu nome no Rexistro da Propiedade de Vigo, ao Tomo e libro 1.025, folio 194, leira n^o 13.340.

Cargas: Libre de cargas e gravames.

d) Que D. Francisco, Manuel e Augusto Rodriguez Criado son propietarios por partes iguais do pleno dominio do 50% e D. Alfonso, D. Antonio César, D. Fermín, D. Fernando Martín, D. Francisco, D^a Jesusa Isabel, D. José Ángel, D. Luís Eugenio, D. Manuel, D. María José, D. M^a Victoria, D. Santiago Jorge e D. Víctor Montenegro Criado por partes iguais do pleno dominio do 50% restante da seguinte parcela:

Descrición: Urbana. - Terreo situado no termo de Vigo, parroquia de Freixeiro, lugar de Couto, da superficie total de catrocentos corenta e seis metros once decímetros cadrados, que linda: polo Norte, Avenida de Madrid; polo Sur, Anxo Caride, agora Colexio Estudo; polo Leste, de dona María e dona Jesusa Criado Montes; e polo Oeste, Sanatorio Concheiro.

REFERENCIA CATASTRAL: 3253605NG2735S0001UE.

Titular: Esta parcela pertence nun 50% en pleno dominio e por partes iguais a D. Francisco, Manuel e Augusto Rodriguez Criado por herdanza da súa nai D^a María Criado Montes; e no 50% restante, tamén en pleno dominio e por partes iguais (cada un deles dun 3,84%) a D. Alfonso Montenegro Criado, titular do DNI n^o 36.038.349-V, D. Antonio César Montenegro Criado, titular do DNI n^o 36.060.611-S, D. Fermín Montenegro Criado, titular do DNI n^o 36001337N, D. Fernando Martín Montenegro Criado, titular do DNI n^o 36.006.680-L, D. Francisco Montenegro Criado, titular do DNI n^o 35965903K, D^a Jesusa Isabel Montenegro Criado, titular do DNI n^o 35.980.955-P, D. José Ángel Montenegro Criado, titular do DNI n^o 35.940.940-J, D. Luís Eugenio Montenegro Criado, titular do DNI n^o 36.025.683-R, D. Manuel Montenegro Criado, titular do DNI n^o 35.987.332-Z, D^a María José Montenegro Criado, titular do DNI n^o 36.037.515-B, D^a M^a Victoria Montenegro Criado, titular do DNI n^o 36.017.669-Z, D. Santiago Jorge Montenegro Criado, titular do DNI n^o 35.971.129-A e D. Víctor Francisco Montenegro Criado, titular do DNI n^o 35.940.939-N, por título de adxudicación, segundo escritura autorizada polo notario de Vigo, D. José M^a Rueda Pérez, de



10/08/2021, nº 2.390 do seu protocolo.

Datos rexistrals: Rexistrada no Rexistro da Propiedade de Vigo, ao Tomo e libro 1.362, folio 110, leira nº 78985 a nome Dona María Criado Montenegro e dos irmáns Montenegro Criado; a inscrición da herdanza de D^a María Criado Montes a nome dos seus fillos D. Francisco, D. Manuel e D. Augusto Rodríguez Criado atópase pendente de inscrición rexistral.

III.- Que as parcelas descritas no expositivo II, sitas como diciamos entre as rúas Emilia Pardo Bazán, Avenida de Madrid, Conde de Gondomar e av. Gran Vía, polo seu grao de urbanización efectiva reúne a condición de solo urbano consolidado recollida no art. 17 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia- Que, por iso, o novo PXOM clasifica estas parcelas como solo urbano consolidado (SUC) coa cualificación de ordenanza U4. Edificación aberta, en cuxo apartado 6. Praza de España dí o seguinte:

No ámbito da Praza de España o Plan Xeral establece en planos de ordenación ámbitos de posición da futura edificación a implantar coa consideración de áreas de movemento, e coa superficie máxima edificable que de seguido establécese en relación ás parcelas que se indican, coa referencia catastral vixente á aprobación do Plan. A formalización da nova edificación requirirá da formulación dun estudo de detalle así como dous procesos de normalización de predios que sexan do caso, aos efectos de acomodarse ás determinacións de ordenación. A altura máxima de edificación será de baixo e sete plantas, autorizándose usos por riba da mesma nas condicións establecidas no punto 3 da presente ordenanza, ao igual que a ocupación da totalidade da área de movemento en plantas baixo rasante con destino a garaxe aparcamento e instalacións complementarias.

O sobranse da área de movemento non ocupada pola edificación sobre rasante terá a consideración de espazo de uso público peonil.

3253601NG2735S, 3253602NG2735S, 3253603NG2735S, 3253605NG2735S: 12.425 m²

A edificabilidade que representa 2,6 m²/m² repártese en proporción ás superficies catastrais. A altura de edificación é de 8 plantas e 26 metros e 7 plantas e 22,50 metros

Parcela	Nº parcela catastral	Titular/es	Superficies catastrais	Porcentaxe total ámbito
3	3253603NG2735S001SE	D ^a Rosa María (50%) e D. José Alonso de Francisco (50%)	497,00 m ²	10,40%
2	3253602NG2735S001EE	"Colexio Rosalía de Castro, S.L."	3131,00 m ²	65,52%
1	3253601NG2735S001JE	D ^a Rosa María (50%) e D. José Luis Alonso de Francisco (35%) e D ^a Ángela Barreira Alonso (15%).	706,00 m ²	14,77%



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 156 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

5	3253605NG2735S00 01UE	D ^a Manuel, Francisco e Augusto Rodríguez Criado (cada un 1/3 do 50%) e D. Alfonso, D. Antonio César, D. Fermín, D. Fernando Martín, D. Francisco, D ^a Jesusa Isabel, D. José Ángel, D. Luís Eugenio, D. Manuel, D. María José, D. M ^a Victoria, D. Santiago Jorge e D. Víctor Francisco Montenegro Criado. (3,84% %)	445,00 m2	9,31%
Total			4.779,00 m2	100%

Concrétase que a formalización da nova edificación requirirá a formulación dun Estudo de Detalle. Unha franxa destas parcelas figura cualificada como sistema local espazo libre SL-O-XAR 713.1-Ob.

IV.- Dado o carácter emblemático deste espazo, o novo PXOM pretende tamén a obtención dos sistemas locais previstos con destino a zonas verdes, bulevar e beirarrúas peonís previstos nos seus planos.

V.- Que o Concello de Vigo no ámbito das súas competencias, ao amparo do artigo 165 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, pode celebrar convenios urbanísticos con particulares, coa finalidade de colaborar e desenvolver de maneira máis eficaz a actividade urbanística.

VI.- Que en atención ao exposto, de conformidade cos compromisos xa adquiridos coa Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo e asegurando unha inmediata actuación urbanística eficaz na consecución duns obxectivos de evidente interese xeral dada a súa posición central na Cidade e pola súa incidencia na mellora do espazo público, a funcionalidade urbana e a calidade ambiental, a súa adecuación á normativa urbanística de aplicación, ao ordenamento xurídico, e ao principio de boa administración, unha vez aprobado definitivamente o novo PXOM, os comparecentes acordan a formulación dun CONVENIO URBANISTICO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN, conforme os seguintes

COMPROMISOS

PRIMEIRO- Clasificación e cualificación urbanísticas. Estudo de Detalle.

Constatado o cumprimento dos requisitos legalmente requiridos, o PXOM aprobado definitivamente clasifica as parcelas identificadas no expositivo II como solo urbano consolidado (SUC) coa cualificación de uso residencial colectivo e sistema local espazo libre, determinacións contidas no antecedente IV do presente documento obrigacional.

Os propietarios das parcelas identificadas no expositivo II obríganse a presentar ante o Concello de Vigo no prazo máximo de tres meses un Estudo de Detalle referido ás súas parcelas, para a ordenación exacta dos volumes resultantes da actuación. Tamén presentarán un proxecto de normalización para adaptar as súas parcelas á devandita ordenación derivada do Estudo de Detalle.

SEGUNDO-. Cesións de solo convidas.

Os propietarios das parcelas identificadas no expositivo II comprométense a ceder gratuitamente



ao Concello de Vigo as superficies necesarias procedentes das parcelas das que son propietarios para destinar ao sistema local SL-O-XAR 713.1-0b, así como o boulevard da Avenida Gran Vía e a ampliación da Rua Emilia Pardo Bazán, previstos no PXOM aprobado definitivamente.

O emprazamento e contía das superficies de cesión será, en calquera caso, a que resulte da documentación do Estudo de Detalle a redactar que resulte aprobado definitivamente.

Estas cesións, en cada caso e de maneira individualizada, formalizaranse polos propietarios no prazo máximo de 1 mes a contar desde a notificación por parte do Concello de Vigo da concesión da correspondente licenza de obra e, en todo caso, antes do outorgamento da escritura de declaración de obra nova da futura edificación. Esta formalización das cesións requiridas se levará a cabo mediante a subscripción da correspondente acta de entrega e recepción a subscribir polo propietario e o Concello de Vigo.

Con independencia de que a obrigación de ceder corresponderá aos que sexan propietarios das parcelas onde irán os espazos de cesión, a totalidade dos propietarios das parcelas identificadas no expositivo II obríganse a contribuír proporcionalmente á totalidade de custos para a súa completa urbanización e cesión, distribuíndose este custo en función das seguintes porcentaxes de participación:

Parcela	Nº parcela catastral	Titular/é	Superficies catastrais	Porcentaxe de distribución de custos de urbanización
3	3253603NG2735S0001SE	Dª Rosa María e D. José Alonso de Francisco	497,00 m2	10,40%
2	3253602NG2735S0001EE	“Colexio Rosalía de Castro, S.L.”.	3131,00 m2	65,52%
1	3253601NG2735S0001JE	“Dª Rosa María e D. José Luis Alonso de Francisco e Dª Ángela Barreira Alonso.	706,00 m2	14,77%
5	3253605NG2735S0001UE	Dª Manuel, Francisco e Augusto Rodríguez Criado (cada un 1/3 do 50%) e D. Alfonso, D. Antonio César, D. Fermín, D. Fernando Martín, D. Francisco, Dª Jesusa Isabel, D. José Ángel, D. Luís Eugenio, D. Manuel, D. María José, D. Mª Victoria, D. Santiago Jorge e D. Víctor Francisco Montenegro Criado. (3,84% %)	445,00 m2	9,31%





Concello de Vigo

TERCEIRO- Transmisión de parcelas e dos dereitos e obrigacións derivadas do Convenio.

Os propietarios asinantes resérvanse a facultade de ceder ou transmitir as parcelas descritas no expositivo II deste Convenio a favor das persoas físicas ou xurídicas que libremente designen, mantendo este Convenio toda a súa forza e vixencia.

Os propietarios asinantes obríganse a incluír as obrigacións derivadas do presente Convenio nos títulos de propiedade ou de calquera negocio xurídico que puidesen outorgarse e/ou celebrarse tendo par obxecto, total ou parcial, as parcelas obxecto do mesmo e á súa aceptación expresa en cantos documentos, públicos e/ou privados outorgásense.

CUARTO- Cooperación dos asinantes.

Os asinantes, conscientes da importancia desta actuación, e co obxecto de alcanzar os obxectivos perseguidos, manifestan o seu propósito de cooperar nas actuacións para realizar no ámbito das súas respectivas competencias, en beneficio da inmediata execución da ordenación desta importante peza urbana da cidade de Vigo.

QUINTO-. Formalización do pertinente convenio urbanístico de Xestión.

Forma parte integrante deste compromiso e do réxime de reciprocidade acordado polos asinantes, a ordenanza de aplicación e a ordenación do PXOM detallada que se incorporan ao mesmo como Anexos.


SEXTO-. Perda de efectividade do compromiso.

Sen prexuízo do resto de causas legais que puidesen proceder para a extinción deste compromiso, o mesmo quedará sen efecto pola modificación por calquera causa, da ordenación recollida no PXOM aprobado definitivamente.

E en proba de conformidade con canto antecede, asinano a un só efecto as persoas citadas ao inicio, no lugar e data indicados no encabezamento.

ANEXO I PLANO TOPOGRAFICO





ANEXO II ORDENANZA

Art. 79. Ordenanza U4. Edificación aberta.

1. Delimitación e ámbito. Aplícase esta ordenanza a actuacións singulares de vivenda colectiva ou doutros usos dos permitidos, non incorporables ás morfologías en mazá ou en ringleira, xeralmente resultantes de actuacións de xestión urbanística, segundo delimitase en planos de ordenación.

Fíxase un tipo de edificación exenta con fachada a todos os lindes da parcela, excepto adose establecido en planos de ordenación; conformando edificación illada en bloques abertos. 3. Parámetros e condicións da edificación. Para a edificación existente manteranse os parámetros volumétricos e as condicións de edificación, conforme ao reflectido na cartografía base dos planos de ordenación. Para a nova edificación respectaranse as determinacións establecidas en planos de ordenación referidos á posición, planta neta do chan edificado e a súa altura máxima, ou de ser o caso das licenzas concedidas e vixentes. As alturas mediranse sobre a rasante da vía á que de fronte a edificación e deberá respectarse en toda a profundidade edificable. Por encima da altura máxima definida poderán autorizarse, nas condicións establecidas no art. 62.6 da presente Normativa, usos dos permitidos na planta inmediatamente inferior, e usos complementarios de rochos e tendederos nas condicións que se fixan nas Normas de habitabilidade. Non se autorizarán voos sobre as liñas de edificación exteriores. Autorizaranse semisótanos sempre que queden incluídos na altura máxima permitida. Os usos autorizados para semisótanos serán os complementarios aos autorizados nas plantas baixas ademais do uso de garaxe. Igualmente, autorízanse a construción de plantas soto para albergar as instalacións técnicas do edificio, usos complementarios aos autorizados na planta baixa e garaxe-aparcamento. Tanto os sotos como os semisótanos manteranse ao interior da proxección vertical das plantas piso, podéndose autorizar maiores ocupacións de parcela privada coa única



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 160 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

finalidade de localizar as prazas de aparcamento obrigatorias. Autorízase a construción de entresollados, que en ningún caso poderán ocupar máis do cincuenta (50) por cento dos locais de planta baixa, e computarán como superficie edificada, estando o seu uso vinculado ao da planta baixa.

No caso de parcelas que polas súas condicións topográficas deixen ao descuberto unha planta de soto estarase ao establecido na ordenanza U3 A de Edificación lineal densa. 4. Aliñacións e rasantes. Son as establecidas nos planos de ordenación. Nas zonas en que os planos de ordenación non as determinen, conservaranse as existentes. Para os efectos do seu tratamento e acabado, as liñas de edificación no seu caso terán a consideración de fachadas exteriores.

5. Usos. Permiten os seguintes usos:

- . Residencial.
- . Terciario: Hostaleiro.
- . Terciario: Comercial. Categoría 1ª, 2ª.
- . Terciario: Oficinas.
- . Terciario: Recreativo. Categoría 1ª, 2ª, Tipo I e II, 3ª.
- . Industrial: Nas seguintes categorías e grupos:
 - Produtiva: Categoría 1ª, 2ª.
 - Almacenamento: Categoría 1ª.
- . Garaxe aparcamento e servizo do automóbil nas seguintes categorías e graos:
 - . Categoría 1ª, 2ª, e 4ª, sempre que non implique operacións de chapistería e pintura, e garantindo a ausencia de verteduras que poidan deteriorar as instalacións de sumidoiros e depuración.
- . Dotacional -Equipamentos:
 - Educativo. Categoría En planta baixa da edificación e primeira vinculada directamente coa planta baixa ou en edificación exclusiva.
 - Socio-Cultural. Categoría 1ª en edificación exclusiva e 2ª.
 - Asistencial-Sanitario. Categoría 1ª, 3ª, en planta baixa da edificación e primeira vinculada directamente coa planta baixa.
 - . Categoría 2ª, 4ª en edificación exclusiva. Categoría 5ª, en planta baixa da edificación.
 - Servizos público. Categoría 1ª.3a, en planta baixa da edificación.
 - Administración institucional.
 - Deportivo. Categoría 1ª, en planta baixa da edificación.
 - Relixioso. Categoría 1ª, en planta baixa. Categoría 2ª en edificación exclusiva.
 - Dotacional múltiple.

6. Praza de España

No ámbito da Praza de España o Plan Xeral establece en planos de ordenación ámbitos de posición da futura edificación a implantar coa consideración de áreas de movemento, e coa superficie máxima edificable que de seguido establécese en relación ás parcelas catastrais que se indican, coa referencia catastral vixente á aprobación do Plan. A formalización da nova edificación requirirá da formulación dun estudo de detalle así como dos procesos de normalización de predios que sexan do caso, para os efectos de acomodarse ás determinacións de ordenación. A altura máxima de edificación será de baixo e sete plantas, autorizándose usos por encima da mesma nas condicións establecidas no punto 3 da presente ordenanza, do mesmo xeito que a ocupación da totalidade da área de movemento en plantas baixo rasante con destino a garaxe aparcamento e instalacións complementarias.

A sobranse da área de movemento non ocupada pola edificación sobre rasante terá a consideración de espazo de uso público peonil.

3255501NG2735N e 3255502NG2735N: 10.866 m2.

3355901NG2735N e 3355902NG2735N: 3.574 m2.

3354406NG2735S: 7.621 m2.


3453903NG2735S, 3453928NG2735S e 3453904NG2735S: 6.804 m2.

3254201NG2735S: 8.891 m2. 3254701NG2735S: 1.996 m2.

3253601NG2735S, 3253602NG2735S, 3253603NG2735S, 3253605NG2735S: 12.425 m2.



ANEXO III SOLO URBANO CONSOLIDADO



ANEXO IV DOCUMENTACIÓN DE PROPIEDADES

Finca catastral 3253603NG2735S0001SE
Finca catastral 3253602NG2735S0001EE
Finca catastral 3253601NG2735S0001JE
Finca catastral 3253605NG2735S0001UE

17(961).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DOS TERREOS DO “PLAN ESPECIAL DE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 162 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP PÁRROCO DON CAMILO, EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA". EXPTE. 296/413.

Visto o ditame favorable do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 09/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/12/2025, asinado pola técnica de Administración xeral e a xefa do Departamento de Desenvolvemento urbanístico, e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES E FEITOS

I.I. En data 31.03.2025 o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente o «*Plan especial de Infraestruturas para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña*» publicado no DOGA Núm. 88, do día 09.05.2025; normativa e ordenanzas no BOPP núm 134 do 16 de xullo de 2025. (Exp. Núm. 18337/411). A finalidade do PEI é a creación dun novo vial de acceso ao centro educativo «*Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña*».

I.II. No vixente PXOU do Concello de Vigo- PXOU 2025- definitivamente aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do día 26.05.202, na que se aprobou o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no DOG núm. 123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm. 146 do 04.08.2025- o ámbito atópase clasificado como solo urbano non consolidado (código 615, Camposancos- da Pedreira – Matamá) e unha pequena esquina como solo urbano consolidado estando cualificado como sistema local de equipamento dotacional existente, código 160 (Exp.15313/411).

Na ficha do referido ámbito SUNC 615 Camposancos- da Pedreira- Matamá, establecece no apartado de observacións que, «*Neste ámbito inclúese o "Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco D. Camilo en S. Andrés de Comesaña" en fases últimas de tramitación. No seu ámbito de aplicación estarase ao que resulte do documento que se aprobe definitivamente.* Polo que, o novo planeamento xeral do Concello de Vigo recolle o documento aprobado definitivamente deste plan especial.

I.III. En data 10.04.2025 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo e vivenda ditou resolución pola que se dispuxo o inicio do procedemento administrativo para a obtención mediante expropiación, dos bens e dereitos necesarios para a execución do PEID Párroco Don Camilo, accesos e equipamento, encomendando ao Departamento municipal de Desenvolvemento Urbanístico desta XMU a tramitación administrativa e a elaboración dos documentos técnicos necesarios, para o inicio e impulso do procedemento expropiatorio; Da antedita resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión que tivo lugar oen data 15.04.2025.

I. IV. En data 06.05.2025 mediante oficio do xerente de urbanismo solicitouse ao Rexistro da propiedade núm. 3 dos de Vigo, a expedición de certificación de dominio e cargas das parcelas afectadas, así como a expedición e anotación preventiva do inicio do expediente expropiatorio.

I.V. Asemade, procedeuse a notificación individualizada da resolución de incoación do expediente, aos titulares de bens e dereitos afectados segundo plano- parcelas catastrais incorporadas ao expediente, e relación de titulares catastrais actuais a data 06.05.2025 segundo datos facilitados polo servizo de informática da XMU.

I.VI. Pola súa banda, consta incorporado ao expediente o correspondente documento contable- RC núm. 5202500003700 de data 11.11.2025, pola cantidade de 401.224,89 euros, necesario e suficiente para acometer o gasto (trámite 328 do expediente).

I.VII. En data 18.11.2025 incorpórase ao expediente electrónico o documento técnico nomeado «Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos do PEID acceso ao CEIP PÁRROCO DON CAMILO» redactado



polas arquitectas do servizo de planeamento e xestión en data outubro de 2025, asinado electrónicamente en data 18.11.2025.

I.VIII. Obra no expediente notificación rexistral de asento de presentación expedida pola rexistradora do rexistro núm. 3 dos de Vigo en data 24.11.2025, no que certifica que o asento de presentación quedou estendido no lugar e data que se expresan: núm. De entrada 9776, asento 4232, diario 2025, en data 19.11.2025.

II.FUNDAMENTOS DE DEREITO/ VALORACIÓN XURÍDICA

II.I. Normativa básica aplicable

- TRLS/2015 (Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,
- LSG (Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- RLSG (Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia,
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2025), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do 26.05.2025, na que se aprobou o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no DOG núm. 123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm. 146 do 04.08.2025.
- Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 31.03.2025, DOGA núm. 88, do 9.05.2025, BOPPO núm.134 do 16.07.2025
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- O resto de disposicións que puideran afectar,

II.II. Declaración de utilidade pública e necesidade de urxente ocupación

O artigo 85.1 da LSG dispón que, a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística leva aparellada a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

Nos previos antecedentes de feito, deixouse constancia que o propio PEI establece que a obtención dos terreos necesarios realizárase mediante a aplicación dos mecanismos sinalados no artigo 129.3 da LSG ao establecer que, “
3. Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais en solo urbano non consolidado, en solo urbanizable ou, se é o caso, en solo rústico incluído nunha área de repartición e os destinados a sistemas locais en solo urbano non consolidado, actuacións integrais en solo de núcleo rural e en solo urbanizable obteranse:a) Por cesión obrigatoria derivada da súa inclusión ou adscrición nunha área de repartición e no correspondente polígono. b) Por ocupación directa. c) Por permuta forzosa .d) Mediante expropiación forzosa. e) Por convenio urbanístico entre a Administración e o propietario

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 117 e seguintes da LSG, o presente expediente tramítase polo procedemento expropiatorio por taxación conxunta (Art. 118 LSG). Esta previsión da normativa urbanística galega debe cohonestarse coa normativa estatal, que contempla tamén -dun xeito similar- que a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística leva aparellada a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes (art. 42.2 do TRLSRU); tocante á habilitación para que a execución



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 164 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

se realice por expropiación, basta remitirse ao amentado art. 129.3 da LSG antes transcrito, que prevé a aplicación discrecional do procedemento expropiatorio como un dos sistemas de obtención do solo no que o planificador prevé a implantación de sistemas locais.

II.III. Tramitación do Procedemento de Taxación Conxunta

A LSG (Art. 118) e en similares termos o artigo 291 e seguintes do RLSG adócanse ao procedemento de expropiación por taxación conxunta. No mesmo se obriga a un contido mínimo e se dispón o procedemento de aprobación do mesmo.

No que atinxe ao cumprimento do dito contido mínimo, as que subscriben a presente proposta e tralo análise técnico e xurídico da documentación técnica elaborada polo departamento de planeamento e xestión en data outubro de 2025, asinado polas arquitectas de dito servizo en data 18.11.2025 do «Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos do PEID acceso ao CEIP PÁRROCO DON CAMILO» versión para a súa aprobación inicial, cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación.

Tocante ao procedemento, (Artigos 118 e seguintes LSG, e en similares termos os artigos 293 e seguintes do RLSG) o proxecto de expropiación, con todos os documentos que o integran, será aprobado inicialmente polo órgano municipal competente e deberá ser sometido a un trámite de información pública durante un prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios no Diario oficial de Galicia e nun diario dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que puideran resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no concernente á titularidade ou valoracións dos seus respectivos dereitos.

Así mesmo, as taxacións notificáranse individualmente ós que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, con traslado literal da folia de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración. Trala análise das alegacións presentadas, e a emisión do correspondente informe, procederase á aprobación definitiva do expediente, implicando a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados (artigo 118 apartado 10 da LSG e no artigo 293 apartado 10 do RLSG).

II.IV. Necesidade de práctica da nota marxinal ao inicio do expediente expropiatorio no Rexistro da propiedade.

Obra no expediente notificación rexistral de asento de presentación expedida pola rexistradora do rexistro núm. 3 dos de Vigo en data 24.11.2025, no que certifica que o asento de presentación quedou estendido no lugar e data que se expresan: núm. de entrada 9776, asento 4232, diario 2025, en data 19.11.2025.

II.V. Conclusións

Tralo análise técnico e xurídico da documentación técnica elaborada polo departamento de planeamento e xestión en data outubro de 2025, asinado polas arquitectas de dito servizo en data 18.11.2025 do «Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos do PEID acceso ao CEIP PÁRROCO DON CAMILO» versión para a súa aprobación inicial, cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación, e procede a súa aprobación inicial.

II.VI. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local do Concello de Vigo (artigo 127.1.d) da LBRL), a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (arts10.1 d, 10.1.j) e 2.4.A.12 dos Estatutos da XMU, na súa versión consolidada, AD Pleno do Concello do 06.09.2010).

Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa consideración polo Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte ,

«ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 165 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PRIMEIRO: Prestar aprobación, con carácter inicial ao «*Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos do Plan especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña*», documentación técnica redactada conxuntamente polas arquitectas do servizo de planeamento e xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo en data outubro de 2025, e asinada electrónicamente en data 18.11.2025.

SEGUNDO: Someter a información pública o presente expediente, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes ,mediante a publicación de senllos anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e/ ou reclamación que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos, computándose o remate do referido prazo dende a data da publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría Xeral que ten atribuída a competencia.

TERCEIRO: Notificar as taxacións de xeito individual a todas aquelas persoas que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, mediante traslado literal das correspondentes follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que formulen as alegacións que teñan convenientes no prazo dun mes a partir da súa debida notificación.

CUARTO: O contido íntegro do instrumento inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom_2025.php?lang=gal no apartado de Xestión/Execución do Planeamento.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente para a adopción do acordo adoptará, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de aprobación do informe-proposta polo que se recoñece a existencia dunha alteración do equilibrio económico do contrato “Concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia”. Expte. 6603/241.
- .- Proposta de aprobación do informe proposta polo que se recoñece a existencia dunha alteración do equilibrio económico do “Contrato de concesión de servizo público de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na Praza Central do Polígono I do PERI II a Florida B2. Expte. 6604/241.
- .- Expediente de contratación do servizo de elaboración do “Plan de Marketing e dinamización da festa da Brincadeira” no marco do PRTR -financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU. Expte. 8946/104.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 166 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- .- Expediente de contratación do subministro de luminarias led e outros elementos da rede de alumado viario en Bouzas de acordo ao Plan de Sustentabilidade Turística do casco histórico da vila de Bouzas, no marco do PRTR, financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU. Expte. 8899/104.
- .- Expediente de contratación do servizo de deseño e creación de paquetes turísticos en Bouzas no marco do PRTR -financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Expte. 8883/104.
- .- Proxecto de convenio de colaboración coa Federación Empresarial de Turismo e Hostalaría de Pontevedra (FEPROTUR) para o desenvolvemento das accións formativas de fomento da dixitalización dos establecementos gastronómicos do eixo turístico Estación marítima/ Monte do Castro, no marco do Plan de Sustentabilidade Turística en destino de Vigo, PRTR-financiados con fondos NEXTGENERATIONEU. Expte. 8958/104.
- .- Nomeamento como persoal funcionario en prácticas, na categoría de Policía local-C1, con cargo a prazas da Oferta de emprego público (OEP) 2024. Expte. 47942/220.
- .- Oferta de Emprego Público para o ano 2025. Expte. 45859/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

18(962).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO INFORME PROPOSTA POLO QUE SE RECOÑECE A EXISTENCIA DUNHA ALTERACIÓN DO EQUILIBRIO ECONÓMICO DO “CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO CON OBRA PARA A CONSTRUCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE NAVIA”. EXPTE. 6603/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 12/12/2025 e o informe de fiscalización do 17/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/12/2025, asinado pola técnica de



Administración Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (PCAP), aprobado pola Xunta de Goberno local o 8 de agosto de 2013

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de novembro de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a CIVIS GLOBAL, SL o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (12242-333), por un prazo de 49 anos e cun canon de 9.100 euros/ano, sendo o prezo total do proxecto de 8.767.908,48 €.

Con data 7 de marzo de 2014, a Xunta de Goberno Local tomou razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, SL, por parte da empresa adxudicataria, co obxecto de ser a titular da concesión e autorizou a formalización do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia coa sociedade MQA NAVIA, SL.

Segundo.- En data 24 de abril de 2020 a Xunta de Goberno Local acordou, entre outros extremos, o seguinte:

“1º.- Declarar a imposibilidade de execución da concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12.242-333), adxudicado a MQA NAVIA, SL, consonte ó previsto nos pregos que rexen este contrato, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2013,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 168 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

desde o 14 de marzo de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

2º.- Manter das prestacións previstas na cláusula 7 do PPT aquelas necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo informadas favorablemente polo responsable do contrato segundo o disposto no fundamento xurídico III deste informe (...)."

Terceiro.- Con data 8 de xuño de 2020, a mercantil MQA NAVIA, SLU, presenta escrito no que solicita, tendo en conta a normativa relativa á aplicación da fase 3 do "Plan para a transición a unha nova normalidade", que se notifique "á sociedade concesionaria se como consecuencia da nova regulación déixase sen efecto o peche das instalacións acordado mediante Resolución de data 13 de marzo de 2020, e permítese a actividade".

En data 11 de xuño de 2020 a XGL, en base a devandita solicitude do concesionario, acordou "Comunicar ao concesionario o fin da suspensión da execución do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12.242-333) procedendo á reanudación do contrato o venres 12 de xuño de 2020".

En vista da anterior solicitude, o día 10 de agosto do 2020 a Xunta de Goberno Local acordou:

"1º.- Reequilibrar a concesión de servizo público de construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, e declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2020.

2º.- A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico establecendo unha compensación económica única ó concesionario, MQA NAVIA, SL, por un importe de 367.226,82 euros que aboarase en efectivo e se imputará a aplicación presupostaria 3410 2269902".

Cuarto.- En data 4 de febreiro de 2021 a XGL acordou o seguinte:

"1º.- Declarar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

a) Concesión de servizo público de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (expediente nº 6.078-333), adxudicado a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 3 do PPT necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo.

b) Concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente nº 12.242-333), adxudicado a MQA NAVIA, S.L., agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 7 do PPT necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo.

c) Contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341) adxudicado a SERVICIOS SECURITAS, S.A., agás as prestacións da parte fixa do contrato que afecta aos servizos de coordinación e organización do servizo.



d) Contrato de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (expediente nº 23976-332) adxudicado a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.

e) Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611):

1. Suspensión da parte variable do contrato relativa a actividades docentes (monitores, profesores e coordinadores, nas piscinas e ximnasios obxecto do contrato).

2. Suspensión parcial da parte fixa do contrato agás: • O 50% das prestacións de limpeza.

• As prestacións relativas á mantemento.

• As prestacións de dirección.

• Os subministros enerxéticos.

• As prestacións de recepción e socorrismo, na piscina das Travesas en horario de 14:00 a 21:30 horas, de luns a venres.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 27 de xaneiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde.

3º.- O levantamento da suspensión estará supeditado á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente.

4º.- Requirir ós responsables dos contratos o levantamento dun acta de suspensión na que se consignen as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato.”

Quinto.- Con data 5 de marzo de 2021, a XGL acorda:

“1º.- Levantar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

- Concesión de servizo público de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (expediente nº 6.078-333).
- Concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente nº 12.242-333).
- Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611), agás o 33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas, equivalente a 11 horas semanais por cada un por mor das limitacións de aforos fixadas na citada orde.

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos desde o 26 de febreiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde”.

Sexto.- En data 31 de marzo de 2021, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de MQA NAVIA, SLU, achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento nº 210051576) escrito de solicitude de reequilibrio da concesión de que é titular o seu representado, polo período 1 de xullo ao 31 de decembro de 2020. Xustifica esta solicitude



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 170 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

no desequilibrio da concesión xerado pola situación de crise derivada da pandemia do COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e Concello de Vigo, para facer fronte a crise. Achega, xunto ao escrito de solicitude, a documentación que xustifica a minoración de ingresos, identifica os custes de explotación e realiza unha comparativa cos resultados de anos anteriores. Finaliza solicitando que se reequilibre a concesión mediante a modificación do seu réxime económico aprobando unha achega única de 256.793,00 €.

Sétimo.- A vista da documentación presentada por MQA NAVIA, SLU, o Servizo de Contratación solicita informes ao servizo xestor acerca da mesma. O servizo emite os correspondentes informes técnicos en datas 5 de maio, 15, 16 e 26 de xullo de 2021:

- 5 de maio de 2021: no que se analiza a solicitude de MQA NAVIA, S.L.U. para o restablecemento do equilibrio económico do contrato polo período do 1 de xullo ao 31 de decembro de 2020, confirmando que as medidas sanitarias adoptadas tiveron unha incidencia directa e provocaron unha alteración negativa moi importante no contrato por causas non imputables á concesionaria.
- 15 de xullo de 2021: no que se conclúe que a achega económica da administración é a medida que máis se axusta ás peculiaridades do desequilibrio.
- 16 de xullo de 2021: que analiza aspectos económico-orzamentarios sobre a proposta de reequilibrio da concesión.
- 26 de xullo de 2021: o responsable do contrato pronúnciase sobre a perda de ingresos coas previsións do estudo de viabilidade e co plan económico financeiro e a oferta dos concesionarios e sinala:

“Polo exposto os ingresos previstos no PEF se consolidan para a concesión para o prazo total da concesión. En relación a estes no ano 2015 o inicio da fase de explotación correspóndese coa posta en funcionamento a primeiros de setembro de 2015.

	Ingresos do estudo de viabilidade	Ingresos do PEF definitivo da Concesión	Ingresos recollidos na conta de PyG de MQA Navia	Diferencia ingresos
2015	1.723.152,57 €	822.724,00 €	542.633,98 €	- 280.090,02 €
2016	1.937.796,64 €	1.925.917,00 €	2.169.850,48 €	243.933,48 €
2017	2.152.440,71 €	2.143.931,00 €	2.469.775,05 €	325.844,05 €
2018	2.099.664,00 €	2.169.658,00 €	2.490.516,88 €	320.858,88 €
2019	2.099.664,00 €	2.195.694,00 €	2.581.897,19 €	386.203,19 €
2020	2.099.664,00 €	2.221.823,00 €	1.496.992,52 €	-724.830,48 €

“Sobre a medida proposta para o reequilibrio, xa se informou con data 15.07.2021, que atendendo as peculiaridades da incidencia económica – unha drástica minoración dos ingresos – a modificación das condicións económicas do contrato para posibilitar a realización dunha achega económica, considerase como a opción máis razoable e proporcionada a esta situación, coa cal se posibilitará unha mitigación ao impacto económico producido e sobre todo tendo en conta que esta situación ten o carácter temporal que se desprenda da incidencia da Pandemia e posteriormente se deberán recuperar os valores normais da xestión da concesión”.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 171 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Oitavo.- Con data 23 de setembro de 2021, MQA NAVIA, SLU presenta escrito no que reitera a súa solicitude de data 31 de marzo de 2021.

Noveno.- O 4 de marzo de 2022, MQA NAVIA, SLU presenta escrito, en resposta a solicitude enviada o 23 de novembro de 2021 por parte do servizo xestor, en base a dilixencia do Servizo de Contratación de data 25 de agosto de 2021, no que achega o *“Informe económico sobre la situación financeira de MQA NAVIA, S.L.U.”* emitido en data 28 de febreiro de 2022 por BDO Auditores, S.L.P., no que comprende a situación real de tesourería da sociedade concesionaria, así como as previsións a curto prazo, a comparativas das contas de resultados reais con respecto ás previstas no plan económico financeiro e unha análise da ruptura do equilibrio económico en relación a todo o período concesional. O informe conclúe que, debido a situación de incerteza provocada pola pandemia do COVID-19 que persiste no momento de emisión do mesmo, e o alto grao de inestabilidade existente solicita unha achega única de de 1.002.000 euros, polo período comprendido entre o 12 de xuño de 2020 e o 31 de decembro de 2021 *“como medida indispensable para mantener la viabilidad del contrato hasta el segundo trimestre del año 2023, atendiendo al análisis de tesorería que se realiza en el Informe que se adjunta, y que justifica que dicha cantidad es consecuencia de los flujos negativos de caja de la concesionaria durante el periodo mencionado, flujos que se producen al no poder acometer los compromisos de pago operativos y financieros en el periodo solicitado.”* Complementando a anterior documentación, o 7 abril, a concesionaria reitera a súa solicitude ante o incremento dos custes enerxéticos (documento 220070982).

Décimo.- En data 18 de abril de 2022 emítese informe económico, polo técnico de administración especial-economista, a petición do servizo xestor de data 13 de abril de 2022, no que se conclúe que a solicitude da concesionaria baseada no déficit de tesourería non supoñen fundamento suficiente para xustificar unha situación de incapacidade de pagos inminente pero si confirman que a situación na que se atopan, derivada da elevada incerteza económica provocada pola crise do COVID-19 confirma a existencia dun impacto negativo importante sobre a tesourería da concesionaria.

Undécimo.- Con data 19 de xullo de 2022, o Servizo de Contratación solicita a MQA NAVIA, SLU achegar proba ou informe pericial independente que acredite que, como consecuencia do impacto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, se produciu unha ruptura substancial da economía do contrato considerado no seu conxunto.

En vista da solicitude realizada, a concesionaria MQA achega, con data 4 de agosto de 2022 informe emitido por BDO Auditores, SLP de data 1 de agosto.

Duodécimo.- O 27 de outubro de 2022 a XGL acorda, trala solicitude presentada por Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de MQA NAVIA, SLU, o 19 de xaneiro de 2022, de indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do seu contrato, de acordo co establecido no artigo 220 do TRLCSP, entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021, e tras o correspondentes informes preceptivos (expediente 6723-241), o seguinte:

“1º.- Recoñecer o dereito de MQA NAVIA S.L.U., CIF B27794791, a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución da concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12.242-333), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de febreiro de 2021 con efectos desde o 27 de xaneiro ata o 26 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 172 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

febreiro dese ano, por importe de 85.565 euros, conforme ao previsto no artigo 220 do TRLCSP.

2º.- Imputar o citado gasto á aplicación orzamentaria 3410.226.99.00 "Outras actuación e imprevistos.

3º.- Notificar este acordo ao interesado".

Décimo terceiro.- En data 8 de novembro de 2022, dende o servizo xestor solicítase aclaración complementaria da documentación presentada de cara a posibilitar o análise dos datos que conforman o modelo de calculo do Valora Actual Neto (VAN) e da Taxa Interna de Retorno (TIR), para todos os anos da concesión e actualización dos datos económicos correspondentes ao ano 2022.

En base a anterior solicitude, o 2 de marzo de 2023 MQA NAVIA, SLU (expediente 22538-333, documentos nº 230056671 e 230056673) achega informe, elaborado pola consultora BDO, no que sinala unha minoración no VAN esperado dos fluxos da caixa de explotación por importe de 2.586 miles de euros, así como un empeoramento da TIR ao 4,88 % como consecuencia da situación provocada pola pandemia COVID-19.

Décimo cuarto.- Con data 7 de xuño de 2023 anéxase ao expediente actualización da solicitude de reequilibrio achegada por MQA NAVIA, SLU na que, en base ao impacto da pandemia da COVID-19 que supón unha redución moi significativa da rendibilidade da concesión, tal e como se indica no informe da consultora BDO de data 28 de febreiro de 2023, solicita unha achega de 2.279.655 euros como reequilibrio da concesión, sendo esta cantidade á que ascende a diferenza entre o VAN do escenario pre-COVID e o VAN do escenario post-COVI tal e como reflicte o devandito informe da consultora BDO.

Décimo quinto.- A vista do anterior documento achegado pola mercantil MQA NAVIA, SLU, o servizo xestor solicita informe pericial independente a SEIXAS INVEST, S.L. sobre o mesmo que emite e presenta en data 24 de xullo de 2023 no que se pon de releve a efectiva ruptura do equilibrio económico da concesión

Sobre este informe pericial, o Servizo de Contratación solicita, con data 21 de maio de 2024 avaliación económica do mesmo en relación á existencia ou non de desequilibrio económico como consecuencia da crise da COVID-19, non entrando a valorar, en caso de que efectivamente houberese desequilibrio tal e como se sinala no mencionado informe, a cuantificación do desequilibrio.

Emitido o informe, polo técnico de administración especial-economista, en data 24 de maio de 2024 o mesmo conclúe que si existe un nexo causal directo entre a crise do COVID-19 e a caída dos ingresos da concesionaria e que como consecuencia do mesmo, existe unha ruptura do equilibrio económico da concesión.

Décimo sexto.- En vista de todo o anterior, a concelleira da Área de Goberno de Contratación acorda, en data 3 de outubro de 2024:

"1º.- Incoar expediente de reequilibrio da concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (12242-333)

2º.- Dar traslado do presente expediente a MQA NAVIA, S.L.U., concedéndolle un prazo de trámite de audiencia de dez días hábiles, tanto con relación aos mecanismos de reequilibrar este contrato, tendo en conta os dous escenarios formulados, como a proposta concreta de



reequilibrio (indicando fórmulas de cálculo e datos considerados para a mesma), achegando as probas que estime pertinentes para acreditar estes extremos.”

Décimo sétimo.- En data 4 de outubro de 2024, evacúase trámite de audiencia á concesionaria que presenta, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, o 8 de outubro de 2024, solicitude de vista do expediente e o 10 do mesmo mes solicitude de ampliación do prazo de audiencia.

Décimo oitavo.- Ampliado o prazo de audiencia en 5 días hábiles por acordo da concelleira da Área de Goberno de Contratación de data 14 de outubro de 2024, en data 25 de outubro de 2024, a concesionaria presenta escrito de alegacións, xunto a correspondente documentación xustificativa, no que solicita:

- Con referencia ao primeiro escenario formulado por esta administración no acordo de incoación (artigo 34.4 do Real Decreto-lei 6/2020) indica que *“a compensación que esta parte ten dereito a percibir ascende a 112.860 euros, de acordo cos cálculos que se conteñen no documento nº 1 que se xunta ás presentes alegacións.”*
- En relación ao segundo escenario (lexislación contractual), a concesionaria solicita que *“o Concello debería satisfacer para equilibrar a concesión e garantir a continuidade do servizo, estimamos que esta debe ascender a 2.279.655 euros, que é o importe das cargas financeiras extraordinarias asumidas como consecuencia da pandemia, que representa o 92,17% do desequilibrio total.”*

Décimo noveno.- Tendo en conta que a documentación xustificativa presentada coas alegacións é o documento económico do antecedente décimo terceiro (informe da consultora BDO de data 2 de marzo de 2023) e que xa existe informe pericial sobre o mesmo (informe pericial independente de SEIXAS INVEST, S.L, antecedente décimo quinto) para a determinación do importe do reequilibrio económico a satisfacer por esta administración solicítase informe económico interno que emite o técnico de administración especial-economista con data 28 de xaneiro de 2025.

Vixésimo.- En base ao devandito informe, emítese informe proposta o 31 de xaneiro de 2025, do que se da traslado á concesionaria, MQA NAVIA, SLU, que, o 6 de febreiro de 2025, solicita, a través no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ampliación do prazo de audiencia.

Vixésimo primeiro.- A concelleira da Área de Goberno de Contratación, o 7 de febreiro de 2025, resolve *“Conceder unha prórroga do prazo outorgado a MQA NAVIA, SLU, en data 31 de xaneiro de 2025, de 5 días hábiles”* e, en data 21 de febreiro de 2025, a concesionaria presenta escrito de alegacións, xunto a correspondente documentación xustificativa, no que manifesta:

- Estar de acordo, entre outros, co método de cálculo do importe do reequilibrio para o período comprendido entre os días 12 de xuño e 21 de xullo de 2020 e que para este período a achega económica debe ascender a 112.860,00 euros.
- Sobre o reparto das perdas entre a concesionaria e a Administración xustifican a asignación do 92,17 % das mesmas ao Concello fundamentándoo no importe das cargas financeiras extraordinarias asumidas polas concesionarias.
- Finalmente, solicitan a actualización da compensación á data de peche do exercicio máis próximo ao recoñecemento da achega (31 de decembro de 2024), a aplicación da taxa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 174 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

de desconto do 6% anual na actualización dos importes o que daría un incremento do importe da achega de 166.000,00 euros.

Vixésimo segundo.- En vista das alegacións presentadas pola concesionaria, o servizo de Contratación, en data 28 de febreiro de 2025, solicita informe económico interno que é emitido con data 17 de marzo de 2025.

Vixésimo terceiro.- En data 31 de marzo de 2025, o servizo de Contratación, en vista das alegacións presentadas pola concesionaria ao informe proposta de resolución de data 31 de xaneiro de 2025 e do informe económico asinado polo técnico de administración especial-economista o 17 de marzo de 2025, remite o expediente ao servizo xestor co fin solicitar información sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao pago da achega económica que resulta do informe proposta de resolución e do último informe económico ("2º.- A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico establecendo unha achega económica á concesionaria, MQA NAVIA, S.L., de 112.860,00 €, para o período comprendido entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020 e de 1.227.140,00 €, para o período comprendido entre o 22 de xullo de 2020 e o 31 de decembro de 2022, consonte ao exposto no fundamento xurídico VI."). En caso de non existir crédito a tal fin, solicita o inicio do correspondente expediente de modificación orzamentaria.

Vixésimo cuarto.- En data 12 de setembro de 2025 infórmase, por parte do servizo xestor que o Pleno da Corporación, na súa sesión extraordinaria do 11 de agosto de 2025, aprobou, con carácter inicial, a Modificación Orzamentaria numero 56, 56A/2025, correspondente ao expediente nº 96/142, na cal se inclúe o importe necesario para dar cobertura económica á proposta de resolución de este expediente. Esta aprobación que foi publicada no BOPPO de data 23 de setembro de 2025.

Vixésimo quinto.- Con datas do 13 e 14 de outubro de 2025 emítese informe proposta para declarar a ruptura do equilibrio económico da concesión e o reequilibrio mediante a concesión dunha achega económica por importe de 1.340.000,00 € que é remitido á Asesoría Xurídica para o seu informe.

Vixésimo sexto.- O 29 de outubro de 2025 a Asesoría Xurídica devolve o expediente para comprobación/reconsideración en base a unha serie de observacións.

Vixésimo sétimo.- Con data do 3 de novembro de 2025 solicítase a colaboración da Inspección de Tributos e, particularmente do técnico de Administración Especial-economista, para emisión de informe económico en relación coas observacións recollidas na dilixencia da Asesoría Xurídica.

Vixésimo oitavo.- O 11 de novembro de 2025 o técnico de Administración Especial-economista emite informe de aclaracións e conclusións sobre o conxunto de informes económicos relativos ao reequilibrio económico da concesión.

Vixésimo noveno.- Con data do 18 de novembro emítese informe proposta no que se modifica o enfoque utilizado ata o momento de dous escenarios (un rexido polo artigo 34.4 do Real Decreto-



lei 8/2020 e outro pola lexislación contractual) procedendo a establecer, un único escenario rexido pola lexislación contractual ordinaria, en vista das observacións da Asesoría Xurídica e do informe económico do anterior antecedente.

Trixésimo.- En data 20 de novembro de 2025 outórgase un trámite de audiencia á concesionaria para que poida formular alegacións en relación coa modificación do enfoque referido no antecedente anterior, tendo en conta que non supón ningunha modificación da achega económica tal e como se recolle nas conclusións do informe económico do 11 de novembro de 2025.

Trixésimo primeiro.- Con data 26 de novembro de 2025, MQA NAVIA, SLU, presenta alegacións nas que, entre outros, manifesta que *“No que se refire á aplicación de dous réximes diferenciados para o cálculo das perdas que deban ser por conta do Concello (un entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020, rexido pola lexislación extraordinaria contida no artigo 34.4 do Real Decreto-Lei 8/2020 e o outro correspondente ao 22 de xullo en diante, rexida pola lexislación xeral de contratación pública) habida conta de que non se altera o monto do reequilibrio económico, acéptase o criterio sustentado na proposta de acordo”*.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación contractual aplicable

Polo que respecta á natureza do contrato, cualifícase como mixto de xestión de servizo público e obra (cláusula 4ª PCAP).

A concesión formalizouse o 10 de abril de 2014 mediante escritura pública por un prazo de 49 anos e un canon de 9.100,00 euros/ano.

En virtude da cláusula 8ª do PCAP a contraprestación do concesionario consiste nas tarifas que abonan os usuarios do servizo e os ingresos complementarios pola explotación do mesmo detallados na cláusula 9:

- a) Pola explotación do complexo deportivo de Navia, mediante as tarifas polos servizos de carácter deportivo a aboar polos usuarios do servizo.
- b) Pola explotación de actividades que se realice no citado complexo poderá percibir ingresos complementarios á actividade principal

A continuación, resulta preciso determinar a lexislación contractual á aplicar ao contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (12242-333).

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 176 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

No entanto, é unánime a doutrina xurisprudencial que considera que con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, neste caso o reequilibrio, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así o considera tamén a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, que nos seus ditames nº 165/2019 e nº 166/2019, acorda, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de 26 de febreiro 2014 (en adiante, LCSP) no sentido de que a remisión normativa cinguese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedimentais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da mesma, segundo a liña marcada polo ditame do Consello de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consello Consultivo de Madrid, e consolidando a opinión exposta por este Consello no CCG 55/2019, que supuxo un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento previo e puntual (CCG 250/2018).

Polo tanto, a normativa procedimental propia do reequilibrio do contrato é a prevista na LCSP.

-II-

Conxuntura ocasionada pola crise efecto da pandemia do COVID-19

Con ocasión da crise sanitaria resultado da pandemia causada polo COVID-19 o estado español declara o estado de alarma por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. A situación xera un rápido e inxente desenvolvemento normativo, adoptando, as distintas administracións públicas, unha pluralidade excepcional de medidas de cara a paliar os efectos negativos da pandemia e que inciden, aos efectos que nos ocupa, na contratación pública. Entre estas normas figura o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 que, no seu artigo 34 prevé medidas en materia de contratación pública e, en concreto, no seu apartado 4 establece que *“Nos contratos públicos de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor deste real decreto-lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, a situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo darán dereito ao concesionario ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante, segundo proceda en cada caso, a ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100 ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato”*.

En aplicación deste precepto, declarouse a imposibilidade parcial de executar o presente contrato durante o estado de alarma e, a solicitude do contratista, reequilibrouse o contrato, modificando o seu réxime económico e concedéndolle ao concesionario unha achega económica para paliar os efectos do COVID ata o mes de xuño de 2020.



No entanto, e pese a finalización deste primeiro estado de alarma, continúan as medidas restritivas de horarios de apertura, aforo de usuarios das instalacións e de desinfección e limpeza extraordinarias.

En outubro de 2020, o Real Decreto 926/2020, declara un novo estado de alarma, prorrogado polo Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro, ata o 9 de maio de 2021. Esta norma designa como autoridade competente aos efectos do estado de alarma ao Goberno da Nación, e como autoridades competentes delegadas nas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de autonomía, aos presidentes das mesmas (artigo 2). Estas autoridades competentes delegadas son habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, “*las órdenes, resoluciones y disposiciones para la aplicación de lo previsto en los artículos 5 a 11*”. Estes artigos regulan medidas relativas á limitación da liberdade de circulación das persoas, a permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados así como a posibilidade de esixir a “*realización de las prestaciones personales obligatorias que resulten imprescindibles en el ámbito de sus sistemas sanitarios y sociosanitarios para responder a la situación de emergencia sanitaria que motiva la aprobación de este real decreto*”.

En aplicación desta normativa, o Presidente da Xunta de Galicia emitiu varios decretos adoptando medidas específicas no territorio da comunidade que ocasionan que o servizo público obxecto desta concesión sega suxeito a limitacións de aforo, horarios e a imposición de estritas medidas de desinfección nas instalacións.

Como consecuencia do anterior, o concesionario vese imposibilitado a continuar a execución do contrato como antes da pandemia e, a nivel económico, por un lado, veu reducidos os seus ingresos, por canto estes dependen das tarifas aboadas polos usuarios, e por outro, veu incrementados os seus gastos por mor das medidas extraordinarias de limpeza e desinfección impostas pola normativa aprobada.

Tendo en conta todo o anterior e que o período para o que se solicita o reequilibrio ten como data de inicio, tal e como se indica no antecedente noveno, o 12 de xuño de 2020, e estendese ata o 31 de decembro de 2021 (con datos actualizados sobre a situación económica real a 31 de decembro de 2022) con respecto á normativa a aplicar, é necesario puntualizar o seguinte:

Por un lado, dende o 12 de xuño ata o 21 de xullo de 2020, a lexislación de excepción do artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 estaría en vigor polo que foi a normativa aplicada á parte correspondente do reequilibrio e así se trasladou á concesionaria nas sucesivas audiencias.

Con todo, visto o expediente pola Asesoría Xurídica, e tendo en conta que a suspensión da execución da prestación foi alzada polo órgano de contratación en data 11 de xuño de 2020 (tal e como se describe no antecedente terceiro) é necesario modificar o enfoque dos dous escenarios (un rexido polo artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 e outro pola lexislación contractual) procedendo a establecer, un único escenario rexido pola lexislación contractual ordinaria. Este criterio é o seguido polo órgano de contratación no expediente municipal relativo á ruptura do equilibrio económico da concesión de servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros como consecuencia do impacto da crise sanitaria provocada polo COVID-19 (expediente 3.773-449) e pola sentenza 22/2023, do xulgado contencioso-administrativo nº1 de Vigo que o avala.

O anterior non supón, nin cambio de criterio con respecto á declaración de desequilibrio económico, nin ten efecto na cuantificación do importe do reequilibrio tal e como se desprende do informe económico emitido en data 11 de novembro de 2025 ao que fai referencia o antecedente vixésimo oitavo.

En vista do anterior, en data 20 de novembro de 2025, outorgouse prazo de audiencia a MQA NAVIA, SLU para que formulara as alegacións que ao seu dereito conviñera unicamente, sobre o cambio de normativa a aplicar ao presente procedemento pasando de dous escenarios (un rexido polo artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 e outro pola lexislación contractual) a un



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 178 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

único escenario rexido, soamente, pola lexislación contractual, tendo en conta que este é o único cambio realizado con respecto ás audiencias anteriores e que non supón ningunha modificación da achega económica. A concesionaria presenta alegacións o 26 de novembro de 2025 nas que expresa a súa conformidade con esta modificación tal e como se reflicte no antecedente trixésimo primeiro.

-III-

Da ruptura do equilibrio económico da concesión

A requirimento desta Administración, MQA NAVIA, S.L.U presentou un informe económico independente da consultora BDO sobre a rendibilidade da concesión, no que se fai unha análise partindo de dous escenarios: os datos reais das concesións, incluíndo o exercicio 2022, co efecto da COVID-19, xunto coas previsións de evolución da concesión a partir de 2023 e un exercicio de previsión do que tería sido a evolución das concesións sen a aparición da pandemia. Analizados todos os datos conclúe que *“se pone de manifiesto que el efecto Covid19 ha empeorado el desequilibrio ya existente en relación a todo el período concesional, provocando una minoración en el Valor Actual Neto esperado de los flujos de caja de explotación por importe de 2.586 miles de euros. Asimismo, ha supuesto un empeoramiento en la Tasa Interna de Retorno esperada, la cual se ha reducido al 4,88% y se mantiene en nivel muy inferiores a la rentabilidad prevista inicialmente del 9,7%.”* A conclusión deste informe é, por tanto, que o impacto da pandemia COVID-19 supuxo unha minoración moi importante da rendibilidade da concesión.

Para avaliar os datos que se deducen do anterior informe elaborado por BDO, esta Administración procedeu a contratación dun perito independente, SEIXAS INVEST, SL., que analiza tanto a metodoloxía empregada como os resultados do mesmo e elabora un informe pericial de impacto da crise da COVID-19 e das consecuencias sobre o dereito ao equilibrio económico da concesión, tanto polo que respecta á concesionaria MQA NAVIA, SLU como a concesionaria AQA Vigo Xestión Deportiva S.A. (que está nunha situación similar á da primeira e cuxos expedientes desenvólvese en paralelo).

O devandito informe pericial conclúe o seguinte:

“A análise realizada sobre o informe presentado pola concesionaria, e a realización das estimacións e cálculos propios, conducen as seguintes conclusións: A verificación dos datos, as estimacións e os supostos empregados, concordan cos valores pasados (ata decembro de 2022), e son coherentes coa información dispoñible, tanto para as estimacións sen COVID-19 como para as estimacións das contas das concesións a partir de 2023. Polo tanto, confirmamos as estimacións e cálculos presentados pola concesionaria. A única excepción ao anterior, na nosa opinión, son as estimacións do VAN, posto que están condicionadas pola elección da taxa de desconto, que é cuestionable. Como se demostrou no apartado anterior, o efecto da taxa de desconto, aplicado aos cinco anos de impacto estimado da COVID-19 por BDO, non é relevante cando se calcula para 2022, porque capitaliza os fluxos de caixa de dous anos (2020 e 2021) e desconta outros dous (2023 e 2024). Agora ben, cando se emprega para analizar o conxunto da vida da concesión, o efecto é moi relevante e cuestionable.

Empregando o criterio da TIR, que non ten as limitacións anteriores, para o escenario sen impacto da pandemia, o resultado é para AQA unha TIR do 2,47% e para MQA unha TIR do 6,08%. No escenario con efecto da COVID-19, o resultado é para AQA unha TIR do 1,85%, e para MQA unha TIR do 4,88%. Por outra banda, e en resposta ao obxecto deste informe, as estimacións confirman que con posterioridade á aparición da pandemia prodúcese un desequilibrio económico financeiro no conxunto da vida da concesión, no que concordamos co informe da concesionaria. Isto conduce a unha redución do VAN, que non estimamos polas razóns anteditas, e a unha redución da TIR, que se sitúa en valores inferiores ás estimacións do custe de capital, ou ao



cálculo actual do rendemento medio de seis meses do bono do Estado a 10 anos máis 200 puntos básicos, taxa situada na actualidade en valores superiores ao 5%. A Covid-19 supón unha continxencia relevante que produce unha ruptura substancial na concesión. Agora ben, a ruptura da concesión non se produce só polo efecto da COVID-19, senón que ben provocada pola baixa rendibilidade das concesións, xa con anterioridade á COVID-19. A concesión en AQA xa presentaba con anterioridade á pandemia unha TIR (2,47%) inferior ao custe de capital ou ao rendemento do bono + 200 puntos básicos, por dar dúas medidas de referencia comunmente empregadas na contratación pública. A concesión en MQA partía de valores superiores, pero baixos (TIR do 6,08%). En consecuencia, o impacto da COVID-19 agrava a situación e pon a ambas as dúas concesións en valores de ruptura (taxa de retorno inferior ao custe de capital). Para determinar o efecto real doutro xeito, tal vez é convinte empregar os valores da conta de resultados, en vez do emprego do VAN. Dentro do emprego da conta de resultados, tamén é importante diferenciar os tres primeiros anos (2020-2022), nos que o efecto da COVID-19 xa é medible (os resultados coa COVID-19 xa son firmes), dos resultados estimados para os vindeiros anos, nos que está por se determinar se o efecto estimado dura dous anos ou ten outra duración efectiva. Para estes tres primeiros anos, podemos comparar a estimación sen COVID-19 para ambas as dúas concesións, fronte aos resultados definitivos para os tres exercicios. Téñase en conta que se emprega o resultado neto despois de impostos. As diferenzas son as seguintes:

MQA	2020	2021	2022	Acumulado
Resultado neto estimado sen COVID-19	240.248 €	407.582 €	295.891 €	943.721 €
Resultado neto con COVID-19	24.216 €	- 272.862 €	- 248.899 €	- 497.544 €
Diferenzas	-216.031 €	- 680.443 €	- 544.790 €	- 1.441.265 €

AQA	2.020	2.021	2.022	Acumulado
Resultado neto estimado sen COVID-19	18.462 €	375.610 €	63.256 €	457.328 €
Resultado neto con COVID-19	56.590 €	- 232.999 €	- 108.515 €	- 284.924 €
Diferenzas	38.128 €	- 608.609 €	- 171.771 €	- 742.252 €

Como se pode apreciar, esta comparativa recolle unha diferenza de - 1.441.265 € para MQA e outra de - 742.252 € para AQA, nos tres anos xa pasados. A estas se sumarían as que se produciran nos seguintes exercicios, estimándose por BDO e a concesionaria o efecto noutros dous anos."

Sobre este informe pericial o Servizo de Contratación solicita análise a realizar por técnico/a economista de cara a avaliación económica do devandito informe pericial en relación á existencia ou non de desequilibrio económico como consecuencia da crise da COVID-19, avaliación que inclúe a dos métodos para valorar a viabilidade das concesións en relación coa existencia, ou non, de desequilibrio económico, así como, a relación causal da crise da COVID-19 e o seu impacto no desenvolvemento económico de ambas concesións. No informe emitido indicase expresamente que a súa finalidade "consiste na avaliación da conclusión do informe de Seixas sobre a existencia ou non de desequilibrio económico financeiro das concesións como consecuencia da crise da COVID-19, excluindo polo tanto a avaliación da certificación de dito impacto" e conclúe o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 180 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



1. En primeiro lugar, a conclusión é moi clara en canto a existencia dun nexo causal directo entre a situación xerada pola pandemia e a diminución dos ingresos da concesionaria. O informe indica, expresamente, que *“A aparición dun factor imprevisible como a covid-19, que cause unha redución relevante da TIR a partir deses niveis próximos ou inferiores a k, xerará/incrementará por definición un resultado negativo do VAN para o conxunto do proxecto”* e conclúe: *“i) Existe un nexo causal directo (é dicir, derivado dos condicionamentos na prestación dos servizos deportivos) entre a crise do covid-19 e a caída dos ingresos das concesionarias.”*
2. En canto á metodoloxía empregada polo informe de SEIXAS INVEST, SL para determinar a ruptura do equilibrio económico, o informe do economista municipal indica que este *“valida a metodoloxía proposta polas concesionarias consistente en comparar a TIR prevista do proxecto en dous escenarios (con Covid e sen Covid)”* discrepando nos cálculos da VAN por empregar de modo arbitrario unha taxa de desconto k igual á rendibilidade prevista. Así conclúe que *“ii) A metodoloxía empregada polo Informe de Seixas para determinar a ruptura do equilibrio económico no conxunto da concesión como resultado da crise do covid-19, consistente en comparar as previsións de TIR nos escenarios con e sen pandemia, é razoable e axeitada.”*
3. Finalmente, o informe conclúe que *“iii) O impacto económico da pandemia ten causado a redución da TIR en valores inferiores á taxa k de custo de capital, polo que, segundo o argumentado na presente análise, existe unha ruptura do equilibrio económico das concesións.”*

Á vista dos citados informes incorporados ao expediente podemos afirmar que existe unha ruptura substancial do equilibrio económico da concesión.

Agora procede determinar se esta Administración ten a obriga de reequilibrar a concesión e o procedemento para facelo, para, a continuación, determinar o importe, no seu caso, do reequilibrio.

-IV-

Do reequilibrio da concesión no marco da normativa contractual

Tendo en conta que con data do 11 de xuño de 2020 a Xunta de Goberno local acordou, a solicitude do concesionario de data 8 de xuño, o fin da suspensión da execución do contrato procedendo á súa reanudación o 12 de xuño de 2020, e que a concesión xa fora reequilibrada por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019; cómpre analizar o posible reequilibrio económico da concesión polo período solicitado pola concesionaria, tal e como se indica no antecedente noveno, entre o 12 de xuño de 2020 e o 31 de decembro de 2021, debendo acudir á lexislación contractual.

Neste período, non ten vixencia o Real Decreto 8/2020 polo que, téndose acreditado en base á documentación presentada polo contratista e os distintos informes desta administración que existe unha situación de ruptura do equilibrio económico, é necesario acudir á normativa contractual ordinaria para o seu restablecemento e, en concreto, como se sinala no fundamento xurídico I, ao TRLCSP.

En primeiro lugar, cabe indicar que nas concesións administrativas, como a do presente caso, rexen dous principios básicos, o de risco e ventura e o da continuidade e a calidade na prestación, aos que hai sumar o principio do equilibrio económico cuxa garantía permite facer



efectivos os dous anteriores e, cuxa esixencia responde á finalidade de satisfacer o interese público.

A coordinación entre os principios de equilibrio económico e de risco e ventura do contratista é sinalada, de xeito unánime, como necesaria, tanto pola doutrina como pola xurisprudencia: o principio de risco e ventura traslada ao concesionario a obriga de asumir os riscos específicos de xestionar un negocio e, ademais, como sinala o Tribunal Supremo, impide que a excepcionalidade do reequilibrio económico se converta nunha garantía ordinaria dos intereses do concesionario (STS de 17 de xullo de 1991). Pola sua parte, o principio de equilibrio económico é o factor que vai garantir a continuidade na prestación do servizo (STS de 28 de xaneiro de 2015). Así, segundo a xurisprudencia do Tribunal Supremo, o restablecemento do equilibrio económico da concesión cando a ruptura sexa debida a circunstancias imprevisibles, alleas á conduta do contratista é un deber da administración.

En canto á normativa, tanto a lexislación contractual, como o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, establecen a obriga da administración contratante de manter o equilibrio económico das concesións. Así, establece o artigo 127.2 do RSCL que a corporación concedente deberá *“manter o equilibrio financeiro da concesión para o que revisará as tarifas e subvención cando, aínda sen mediar modificacións no servizo, circunstancias sobrevindas e imprevisibles determinaren, en calquera sentido, a ruptura da economía da concesión”*. E esta mesma norma, no seu artigo 128.3.2º recoñece entre os dereitos do concesionario *“Obter compensación económica que manteña o equilibrio financeiro da concesión nos casos en que concorran calquera das circunstancias que se refiren os números 2.º, 3.º e 4.º do parágrafo 2 do artigo anterior”*.

En canto ao PCAP que rexe a presente concesión, este establece na cláusula 52, entre os dereitos do concesionario o *“Mantemento do equilibrio financeiro da concesión na forma prevista no presente Prego e demais documentos que rexen a concesión”*.

Polo que respecta ao principio de continuidade na prestación, este principio obriga a adoptar medidas correctoras cando o equilibrio económico do contrato se rompe. A administración concedente deberá acudir en axuda do contratista e restablecer o equilibrio económico da concesión, xa que, a finalidade última e protexer o interese público inherente aos contratos administrativos. Ademais, como sinala o Tribunal Supremo na súa sentenza de 2 de decembro de 1988, o mantemento do equilibrio económico *“é ademais unha esixencia de lealdade e boa fe que debe inspirar con especial intensidade as relacións de colaboración entre a administración e o concesionario”* tendo en conta que o artigo 128.1 do RSCL sinala a obriga do concesionario de seguir prestando o servizo incluso no caso de que *“circunstancias sobrevindas e imprevisibles ocasionaren unha subversión na economía da concesión”*.

No mesmo senso, a STS de 15 de febreiro de 2012 di que *“o principio de risco e ventura, a que ha de someterse o contratista ex art. 98 da LCAP, ha de cohonestarse coa necesidade de manter o equilibrio financeiro da concesión outorgada. En efecto, todo contrato xera uns dereitos e obrigacións polas partes que o conciertan de forma que eses efectos han de permanecer invariables e inalterables conforme ao disposto nos artigos 1254 e seguintes do Código Civil. Agora ben, cando se concierta un contrato de execución de obra e o contratista obrígase á execución dos traballos baixo o principio de risco e ventura, esa inalterabilidade dos efectos derivados do contrato, presenta como excepción o suposto ou existencia de forza maior. E así o contemplaba o artigo 144 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 aplicable ao suposto de autos more témporis e o vixente artigo 214 da lei 30/2007 reguladora da Lei de Contratos do Sector Público. En definitiva, a concertación dun contrato baixo o principio de risco e ventura supón a asunción da obrigación por parte do contratista dos riscos e posibilidade de perda, salvo ante o suposto de existencia de forza maior. Agora ben, o principio de risco e ventura ten tamén os seus límites, derivados do principio de mantemento de equilibrio económico-financeiro, e eses límites xorden cando no suposto en concreto xorde un risco anormal ou desmesurado non causado polo contratista e que non pode ser indemnizado polos mecanismos propios de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 182 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



compensación previstos no contrato concertado. Dito doutra forma, cando por causa de modificacións introducidas pola Administración que incrementan o custo da obra, ou cando se producen situacións sobrevindas que rompen a proporcionalidade da relación ingresos- custos, é cando, se non existen mecanismos de compensación xa previstos no contrato, debe procederse á restitución do equilibrio económico financeiro daquel, para garantir a Administración a indemnidade do contratista ante esa situación. A regulación do equilibrio económico financeiro contéplase no artigo 248 do RD Lexislativo 2/2000 e deberá terse en conta o interese xeral e o do concesionario conforme ao sinalado no devandito artigo.”

Tamén, o Tribunal Supremo, na súa sentenza 105/2022, do 31 de xaneiro, sinala que “o contratista, do mesmo xeito que se beneficia das maiores vantaxes que en relación coas previstas depárelle a dinámica do contrato, ha de soportar a maior onerosidad que para el poida significar a súa execución; e, consiguientemente, para que proceda o reequilibrio financeiro do contrato mediante unha indemnización compensatoria, rexerá a regra xeral, presente na nosa lexislación de contratos públicos, de que non bastará con que a súa economía resultase alterada, senón que será preciso que a causa desa alteración fose o «*factum principis*», o exercicio do «*ius variandi*» ou a concorrencia de circunstancias cualificables de feito imprevisible”.

De acordo con esta xurisprudencia e a doutrina consultiva, o principio de risco e ventura cedería fronte ao *factum principis*, ao exercicio do *ius variandi* ou á concorrencia de feitos imprevisibles.

O exercicio do *ius variandi* como excepción ao principio de risco e ventura refírese á potestade da Administración de modificación do obxecto do contrato que trae como consecuencia a alteración do equilibrio económico e, polo tanto, a obrigatoriedade de indemnizar ao contratista. Esta excepción non cabe no caso que nos ocupa polo que faise necesario centrarse no análise das outras dúas excepcións: o *factum principis* e o risco imprevisible.

O “***factum principis***”, consiste na necesidade de restablecemento do equilibrio económico dun contrato a causa da ruptura ocasionada por unha disposición administrativa que con eficacia para impoñerse na execución do contrato, cun certo grao de imprevisión e causante dun dano avaliable, sen ter como obxecto directo a relación contractual, incide no seu equilibrio económico, resultando, así, máis oneroso para o concesionario. En palabras do Tribunal Supremo, “*medidas administrativas adoptadas á marxe do contrato pero con repercusión nas obrigacións nadas del facendo máis oneroso o seu cumprimento*” (Sentenza de 20 de novembro de 1995). O *factum principis* é un dos casos en que a Administración debe auxiliar ao contratista cando se produce a ruptura do equilibrio económico do contrato. É un suposto excepcional e, como tal, de interpretación restritiva (Sentenza de 16 de xullo de 2019).

Con respecto á decisión administrativa causante da ruptura do equilibrio económico, o Ditame do Consello de Estado 31/92 sinala que existe *factum principis* cando a Administración está vinculada cun particular e lesiona a materia económica sinalagmáticamente acordada a través dun acto propio, nado do poder xeral do «imperium» aínda que “*a mera concorrencia dunha típica relación xurídica entre a Administración e reclamante non prexulga, sen máis, a necesidade de substanciar a reclamación a partir das normas reguladoras daquela relación. En determinados casos, a existencia dunha previa relación xurídica configúrase como orzo “de facto” para a efectividade dunha eventual responsabilidade extracontractual*”. Inserírase na relación contractual cando a decisión “*entraña un sacrificio puro e simple da posición material que o contrato administrativo precisamente aseguraba*”. Así, non entran dentro do concepto do *factum principis*, disposicións de Administracións diferentes á que ten a relación contractual co concesionario xa que, como establece a STS de 16 de maio de 2011 “*unha cousa é que a Administración concedente deba responder polo que xa existe e é coñecido no momento de convocar o concurso, pois forma parte da realidade na que vai inserirse a concesión, e outra, ben distinta, que deba responder por decisións posteriores doutros suxeitos*”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 183 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Seguindo esta liña, a regulación do TRLCSP recoñece que unicamente procederá aplicar a doutrina do *factum principis* “cando actuacións da Administración determinaran de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato» (artigo 282.4.b para o contrato de xestión de servizos públicos).

En base ao anteriormente exposto e seguindo, así mesmo, o establecido polo Ditame do Consello de Estado 3725/1948, de 3 de novembro, para poder aplicar a teoría do *factum principis* en caso de ruptura do equilibrio económico do contrato :

- O desequilibrio económico ten que ter a súa orixe nunha medida de carácter xeral que naza do poder xeral de imperium imputable á propia Administración contratante, imprevisible e que incorpore novos elementos alleos ao contrato.
- Non debe haber culpa do contratista.
- Non deben existir outros mecanismos que permitan o resarcimento do dano no so da relación contractual.

No caso que nos ocupa, se ben na normativa aprobada con ocasión do COVID impuxéronse limitacións de aforo e obrigas extraordinarias de limpeza e desinfección, o certo é que proceden de autoridades diferentes á administración contratante, polo que non procede a aplicación do *factum principis* e o reequilibrio deberá apoiarse no risco imprevisible.

Tendo en conta o anterior, procede analizar a **teoría do risco imprevisible**.

A lexislación contractual non consagra expresamente o risco imprevisible. É unha figura de creación eminentemente xurisprudencial e doutrinal.

No entanto, no ámbito local, si atopamos referencias no RSCL, concretamente no artigo 127, que contempla o deber da Corporación concedente a manter o equilibrio financeiro da concesión mediante a revisión das “tarifas e subvención cando, aínda sen mediar modificacións no servizo, circunstancias sobrevenidas e imprevisibles determinaren, en calquera sentido, a ruptura da economía da concesión”.

Asemade, contempla entre as obriga xerais do concesionario (artigo 128) “*Prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente, incluso no caso de que circunstancias sobrevenidas e imprevisibles ocasionaren unha subversión na economía da concesión, e sen más interrupcións que as que se terían producido no suposto de xestión directa municipal ou provincial*”.

Na concesión que nos ocupa, o PCAP regula o réxime económico-financeiro da concesión baixo o principio de risco e ventura da concesionaria (cláusulas 48ª.1 e 2), establecendo que esta asume os riscos propios da explotación, incluíndo a evolución das condicións financeiras do mercado ao longo do prazo concesional, así como da demanda de uso.

No entanto, o PCAP tamén prevé mecanismos de reequilibrio de carácter excepcional na cláusula 49ª.2 que operan cando a ruptura do equilibrio deriva de modificacións impostas por razóns de interese público, excluindo expresamente os supostos de riscos ordinarios:

- Cláusula 49ª:
 - “1.- O concesionario ostenta o dereito á revisión das tarifas sinaladas na súa oferta ó obxecto de manter o equilibrio económico-financeiro do contrato.
 - 2.- No suposto de que o Concello de Vigo, por razóns de interese público, modifícase as características do servizo público e estas modificacións afecten ó réxime económico-financeiro do contrato, a Administración Municipal deberá compensar ó contratista ó



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 184 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

obxecto de manter o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados básicos na adxudicación.

3.- Non dará lugar a indemnización os acordos da Administración Municipal respecto do desenvolvemento do servizo que carezan de transcendencia económica.

4.- En ningún caso dará lugar á revisión de tarifas ou á percepción de subvencións os aumentos salariais pactados en Convenios de Empresa”.

- *Cláusula 52ª.c): “Sen prexuízo do dereito de inspección e vixilancia do servizo público que lle corresponde ó Concello, o concesionario ostentará os seguintes dereitos:*

(...) Mantemento do equilibrio financeiro da concesión na forma prevista no presente Prego e demais documentos que rexen a concesión, conforme co previsto no artigo 282 do TRLCSP”.

Establece o citado artigo 282 do TRLCSP:

“4. A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público e de acordo co establecido no título V do libro I, as características do servizo contratado.

b) Cando actuacións da Administración determinaran de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.

c) Cando causas de forza maior determinaran de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato. Para estes efectos, entenderase por causas de forza maior as enumeradas no artigo 231 desta Lei.

5. Nos supostos previstos no apartado anterior, o restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan. Estas medidas poderán consistir na modificación das tarifas a abonar polos usuarios, a redución do prazo do contrato e, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. Así mesmo, nos casos previstos nos apartados 4.b) e c), poderá prorrogarse o prazo do contrato por un período que non exceda dun 10 por cento da súa duración inicial, respectando os límites máximos de duración previstos legalmente”.

Así pois, o reequilibrio económico da concesión procedería no caso de sobrevir circunstancias imprevisibles que provocasen unha excesiva e desproporcionada onerosidade para o contratista. A diferenza do *ius variandi* e do *factum principis*, esa excesiva onerosidade ten como causa acontecementos imprevisibles no momento de celebrar o contrato que resultan alleos por completo á actuación da Administración. Nesta situación é necesario que a Administración axude ao contratista e proceda ao restablecemento do equilibrio económico, protexéndose así, o interese público inherente aos contratos administrativos.

A teoría do risco imprevisible ten a súa base na expresión latina “*pacta sunt servanda, rebus sic stantibus*”: os pactos (neste caso contratos) deben cumprirse mentres as cousas sigan así, establecendo a obrigatoriedade do cumprimento dos contratos pero, unicamente, mentres as circunstancias existentes no momento de celebración do mesmo non varíen. Neste caso, deberá realizarse un reequilibrio das prestacións contractuais, para situar de novo a ambas partes en pe de igualdade e evitar así que unha delas se beneficie da situación xerada polas citadas causas,



tal e como predica a doutrina da equivalencia das prestacións das partes. O Ditame do Consello Consultivo de Aragón 24/2013, de 25 de novembro sinala que o reequilibrio das prestacións *“configúrase, por tanto, como a técnica que permite devolver ás partes á situación inicial, cando, durante a execución do contrato, falla a repartición de riscos pactado. Non hai, en todo caso, unha modificación das condicións de explotación, senón un axuste das mesmas a unha realidade fáctica ou xurídica non prevista, que inaplica a regra do pacta sunt servanda (estar ao pactado) e que obriga a, sen alterar a idea do risco, limitar este cando é claramente desproporcionado”*.

O Ditame do Consello de Estado de 14 de maio de 1998 e as sentencias do Tribunal Supremo de 19 de xaneiro de 1998 e de 27 de decembro 1990 falan de que o risco, sendo *“racionalmente imprevisible”*, debe resultar *“alleo á vontade”* e *“culpa das partes contratantes”* e levar consigo que *“se alteren substancialmente as condicións de execución de maneira que a prestación resulte máis onerosa para unha das partes da que inicialmente puidera preverse”* (STS de 18 de abril de 2008). En canto a este incremento da onerosidade, este debe de ser tal que, *“ademais de obedecer a unha causa imprevisible ou de ordinario inxustificable, rompa o efectivo equilibrio das prestacións e trastorne completamente a relación contractual (bouleversement, dicía o Consello de Estado francés no seu Arrêt do 27 de xuño de 1919)”*, tal e como se sinalan, entre outros, nos Ditame do Consello de Estado de 15 de abril de 2004, entre outros, como na Sentenza da Audiencia Nacional de 9 de xuño de 2006.

Para poder aplicar a teoría do risco imprevisible é necesaria, por tanto, a concorrencia dos requisitos que se enumeran a continuación, tal e como sinala o Informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado 13/2023, de 18 de xullo:

- Que os riscos sexan razoablemente imprevisibles.
- Que tales sucesos non deriven do negligente modo de proceder da entidade pública contratante e sexan estraños á vontade do contratista, que debe actuar de boa fe e con suficiente dilixencia e previsión.
- Que los sucesos en cuestión teñan entidade suficiente para alterar gravemente a prestación debida polo contratista, sin que caiba reparación mediante outros mecanismos regulares do contrato.
- Que a magnitude de tales acontecementos quede debidamente acreditada atendendo ao contrato público considerado no seu conxunto, sen que caiba a valoración de aspectos económicos parciais do contrato en cuestión.

Trasladado o anterior á situación existente neste caso, pódese afirmar que se cumpren os requisitos esixidos para a aplicación da doutrina do risco imprevisible:

- **por un lado, a pandemia xerada polo COVID é unha circunstancia razoablemente imprevisible que non se deriva dun proceder negligente da administración contratante e é un suceso estraño á vontade do contratista;**
- **por outro lado, esta crise sanitaria alterou gravemente a normalidade nas prestacións da concesión, non so no momento da suspensión total da mesma, senón tamén posteriormente polas medidas esixidas que provocaron un descenso de usuarios e un incremento dos gastos polas medidas de limpeza e desinfección establecidas.**

Quedando, asemade, acreditada a magnitude dos acontecementos e a súa repercusión no conxunto do contrato, tendo en conta o anteproxecto de explotación, a documentación presentada pola concesionaria así como os sucesivos informes desta administración e que a oferta da concesionaria non supuxo a asunción dun maior risco que o resto dos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 186 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



En efecto, no expediente consta anteproxecto de explotación elaborado polo Concello, que fixaba a TIR bruta no 10,85% e a TIR neta no 9,30%. A TIR ofertada pola concesionaria é similar á estimada pola administración. Segundo o informe económico do 28 de xaneiro de 2025:

“O Anteproxecto de explotación para o contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, expte. 12032/333, aprobado por Acordo da XGL de 2 de abril de 2013, e citado na actualización da solicitude de MQA de 7 de xuño de 2023 que obra no expediente 6603-241, calcula o VAN do proxecto empregando unha k do 6%, mentres que a TIR inicial dos investidores era do 9,3%, modificada posteriormente ao 9,69%”.

A TIR real da concesionaria antes da pandemia era inferior á prevista, pero esta evolución diverxente é explicada polo informe económico do 18 de abril de 2022 por unha serie de circunstancias que operan dentro do risco operativo normal asumido nun contrato de concesión:

“A execución do contrato de concesión realízase baixo condicións de risco e ventura do concesionario, polo que os resultados derivados das diferencias entre as magnitudes estimadas no plan financeiro e as reais (demanda, gastos operativos, condicións de financiamento) son asumidas por este.

[...]

Os datos económicos reais rexistrados ata o exercicio 2019 – con anterioridade á crise covid – presentan xa diferencias fronte aos previstos nos plans económico financeiros iniciais, situación esperable se consideramos que se trata de previsións a moi longo prazo efectuadas nun entorno económico caracterizado por un alto grao de incerteza”.

Polo tanto, a diferenza entre a TIR inicial e a TIR real anterior ao COVID fundaméntase en circunstancias normais da execución dun contrato de concesión a longo prazo, no cal o contratista asume o risco operacional, polo que a ruptura do equilibrio económico non ten causa na asunción dun risco desmesurado por parte do concesionario.

Considérase, pois, que procede restablecer o equilibrio económico roto e garantir a continuidade do servizo.

Unha vez establecida á ruptura do contrato por risco imprevisible e a consecuente necesidade de acudir en axuda do concesionario de cara a restablecer o equilibrio económico da concesión, é necesario establece a forma que ha de tomar este reequilibrio. Da xurisprudencia e da doutrina dos órganos consultivos dedúcese que caben as seguintes posibilidades:

1. Incremento do prazo da concesión.
2. Modificación do réxime económico da mesma mediante:
 - Achega económica da Administración.
 - Incremento das tarifas que aboan os usuarios.
 - Diminución do canon.

Pola súa parte, a LCSP regula o restablecemento do equilibrio económico das concesións no artigo 282.5 en relación as concesións de servizos, establecendo que *“Estas medidas poderán consistir na modificación das tarifas para abonar polos usuarios, a redución do prazo do contrato e, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. Así mesmo, nos casos previstos nos apartados 4.b) e c), poderá prorrogarse o prazo do contrato*



por un período que non exceda dun 10 por cento da súa duración inicial, respectando os límites máximos de duración previstos legalmente.”

Das opcións posibles, a concesionaria na documentación presentada opta pola achega económica por parte da Administración.

Analizaremos a continuación as distintas opcións de reequilibrio posibles:

1.- Incremento do prazo da concesión

Esta concesión foi outorgada por un prazo de 49 anos a contar desde o 10 de abril de 2014. Informa o responsable do contrato en data 15 de xullo de 2021 que “Calquera medida de reequilibrio en relación a ampliación do prazo da concesión non se considera unha medida que poda solventar a situación económica desta concesión, xa que por un lado, esta proposta non aportaría ningunha solución as graves dificultades de tesourería actual, e así mesmo a propia condición do prazo contractual (49 anos) requirirá para a súa continuidade da execución de un novo proceso de inversións (reformas estruturais do edificio, novos equipamentos, etc) todas elas vinculadas a prazos de amortización sempre superiores a capacidade de ampliación do prazo contractual”.

2.- Modificación do réxime económico da concesión:

a) Diminución do canon

O importe anual do canon concesional a satisfacer polo concesionario é de 9.100,00 euros/ano. Tendo en conta a súa reducida contía, a minoración ou eliminación do canon tería un efecto insignificante sobre o equilibrio económico da concesión. Así o comparten tanto o responsable do contrato como o técnico de administración xeral – economista.

b) Incremento das tarifas que aboan os usuarios.

A remuneración da concesionaria consiste principalmente no dereito a obter as tarifas que abonen os usuarios do servizo e os ingresos complementarios pola explotación do mesmo detallados na cláusula 9 do PCAP.

Informa o responsable do contrato en data 15 de xullo de 2021 que “A opción de buscar o restablecemento económico a través do incremento dos prezos os usuarios/as, non se considera unha proposta adecuada tendo en conta a propia afección que a Pandemia COVID 19, ten producido nas economías das persoas, e sobre todo, porque enténdese que esta situación responde a unha alteración limitada no tempo cunha repercusión económica moi importante (unha minoración aproximada dun 40 % de usuarios) e posiblemente dita afección terá correspondencia co propio período das afeccións da pandemia, esperándose que se produza a medio prazo unha recuperación de usos a nivel pre-covid”.

c) Achega económica da Administración.

Informa o responsable do contrato en data 15 de xullo de 2021 “esta medida é a que mais se axusta as peculiaridades do motivo do desequilibrio (Pandemia Covid 19), e coa aplicación da mesma, se posibilitará unha compensación económica razoable e proporcionada a situación (minoración de ingresos e compensación da minoración dos custes), que como se desprende da solicitude realizada por MQA centrase fundamentalmente na perda dos ingresos pola importantísima minoración dos usos da instalacións deportivas en base a aplicación de todas as medidas tomadas en relación a crise sanitaria provocada pola Pandemia Covid-19. Neste sentido



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 188 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

a proposta de modificación do réxime económico da concesión para posibilitar unha achega económica da administración posibilitará unha mitigación do impacto económico no desenvolvemento desta concesión”.

Así mesmo, o 16 de xullo de 2021 o responsable do contrato informa, en relación co cumprimento do disposto no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que “o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración dun gasto finalista e o mesmo ten por obxecto mitigar o impacto económico que a Pandemia COVID-19, ten producido no desenvolvemento económico desta concesión. Así mesmo o gasto finansiase con créditos xerados no marco do actual orzamento en base as economías provocadas pola minoración de gasto noutras áreas e en todo caso esta achega, ten por obxecto manter o equilibrio económico financeiro da concesión, e como tal, conforma en si mesmo un instrumento xerador de aforro en relación a calquera circunstancia que derivase no risco de ruptura total da concesión e rescate da mesma”.

Tendo en conta o anterior e, á vista do prego de cláusulas administrativas particulares, a opción para o restablecemento do equilibrio económico da presente concesión máis viable e a achega económica tal e como solicita a concesionaria.

-V-

Da determinación da achega económica da Administración

Para o reequilibrio da concesión, MQA NAVIA, SL solicita unha achega económica de 112.860,00 euros para o período comprendido entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020, ao abeiro da normativa contida no Real Decreto-lei 8/2020, e de 2.279.655,00 euros para o período comprendido entre o 22 de xullo de 2020 e o 31 de decembro de 2032, ao abeiro da normativa contida na lexislación contratactual. Achega en apoio da súa solicitude escrito de alegacións, documentación económica da concesionaria e informe da consultora BDO.

Por parte da Área de Contratación e Novos Proxectos, para a determinación do importe total da devandita achega económica, solicítase informe económico interno que é emitido en data 28 de xaneiro de 2025.

Este informe avalía, por un lado, a achega económica solicitada para o período comprendido entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020, manifestando o seu acordo cos cálculos realizados pola concesionaria mediante a aplicación do previsto no Real Decreto-lei 8/2020 e tendo en conta o método de cálculo empregado para a compensación económica acordada pola Xunta de Goberno Local para esta concesión polo período comprendido entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020, en aplicación, asemade, do establecido no devandito real decreto. Así, a achega económica sería de 112.860,00 euros para o período comprendido entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020.

En segundo lugar, o informe económico procede á avaliación dos cálculos realizados para determinar a achega económica para o período posterior ao 21 de xullo de 2020. Neste caso, o informe sinala o seu acordo “coa opinión manifestada polas concesionarias na súas solicitudes en relación á metodoloxía axeitada para cuantificar as perdas, baseada na comparación dos VAN nos escenarios con e sen covid-19” (fronte á metodoloxía suxerida no informe de SEIXAS de cuantificación do desequilibrio, baseada na conta de resultados das concesionarias). Pola contra, discrepa en canto a aplicación da taxa K de desconto. Así, indica que

“As Solicitudes das concesionarias dedican un amplo espazo (segundo guión do punto terceiro) a defender o emprego das taxas do 9,7% e 9,8%, defensa baseada no argumento de que trátase



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 189 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“da taxa prevista inicialmente no contrato”. Esta interpretación identifica de modo erróneo a TIR do proxecto e a taxa k de desconto, magnitude que representa o custo do capital. O Anteproxecto de explotación para o contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, expte. 12032/333, aprobado por Acordo da XGL de 2 de abril de 2013, e citado na actualización da solicitude de MQA de 7 de xuño de 2023 que obra no expediente 6603-241, calcula o VAN do proxecto empregando unha k do 6%, mentres que a TIR inicial dos investidores era do 9,3%, modificada posteriormente ao 9,69%. No caso de AQA non consta no expediente 6604-241 mención expresa da taxa k considerada no expediente, pero tendo en conta a TIR do 9,8% (moi similar á de MQA), resulta razoable aplicar a mesma taxa k de desconto do 6%”. O informe, continúa incidindo neste aspecto ao sinalar que “(...)se a taxa k fora igual á TIR, o VAN do proxecto por definición sería 0. Non tería sentido, polo tanto, avaliar a viabilidade dos proxectos de investimento de empregar unha taxa k igual á TIR. Por contra, pártese dunha taxa k do custo de capital, que representa a rendibilidade esixida para remunerar os capitais necesarios para acometer o investimento. Posteriormente calcúlanse os fluxos de caixa estimados que se derivan do proxecto. A TIR é a taxa de desconto que iguala o valor actual dos fluxos de entrada e saída. O VAN é o valor actual dos fluxos xerados, descontados á taxa k . Se a $TIR > k$, o VAN é positivo. Se a $TIR < k$, o VAN é negativo. Se a $TIR = k$, o VAN é cero. Polo tanto, a taxa k é un parámetro definido con anterioridade que se emprega para avaliar a viabilidade dun proxecto, mentres que a TIR é un resultado matemático que se obtén a partir dos fluxos de caixa que se estima que serán xerados durante o proxecto. Son magnitudes conceptualmente distintas.

Cómpre engadir que para a finalidade deste expediente, a relevancia de aplicar unha taxa de desconto do 6% ou do 9,8% é moi limitada⁷. Así, se sobre os cálculos realizados nos Informes de BDO modificamos unicamente a taxa k , os resultados son os seguintes:

CONCEPTO	MQA	AQA
Desequilibrio no conxunto da concesión segundo Informes BDO de 23/02/2023 (taxa k 9,69% e 9,8%)	2.586.000 €	2.451.000 €
Resultado aplicando unha taxa k do 6%	2.746.000 €	2.509.000 €
Diferencia	160.000 €	58.000 €

(...) O VAN, repetimos, constitúe a suma dos fluxos de caixa actualizados obtidos durante a vida do proxecto. No cadro baixo estas liñas, preséntase o detalle dos fluxos de caixa actualizados á taxa $k=6\%$, xerados nos exercicios relevantes (2020-2032), para os escenarios con e sen covid-19 (datos en miles de €):

MQA	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032
VAN Escenario sen covid	330	533	752	701	654	609	351	527	491	458	426	241	381
VAN Escenario con covid	207	165	-96	379	429	433	249	406	380	336	330	162	327
DIFERENCIA	124	368	848	322	225	176	102	121	111	122	96	78	54

AQA	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032
VAN Escenario sen covid	614	282	828	739	693	612	16	480	426	378	336	-57	293
VAN Escenario con covid	323	286	-66	-69	403	421	402	-4	370	355	341	333	35



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 190 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

DIFERENCIA	291	-4	895	808	290	191	-386	483	56	23	-5	-390	258
------------	-----	----	-----	-----	-----	-----	------	-----	----	----	----	------	-----

A suma destas diferencias (2.746.000 € para MQA e 2.509.000 € para AQU) constitúe a estimación das perdas xeradas como consecuencia da covid-19 no período 2020-2032”

Realizada esta puntualización o informe continua diferenciando entre as perdas reais soportadas pola concesionaria no período 2020-2022 e a estimación de perdas realizada para o período 2023-2032. As perdas reais estímase en 1.340 miles de euros para a concesionaria, mentres que as perdas futuras estímase en 1.406 miles de euros. Neste punto o informe indica que

“Cómpre observar neste punto que unha estimación razoable do importe dunhas perdas futuras non pode integrarse na contificación do desequilibrio económico causado sobre as concesionarias polo covid-19, a efectos de determinar o importe da achega económica que procede propoñer en concepto de reequilibrio económico. Non procede compensar a unha concesionaria por perdas que non se teñen producido. Por outra parte, como é lóxico, as previsións do desempeño económico de calquera empresa que actúe nun entorno de mercado están suxeitas a unha considerable incerteza. (...) Cómpre puntualizar que o mellor desempeño económico das concesionarias non implica que as previsións do escenario con covid-19 dos Informes de BDO foran erróneas, senón que outros factores causais van gañando progresivamente peso e compensan en parte os efectos a medio prazo do covid-19, como argumentamos no punto anterior. Estes factores encádranse no marco do principio de risco e ventura das concesionarias, e inclúen tanto circunstancias externas (como a posibilidade de incrementar as tarifas debido á inflación) como derivadas da propia capacidade de xestión das entidades concesionarias.”

Finalmente, o informe pasa a considerar o reparto das perdas entre esta administración e a concesionaria que, na solicitude de esta cuantifícase como una porcentaxe sobre as perdas económicas xeradas entre 2020 e 2023 (reais e futuras) dun 92,17 % a soportar por esta administración. En canto as bases para o cálculo da mesma, o informe indica que non se poden identificar na solicitude da concesionaria e que, polo tanto, non é validable por dous motivos:

“- Non existe unha motivación das porcentaxes empregadas nas Solicitudes das concesionarias, polo que coa información dispoñible debemos concluir que se trata de magnitudes fixadas de modo arbitrario. - A aplicación dunhas porcentaxes tan elevadas resulta nuns valores das achegas superior ao 100% das perdas reais estimadas para o período 2020-2022, xa que integrarían ademais unha parte importante da estimación das perdas futuras (2023-2032). E, reiteramos, non consideramos razoable que o Concello indemnice a unha concesionaria por perdas futuras.”

Tendo en conta isto, o informe establece unha metodoloxía de reparto das perdas entre esta administración e a concesionaria en base aos principios de proporcionalidade e razoabilidade e a necesidade do mantemento do equilibrio económico das concesións de cara a asegurar a continuidade da prestación do servizo de público. Así, o informe económico establece a seguinte metodoloxía:

“1) Identificar o período temporal no que o impacto da covid-19 sobre os fluxos de caixa e demais magnitudes económicas da concesionaria prodúcese con maior intensidade, sendo o nexo causal máis forte e a influencia de outros factores limitada. Este período correspóndese cos exercicios 2020, 2021 e 2022, e dicir, ata 8 meses despois do levantamento dos últimos condicionantes legais á actividade das concesionarias ocasionada polo covid-19.

2) O reparto das perdas realizaríase do seguinte modo: a Administración asumiría as perdas xeradas no período de maior intensidade, e as concesionarias as perdas xeradas no período seguinte (é dicir, entre 2023 e 2032).

Esta metodoloxía conta coas seguintes vantaxes:

- Permite identificar dun modo máis claro o nexo causal entre o covid-19 e as perdas sufridas polas concesionarias.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 191 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- A contía da achega económica comprendería exclusivamente a estimación de perdas reais (xa producidas), excluindo as posibles perdas futuras.
- A achega da administración concentraríase no período de maior intensidade dos efectos económicos negativos sobre a concesionaria, atendendo deste modo á finalidade de garantir a continuidade do servizo.
- As perdas asumidas pola concesionaria corresponderíanse ao período no que existe unha maior incerteza sobre os efectos do covid-19 sobre o desempeño económico, debido á crecente importancia de factores que se encadran no risco operacional da concesión, incluída a propia xestión das adxudicatarias.”

A vista do exposto, o informe conclúe que o importe da achega económica para o período posterior ao 21 de xullo de 2020 é o resultado de restar, ás perdas reais calculadas para o período 2020-2022, a compensación correspondente ao período comprendido entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020. Así, o total sería 1.340 miles € - 112,86 miles € = 1.227,140 miles €.

A modo de conclusión o informe económico resume o anteriormente exposto da seguinte maneira:

- “1. As cantidades solicitadas polas concesionarias en concepto de achega para o reequilibrio económico das concesións, para o período 12/06/2020 – 21/07/2020, son correctas, e resultan dunha axeitada aplicación do artigo 34.4 do RDL 8/2020, sendo os importes das compensacións os seguintes: 112.860 € para MQA Navia S.L.U. e 151.261 € para AQA Vigo Xestión Deportiva S.A.
2. A metodoloxía empregada polas concesionarias para o cómputo das perdas estimadas como consecuencia do covid-19, consistente en calcular a diferenza entre os fluxos de caixa actualizados dos proxectos (VAN) nun escenario tendencial sen covid-19 cos fluxos de caixa actualizados (VAN) no escenario real (datos reais ata 2022 e estimación dos resultados a partir de 2023) é razoable e axeitada. Os cálculos das concesionarias sen embargo empregan erroneamente como taxa de desconto k as TIR do proxecto, polo que neste Informe Económico se teñen recalculado as VAN coa taxa k de desconto correcta, que é o 6%. As diferencias entre os resultados das concesionarias e os resultados obtidos no Informe Económico non son significativas.
3. As perdas estimadas das concesionarias poden dividirse en dous períodos: Perdas reais (baseadas nas magnitudes económicas reais, ata 2022) e perdas futuras (baseadas na estimación das magnitudes económicas, entre 2023 e 2032). A contía destas magnitudes (incluíndo o período 12/06 a 21/07 de 2020) é a seguinte:

CONCESIONARIA	PERDAS REAIS (20-22)	PERDAS FUTURAS (23-32)	TOTAL
MQA Navia S.L.U.	1.340 miles €	1.406 miles €	2.746 miles €
AQA Vigo Xestión Deportiva S.A.	1.182 miles €	1.328 miles €	2.509 miles €

4. A contía da achega solicitada polas concesionarias representa unha porcentaxe do 92,17% para MQA e do 88,14% para AQA das perdas totais reais e futuras. Esta porcentaxe non está xustificada no expediente e, en caso de aplicarse, implicaría compensar parte das perdas futuras, polo que non é procedente a súa aplicación. Proponse unha metodoloxía alternativa baseada nun criterio temporal, que cumpre os criterios de razoabilidade e proporcionalidade: Tómanse soamente as perdas estimadas para o período de maior intensidade dos efectos da covid-19 sobre a actividade, que se estima ata o 31 de decembro de 2022, mentres que as concesionarias asumirían as perdas do período seguinte, no cal o nexos causal vaise debilitando.
5. Da correcta aplicación da metodoloxía proposta no presente Informe Económico, resultan os seguintes importes en concepto de achega para o reequilibrio económico das concesións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 192 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

MQA Navia S.L.U.: 1.340.000€ (112.860€ (12/06/20-21/07/20); 1.227.140€ (22/07/20-31/12/22)) (...)

En base a estas conclusións, con data 31 de xaneiro de 2025, infórmase a proposta de reequilibrio da concesión da que se lle dá traslado a MQA NAVIA, SL, na mesma data, para que presente as alegacións que estime convenientes.

A concesionaria presenta alegacións, o 21 de febreiro de 2025, sobre as que a Área de Contratación e Novos Proxectos solicita informe económico interno que é emitido en data 17 de marzo de 2025.

No informe analízanse as tres partes nas que se dividen as alegacións (puntos de acordo coa administración, desacordo con respecto o reparto das perdas entre a concesionaria e a Administración e actualización da compensación proposta polos servizos municipais).

Con respecto aos puntos de acordo, o informe económico sinala que, se ben non é necesario pronunciarse sobre os mesmos, si o é mencionar que existen mais puntos de acordo cos mencionados sinalando, concretamente,

“- A metodoloxía para a cuantificación das perdas causadas pola covid, consistente na comparación do VAN dos proxectos no seu conxunto no escenario real (coa crise covid-19) e nun escenario hipotético sen crise covid-19. - Os valores numéricos dos fluxos de caixa para ambos escenarios, que foron formulados polas concesionarias e validados polo Concello. - En canto á taxa de desconto k, que o Concello empregou en lugar das TIR propostas polas concesionarias, e que supoñían realizar un pequeno axuste sobre a contificación das perdas realizada polas concesionarias, as alegacións non conteñen mención ningunha sobre os argumentos expostos no Informe económico de 28/01/2025 acerca desta cuestión, polo que se entende que non existen desacordos sobre este axuste técnico.”

A continuación realízase a análise do segundo punto das alegacións referido ao reparto do importe do reequilibrio sobre o que a concesionaria sinala que se basea no importe das cargas financeiras extraordinarias asumidas pola mesma derivadas de contratos de crédito e avais subscritos para facer fronte á situación de caixa derivada da crise da COVID-19.

“Así, as porcentaxes de reparto son o resultado de dividir estes custos financeiros extraordinarios entre o importe total das perdas calculadas (recordemos que o desequilibrio económico causado pola covid-19 foi calculado mediante a aplicación da metodoloxía consistente en comparar o VAN dos fluxos de caixa nos escenarios con e sen covid-19):”

	MQA
TOTAL PERDAS 22.07.2020-2032 (miles €)	2.474
Custos financeiros extraordinarios (miles €)	2.280
% A SOPORTAR POLO CONCELLO	92,16%

Analizando o anterior, o informe económico conclúe que, tendo en conta que

“As perdas xeradas pola crise covid-19 sobre as concesións foron estimadas polas concesionarias mediante unha metodoloxía consistente en calcular a diferenza entre os fluxos de caixa actualizados dos proxectos (VAN) nun escenario tendencial sen covid-19, cos fluxos de caixa actualizados (VAN) no escenario real (datos reais ata 2022 e estimación dos resultados a partir de 2023)” e que esta metodoloxía “foi validada no Informe económico de 28/01/2025, que a cualificaba de “razoable e axeitada”, “o criterio de reparto proposto agora polas concesionarias nos documentos de alegacións nº 250040693 e 250040676 analizados no presente informe, baséase nas cargas financeiras extraordinarias derivadas da covid-19 (é dicir, das cargas financeiras derivadas do endebedamento extraordinario subscrito para facer fronte á crise). Trátase, polo tanto, dun método alternativo e incongruente (non relacionado) coa



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 193 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

metodoloxía aplicada en primeiro lugar para determinar as perdas totais. Ademais, a modalidade de aplicación da metodoloxía proposta carece de rigor, e a documentación xustificativa aportada resultaría insuficiente para confirmar os cálculos realizados. Trátase, polo tanto, dunha proposta de reparto de custo incorrecta e inadecuada.”

O informe continúa expoñendo detalladamente os principais motivos que respaldan as anteriores afirmacións: a incongruencia de adoptar como criterio de reparto un aspecto parcial dos efectos económicos sobre a concesionaria, a falta de fiabilidade de métodos para medir o impacto dunha situación de crise baseados exclusivamente no financiamento da concesión e a inconsistencia conceptual dos cálculos realizados pola concesionaria.

Finalmente, sobre a actualización da compensación proposta polos servizos municipais conclúe que non procede actualizar as contías tal e como alega a concesionaria. A solicitude ten en conta que o cómputo do desequilibrio toma como data de referencia para a actualización dos fluxos de tesourería o 31 de decembro de 2022 e que, a vista do tempo transcorrido desde esa data, a concesionaria propón a actualización ao fin do exercicio máis próximo á data estimada de resolución (31 de decembro de 2024), *“mediante a aplicación dunha taxa equivalente á taxa k (6%) sobre o importe total das achegas propostas”*. No entanto, a data de referencia do 31 de decembro de 2022, como indica o informe económico, *“non é unha data arbitraria, senón que se integra necesariamente no conxunto de datos analizados para determinar a existencia da ruptura do equilibrio económico e a súa contía”*, xa que a análise económico-financeira que fundamenta o cálculo da achega para o reequilibrio económico da concesión, e que parte da propia concesionaria, *“adopta correctamente o ano 2022 como o ano base para a actualización dos fluxos de caixa, ao tratarse do exercicio máis recente para os que se contaba con datos reais. A data de referencia de 31.12.2022 se deriva necesariamente do conxunto de datos e magnitudes económicas valoradas no expediente”*. Así, o importe da achega está indisolublemente ligado *“ao conxunto de magnitudes valoradas na data de referencia do expediente.”* O informe continua dicindo que a actualización proposta pola concesionaria *“consistente en modificar unicamente a data de referencia, sen actualizar os datos das magnitudes reais a 2024, e as previsións de futuro actualizadas, resulta incoherente.”*

En vista do anterior *“as contías das achegas foron correctamente calculadas, e, en consecuencia, non procede recalcularlas mediante a modificación da data de referencia a 31.12.2024”*.

Enviado o expediente para informe xurídico, devólvese pola Asesoría Xurídica o 29 de outubro de 2025 mediante dilixencia. En base ás observacións sinaladas, solicítase pola Área de Contratación e Novos Proxectos novo informe económico.

Este informe emítese con data do 11 de novembro de 2025 e inclúe as seguintes aclaracións:

[...] ”2.a Método de reequilibrio aplicado para o período 12/06/2020 a 12/07/2020

A dilixencia da Asesoría Xurídica formula observacións en relación coa contificación do importe do desequilibrio para o período 12/06/2020 a 21/07/2020, para o cal o Informe económico de 28/01/2025 determina 112.860€ para MQA e 151.261€ para AQA, como resultado da aplicación da metodoloxía prevista no artigo 34.4 do RDL 8/2020.

A metodoloxía aplicada para o cálculo do desequilibrio para o período posterior ao 21/07/2020 no devandito informe de 28/01/2025 determina en primeiro lugar as perdas ocasionadas pola covid-19 por comparación entre os resultados das contas anuais reais, con covid-19, e os resultados que se obterían nun escenario tendencial, sen covid-19. Posteriormente, a este resultado se lle deducen os importes calculados para o período entre 12/06/2020 e 21/07/2020, indicados no parágrafo anterior. A implicación desta metodoloxía é que, ao axustar o total restando os importes resultantes de aplicar o artigo 34.4, o cálculo realizado é independente da aplicación do previsto



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 194 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

neste artigo, ou, dito doutro modo, o importe total do desequilibrio no conxunto do período concesional non varía, con independencia de que para o período 12/06/2020 a 21/07/2020 se aplique ou non a metodoloxía do artigo 34.4 do RDL 8/2020, ao quedar este período englobado no cálculo do desequilibrio para o conxunto da concesión.

Polo tanto, os importes que figuran nas conclusións do Informe económico de 28/01/2025 son correctos, con independencia do emprego ou non da metodoloxía do artigo 34.4:

CONCESIONARIA	IMPORTE TOTAL DESEQUILIBRIO	IMPORTE PROPOSTO DA ACHEGA (equivalente ao período ata 31/12/2022)
MQA Navia S.L.U.	2.746 miles €	1.340 miles €
AQA Vigo Xestión Deportiva S.A.	2.509 miles €	1.182 miles €

2.b. Consideración dos importes concedidos ás concesionarias pola suspensión da execución das concesións no período 27/01/2021 a 26/01/2021

A XGL aprobou na sesión de 27 de outubro de 2022 indemnizar ás concesionarias MQA e AQA polo período de suspensión da execución das concesións entre 27 de xaneiro e 26 de febreiro de 2021. Os importes aprobados e pagados foron de 85.565 euros para MQA e 146.629 euros para AQA. As concesionarias contabilizaron nas súas contas anuais para 2021 (previsión) e 2022 (regularización) os ingresos correspondentes a estes importes, polo que foron tidos en conta no cómputo do desequilibrio realizado no Informe económico de 28/01/2025. Polo tanto, non se produce en ningún caso un dobre cómputo do desequilibrio para o devandito período entre xaneiro e febreiro de 2021.

3. RESUMO DAS CONCLUSIÓNS SOBRE AS CUESTIÓN ECONÓMICAS FORMULADAS NOS EXPEDIENTES 6603-241 E 6604-241

1. Nos expedientes 6603-241 e 6604-241 analízanse as solicitudes de reequilibrio económico das concesionarias MQA e AQA. Trátase de dous contratos tipificados como xestión de servizo público, que teñen como obxecto a construción de instalacións deportivas e a prestación de servizos deportivos durante un prazo de 49 anos (MQA) e 45 anos (AQA). A remuneración das concesionarias consiste principalmente no dereito a obter as tarifas establecidas pola utilización do servizo, tarifas actualizables anualmente con referencia á taxa IPC. Ambos contratos establecen igualmente un canon concesional por un importe pouco significativo en comparación coas restantes magnitudes económicas do contrato (12.000 euros anuais MQA e 6.000 € anuais AQA), en ambos casos actualizables en función do índice IPC.

2. A pandemia de covid-19 causou directamente unha brusca caída do número de aboados das concesionarias, coa consecuente redución da súa principal fonte de ingresos. A Análise económica de maio de 2024, asinada por este economista, concluíu a existencia dunha ruptura substancial do equilibrio económico das concesións causada por un acontecemento extraordinario e imprevisible: a covid-19. Esta conclusión se fundamenta en dous elementos: a) A existencia dun nexo causal directo entre esta crise e a redución dos ingresos das concesións no período posterior ao de suspensión do servizo, a partir de xuño de 2020, comparado co nivel de ingresos e aboados rexistrados ata 2019; e b) **Un impacto económico medible (perdas) que non se tería producido de non existir crise covid-19, e que ten causado unha redución relevante e significativa da TIR de ambas concesións para o conxunto do período concesional en valores inferiores á taxa k de custo de capital.**

3. Unha análise da viabilidade xurídica e económica das posibles medidas a adoptar pola administración para o reequilibrio económico das concesións, garantindo a continuidade da prestación do servizo público, pon de manifesto que a única opción viable é a modificación do réxime económico das concesións, mediante a aprobación dunha achega económica para cada



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 195 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

unha das concesións. As posibles medidas alternativas non son adecuadas para a consecución do reequilibrio:

- Ampliación do prazo concesional. Tendo en conta a elevada cantidade de anos que restan ata o vencemento dos prazos contractuais, os rendementos económicos que se obterían no período adicional quedarían suxeitos a un elevado grao de incerteza, e ademais estarían condicionados á execución dun novo ciclo de investimentos unha vez esgotado o período de vida útil económica das infraestruturas adscritas á concesión. Polo tanto, o período adicional non acadaría o reequilibrio económico da concesión.
- O incremento das tarifas ao público non se considera unha proposta adecuada polo seu impacto sobre as persoas beneficiarias do servizo público.
- A minoración ou eliminación do canon concesional ten un efecto insignificante sobre o equilibrio económico debido á súa reducida contía.

4. A metodoloxía empregada polas concesionarias para o cómputo das perdas estimadas como consecuencia do covid-19, consistente en calcular a diferenza entre os fluxos de caixa actualizados dos proxectos (VAN) nun escenario tendencial sen covid-19 (evolución a partir dos datos reais para 2017-18-19) cos fluxos de caixa actualizados (VAN) no escenario real (datos reais ata 2022 e estimación dos resultados a partir de 2023) é razoable e axeitada. Os cálculos das concesionarias sen embargo empregan erroneamente como taxa de desconto k as TIR do proxecto, polo que no Informe Económico de 28 de xaneiro de 2025 se teñen recalculado as VAN coa taxa k de desconto correcta, que é o 6%. As diferencias entre os resultados das concesionarias e os resultados obtidos no Informe Económico non son significativas.

5. Da correcta aplicación desta metodoloxía obtense un importe de desequilibrio económico causado pola covid-19 para o período posterior ao 12/06/2020 de 2.746 miles € para MQA Navia e de 2.509 miles € para AQA Vigo Xestión Deportiva, importes que teñen en conta as compensacións pagadas pola administración pola suspensión da actividade no período xaneiro-febreiro de 2021.

6. Sobre o importe total do desequilibrio, as concesionarias solicitan unha achega equivalente ao 92,17% (para MQA) e do 88,14% (para AQA) das perdas totais. Esta porcentaxe baséase nas cargas financeiras extraordinarias soportadas polas concesionarias, criterio que, como se xustifica no Informe económico de 17 de maio de 2025, non é consistente coa metodoloxía de cálculo do desequilibrio aplicada. Nos informes económicos propónse en cambio unha metodoloxía do reparto de riscos baseada nun criterio temporal, que cumpre os criterios de razoabilidade e proporcionalidade: Tómanse soamente as perdas estimadas para o período de maior intensidade dos efectos da covid-19 sobre a actividade, que se estima ata o 31 de decembro de 2022, mentres que as concesionarias asumirían as perdas do período seguinte, no cal o nexa causal vaise debilitando e o impacto da covid sobre os resultados económicos das concesións é decrecente. Así, as perdas estimadas das concesionarias poden dividirse en dous períodos: Perdas reais (baseadas nas magnitudes económicas reais, ata 2022) e perdas futuras (baseadas na estimación das magnitudes económicas, entre 2023 e 2032), segundo o seguinte detalle:

CONCESIONARIA	PERDAS REAIS (20-22)	PERDAS FUTURAS (23-32)	TOTAL
MQA Navia S.L.U.	1.340 miles €	1.406 miles €	2.746 miles €
AQA Vigo Xestión Deportiva S.A.	1.182 miles €	1.328 miles €	2.509 miles €

7. Da correcta aplicación da metodoloxía proposta no presente Informe Económico, resultan os seguintes importes en concepto de achega para o reequilibrio económico das concesións (é dicir, a parte do desequilibrio soportado pola administración): MQA - 1.340.000€ e AQA - 1.182.000€. De acordo co principio de reparto do risco, a concesionaria asumiría unhas perdas estimadas de 1.406.000 € no caso de MQA, e 1.328.000 € no caso de AQA, correspondente ao período posterior a 2022, polo que non procedería futuras solicitudes de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 196 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

reequilibrio económico fundamentadas no mesmo risco imprevisible (covid-19), con independencia da evolución real das magnitudes económicas”.

-VI-

Do procedemento aplicable ao reequilibrio da concesión

A lexislación de contratos non regula un procedemento específico aplicable ao reequilibrio da concesión. Procede en consecuencia aplicar con carácter supletorio a lei de procedemento administrativo común, de aplicación supletoria conforme á disposición final cuarta da LCSP “1. Os procedementos regulados nesta Ley rexeranse, en primeiro termo, polos preceptos contidos nela e nas súas normas de desenvolvemento e, subsidiariamente, polos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e nas súas normas complementarias”.

En calquera caso, non existe dúbida que o procedemento é de carácter contraditorio, polo que resulta un trámite ineludible conceder un trámite de audiencia ao concesionario, para que formule alegacións e propoña os medios de proba que estime pertinentes.

En consecuencia, en aplicación do disposto no artigo 82 LPAC, evacuose trámite de audiencia á concesionaria trala incoación do procedemento, en data 4 de outubro de 2024. A continuación, e tralas alegacións presentadas pola mercantil no prazo outorgado ao efecto, emítese informe proposta o 31 de xaneiro de 2025, do que se da traslado, novamente, á concesionaria, MQA NAVIA, SLU que presenta as súas alegacións o 21 de febreiro de 2025.

Relacionado co anterior, e, en vista do establecido no fundamento xurídico II, outorgouse novo prazo de audiencia á concesionaria para que puidera presentar as alegacións que estimara pertinentes, unicamente, sobre o cambio de normativa a aplicar ao presente procedemento pasando de dous escenarios (un rexido polo artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 e outro pola lexislación contractual) a un único escenario rexido, soamente, pola lexislación contractual, tendo en conta que este é o único cambio realizado con respecto ás audiencias anteriores e que non supón ningunha modificación da achega económica tal e como se recolle nas conclusións do informe económico do 11 de novembro de 2025 incorporado no fundamento xurídico V desta proposta.

Unha vez realizados os trámites anteriores, procede continuar a tramitación cos requisitos esixidos para as entidades locais que requiren do previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral en virtude do disposto na disposición adicional 3ª da LCSP e dos artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Neste punto, é necesario ter en conta que o artigo 333.4 da LCSP impón a emisión de informe preceptivo da Oficina Nacional de Evaluación (ONE) nos acordos de restablecemento do equilibrio do contrato nos casos previstos nos artigos 270.2 e 290.4 respecto das concesións de obras e de servizos., se concorre algunha destas circunstancias:

- Cando se realicen achegas públicas á construción ou á explotación da concesión, así como calquera medida de apoio ao financiamento do concesionario.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 197 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Respecto das concesións de obras e concesións de servizos en que a tarifa sexa asumida total ou parcialmente polo poder adjudicador concedente, cando o importe das obras ou os gastos de primeiro establecemento superen un millón de euros.

No entanto, tendo solicitado informe á ONE no expediente municipal relativo á ruptura do equilibrio económico da concesión de servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros como consecuencia do impacto da crise sanitaria provocada polo COVID-19 (expediente 3.773-449) declarouse non admitido pola ONE nos seguintes termos *“De lo anterior se deduce que para llevar a cabo el restablecimiento del equilibrio económico de un contrato adjudicado el 16 de septiembre de 1994, la adopción del correspondiente acuerdo deberá ajustarse a los requisitos y previsiones que para ello se establecían en la normativa anterior a que fuera exigible la emisión del informe de la ONE, actualmente regulada en el artículo 333 de la mencionada ley”*. Tendo en conta o anterior, non se considera procedente a remisión deste expediente á ONE.

Por último, e sen prexuízo do criterio da ONE, atendendo á interpretación que defende o Consello Consultivo de Galicia (entre outros, CCG 17/2019) do artigo 191.3c) da LCSP que outorga carácter preceptivo ao ditame no suposto de *“reclamacións dirixidas á Administración con fundamento na responsabilidade contractual na que esta puidera ter incorrido, nos casos en que as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 euros”*, para unha maior seguridade xurídica remitirase a proposta para ditame do citado órgano.

-VII-

Modificación orzamentaria para facer fronte ao reequilibrio

Polo que respecta á existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao pago da achega económica que resulta do informe proposta de resolución, de data 7 de febreiro de 2025, e do informe económico, de data 17 de marzo de 2025, para o expediente de reequilibrio económico á concesionaria, MQA NAVIA, SLU, o Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do 11 de agosto de 2025, aprobou, con carácter inicial, a modificación orzamentaria numero 56, 56A/2025, correspondente ao expediente 96/142, na cal se inclúe o importe indicado para facer fronte ao mencionado pago. Esta aprobación foi publicada no BOPPO de data 23 de setembro de 2025.

-VIII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais e do ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia.

-IX-

Conclusións

Á vista do exposto ao longo deste informe, procedería:

“1º.- Declarar a ruptura do equilibrio económico da concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (12242-333), consonte o exposto nos fundamentos xurídicos III, IV e V deste informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 198 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

2º.- A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico establecendo unha achega económica á concesionaria, MQA NAVIA, SL, de 1.340.000,00 €, consonte ao exposto no fundamento xurídico V.

3º.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3410.2269941 “Reequilibrio complexo deportivo Navia” do estado de gastos do orzamento vixente, ordenando o pago correspondente.”

-X-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Aprobar o informe proposta polo que se recoñece a existencia dunha alteración do equilibrio económico do contrato de concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (12242-333) e se declara a procedencia de outorgar á concesionaria, MQA NAVIA, SL, unha compensación económica destinada ao restablecemento do equilibrio económico-financeiro do contrato, por un importe estimado de 1.340.000,00 euros, segundo os cálculos contidos nos informes económicos e na proposta que constan no expediente.

Segundo.- Remitir o expediente completo ao Consello Consultivo de Galicia, para os efectos da emisión do ditame preceptivo previsto no artigo 191.3.c) da LCSP e 81.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de conformidade co regulado no artigo 11.3 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Terceiro.- Unha vez que se produza a emisión do ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia e, no seu caso, a posterior ratificación pola Xunta de Goberno local, conforme ao disposto no artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, executarase a compensación pola citada contía.

Cuarto.- Notificar este acordo ao concesionario, así como aos servizos municipais interesados, para o seu coñecemento e efectos oportunos”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(963).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO INFORME PROPOSTA POLO QUE SE RECOÑECE A EXISTENCIA DUNHA ALTERACIÓN DO EQUILIBRIO ECONÓMICO DO “CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE CONSTRUCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B2. Expte. 6604/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 199 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Visto o informe xurídico do 12/12/2025 e o informe de fiscalización do 18/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/12/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 BARREIRO II e na praza central do polígono I do PERI II A FLORIDA B (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 23 de maio de 2007, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou adxudicar a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, coa determinación de xestión do servizo público (6078/333), a favor da sociedade concesionaria a constituír por GAIA GD, SL e MOVEXVIAL, SL, formalizándose o contrato coa sociedade concesionaria CARRERA GALICIA, S.L., en escritura pública de data 15 de xuño de 2007. Posteriormente a Xunta de Goberno Local, en data 17 de marzo de 2008, deuse por informada da transformación da sociedade CARRERA GALICIA S.L., na sociedade anónima con denominación AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A.

Segundo.- En data 24 de abril de 2020 a XGL acordou, entre outros extremos, o seguinte:

“1º.- Declarar a imposibilidade de execución da concesión de servizo público de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (6.078-333), adxudicado a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., consonte ó previsto nos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 200 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

pregos que rexen este contrato, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2006, desde o 14 de marzo de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

2º.- Manter das prestacións previstas na cláusula 3 do PPT aquelas necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo informadas favorablemente polo responsable do contrato segundo o disposto no fundamento xurídico III deste informe (...).

Terceiro.- Con data 8 de xuño de 2020, a mercantil AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, presenta escrito no que solicita, tendo en conta a normativa relativa á aplicación da fase 3 do “Plan para a transición a unha nova normalidade”, que se notifique “á sociedade concesionaria se como consecuencia da nova regulación déixase sen efecto o peche das instalacións acordado mediante Resolución de data 13 de marzo de 2020, e permítese a actividade”.

En data 11 de xuño a XGL, en base a devandita solicitude do concesionario, acordou “Comunicar ao concesionario o fin da suspensión da execución do contrato de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II a Florida B (expediente 6.078-333) procedendo á reanudación do contrato o venres 12 de xuño de 2020”.

En vista da anterior solicitude, o día 10 de agosto do 2020 a Xunta de Goberno Local acordou:

“1º.- Reequilibrar a concesión de servizo público con obra para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, e declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2020.

2º.- A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico establecendo unha compensación económica única ó concesionario, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., por un importe de 502.940,92 euros que aboarase en efectivo e se imputará a aplicación presupostaria 3410 2269902”.

Cuarto.- En data 4 de febreiro de 2021 a XGL acordou o seguinte:

“1º.- Declarar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

a) Concesión de servizo público de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (expediente nº 6.078-333), adxudicado a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 3 do PPT necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo.

b) Concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente nº 12.242-333), adxudicado a MQA NAVIA, S.L., agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 7 do PPT necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo.

c) Contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341) adxudicado a SERVICIOS SECURITAS, S.A., agás as



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 201 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

prestacións da parte fixa do contrato que afecta aos servizos de coordinación e organización do servizo.

d) Contrato de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (expediente nº 23976-332) adxudicado a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.

e) Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611):

1. Suspensión da parte variable do contrato relativa a actividades docentes (monitores, profesores e coordinadores, nas piscinas e ximnasiaos obxecto do contrato).

2. Suspensión parcial da parte fixa do contrato agás: • O 50% das prestacións de limpeza.

• As prestacións relativas á mantemento.

• As prestacións de dirección.

• Os subministros enerxéticos.

• As prestacións de recepción e socorrismo, na piscina das Travesas en horario de 14:00 a 21:30 horas, de luns a venres.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 27 de xaneiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde.

3º.- O levantamento da suspensión estará supeditado á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente.

4º.- Requirir ós responsables dos contratos o levantamento dun acta de suspensión na que se consignen as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato.”

Quinto.- Con data 5 de marzo de 2021, a XGL acorda:

“1º.- Levantar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

- Concesión de servizo público de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (expediente nº 6.078-333).
- Concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente nº 12.242-333).
- Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611), agás o 33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas, equivalente a 11 horas semanais por cada un por mor das limitacións de aforos fixadas na citada orde.

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos desde o 26 de febreiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde”.

Sexto.- En data 31 de marzo de 2021, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, achega a través do Rexistro



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 202 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Electrónico do Concello (documento nº 210051570) escrito de solicitude de reequilibrio da concesión de que é titular o seu representado, polo período 1 de xullo ao 31 de decembro de 2020. Xustifica esta solicitude no desequilibrio da concesión xerado pola situación de crise derivada da pandemia do COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Vigo, para facer fronte a crise. Axunta ao escrito a documentación que xustifica a minoración de ingresos, identifica os custes de explotación e realiza unha comparativa cos resultados de anos anteriores. E solicita que se reequilibre a concesión mediante a modificación do seu réxime económico aprobando unha achega única de 416.096 €.

Sétimo.- A vista da documentación presentada por AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, o Servizo de Contratación solicita informes ao servizo xestor acerca da mesma. O servizo emite os correspondentes informes técnicos en datas:

- 5 de maio de 2021: no que se analiza a solicitude da concesionaria para o restablecemento do equilibrio económico do contrato polo período do 1 de xullo ao 31 de decembro de 2020, confirmando que as medidas sanitarias adoptadas tiveron unha incidencia directa e provocaron unha alteración negativa moi importante no contrato por causas non imputables á concesionaria.
- 15 de xullo de 2021: no que se conclúe que a achega económica da administración é a medida que mais se axusta ás peculiaridades do desequilibrio.
- 16 de xullo de 2021: que analiza aspectos económico-orzamentarios sobre a proposta de reequilibrio da concesión.
- 26 de xullo de 2021: no que se analizan os supostos de feito para o reequilibrio económico da concesión e se ratifican na proposta da achega económica como opción mais razoable e proporcionada para mitigar o impacto da drástica minoración de ingresos.

Oitavo.- Con data 23 de setembro de 2021, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA presenta escrito no que reitera a súa solicitude de data 31 de marzo de 2021.

Noveno.- O 4 de marzo de 2022, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA presenta escrito, en resposta a solicitude enviada o 23 de novembro de 2021 por parte do servizo xestor, non que achega o *"Informe económico sobre la situación financeira de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA"* emitido en data 28 de febreiro de 2022 por BDO Auditores, S.L.P., no que comprende a situación real de tesourería da sociedade concesionaria, así como as previsións a curto prazo, a comparativas das contas de resultados reais con respecto ás previstas no plan económico financeiro e unha análise da ruptura do equilibrio económico en relación a todo o período concesional. O informe conclúe que, debido a situación de incerteza provocada pola pandemia do COVID-19 que persiste no momento de emisión do mesmo, e o alto grao de inestabilidade existente solicita unha achega única de 1.095.000 euros, polo período comprendido entre o 12 de xuño de 2020 e o 31 de decembro de 2021 *"como medida indispensable para mantener la viabilidad del contrato hasta el primer trimestre del año 2023, atendiendo al análisis de tesorería que se realiza en el Informe que se adjunta, y que justifica que dicha cantidad es consecuencia de los flujos negativos de caja de la concesionaria durante el periodo mencionado, flujos que se producen al no poder acometer los compromisos de pago operativos y financieros que antes si cubría el EBITDA generado por la concesión."*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 203 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Décimo.- En data 18 de abril de 2022 emítese informe económico, polo técnico de administración especial-economista, a petición do servizo xestor de data 13 de abril de 2022, no que se conclúe que a solicitude da concesionaria baseada no déficit de tesourería non supoñen fundamento suficiente para xustificar unha situación de incapacidade de pagos inminente pero si confirman que a situación na que se atopan, derivada da elevada incerteza económica provocada pola crise do COVID-19 confirma a existencia dun impacto negativo importante sobre a tesourería da concesionaria.

Undécimo.- Con data 19 de xullo de 2022, o Servizo de Contratación solicita a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA achegar proba ou informe pericial independente que acredite que, como consecuencia do impacto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, se produciu unha ruptura substancial da economía do contrato considerado no seu conxunto.

En vista da solicitude realizada, a concesionaria AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA achega, con data 4 de agosto de 2022 informe emitido por BDO Auditores, S.L.P. de data 1 de agosto.

Duodécimo.- O 27 de outubro de 2022 a XGL acorda, trala solicitude presentada por Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SAU, o 19 de xaneiro de 2022, de indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do seu contrato, de acordo co establecido no artigo 220 do TRLCSP, entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021, e tras o correspondentes informes preceptivos (expediente 6724-241), o seguinte:

“1º.- Recoñecer o dereito de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA SAU, con CIF A36683019, a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución da concesión de servizo público con obra de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 BARREIRO II e na praza central do Polígono I do PERI II A FLORIDA B, declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de febreiro de 2021 con efectos desde o 27 de xaneiro ata o 26 de febreiro dese ano, por importe de 146.629 euros, conforme ao previsto no artigo 102 do TRLCAP..

2º.- Imputar o citado gasto á aplicación orzamentaria 3410.226.99.00 “Outras actuación e imprevistos.

3º.- Notificar este acordo ao interesado”.

Décimo terceiro.- En data 8 de novembro de 2022, dende o servizo xestor solicítase aclaración complementaria da documentación presentada de cara a posibilitar o análise dos datos que conforman o modelo de calculo do Valora Actual Neto (VAN) e da Taxa Interna de Retorno (TIR), para todos os anos da concesión e actualización dos datos económicos correspondentes ao ano 2022.

En base a anterior solicitude, o 2 de marzo de 2023 AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA (expediente 22537-333, documentos nº 230056666 e 230056668) achega informe, elaborado pola consultora BDO, no que sinala unha minoración no VAN esperado dos fluxos da caixa de explotación por importe de 2.451 miles de euros, así como un empeoramento da TIR ao 1,85 % como consecuencia da situación provocada pola pandemia COVID-19.

Décimo cuarto.- Con data 7 de xuño de 2023 anéxase ao expediente actualización da solicitude de reequilibrio achegada por AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA na que, en base ao impacto da pandemia da COVID-19 que supón unha redución moi significativa da rendibilidade da concesión, tal e como se indica no informe da consultora BDO de data 28 de febreiro de 2023,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 204 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

solicita unha achega de 2.027.084 euros como reequilibrio da concesión, sendo esta cantidade á que ascende o importe das cargas financeiras extraordinarias provocadas pola pandemia de COVID tal e como reflicte o devandito informe da consultora BDO.

Décimo quinto.- A vista do anterior documento achegado pola mercantil AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, o servizo xestor solicita informe pericial independente a SEIXAS INVEST, S.L. (documento nº 230220545) sobre o mesmo que emite e presenta en data 24 de xullo de 2023 no que se pon de releve a efectiva ruptura do equilibrio económico da concesión (6603-241).

Sobre este informe pericial, o Servizo de Contratación solicita avaliación económica do mesmo en relación á existencia ou non de desequilibrio económico como consecuencia da crise da COVID-19, non entrando a valorar, en caso de que efectivamente houberese desequilibrio tal e como se sinala no mencionado informe, a cuantificación do desequilibrio.

Emitido o informe, polo técnico de administración especial-economista, en data 24 de maio de 2024 o mesmo conclúe que si existe un nexo causal directo entre a crise do COVID-19 e a caída dos ingresos da concesionaria e que como consecuencia do mesmo, existe unha ruptura do equilibrio económico da concesión.

Décimo sexto.- En vista de todo o anterior, a concelleira da Área de Goberno de Contratación acorda, con data 4 de outubro de 2024:

“1º.- Incoar expediente de reequilibrio da concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (12242-333)

2º.- Dar traslado do presente expediente a MQA NAVIA, S.L.U., concedéndolle un prazo de trámite de audiencia de dez días hábiles, tanto con relación aos mecanismos de reequilibrar este contrato, tendo en conta os dous escenarios formulados, como a proposta concreta de reequilibrio (indicando fórmulas de cálculo e datos considerados para a mesma), achegando as probas que estime pertinentes para acreditar estes extremos.”

Décimo sétimo.- En data 7 de outubro de 2024, evacúase trámite de audiencia á concesionaria que presenta, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, o 8 de outubro de 2024, solicitude de vista do expediente e o 10 do mesmo mes solicitude de ampliación do prazo de audiencia.

Décimo oitavo.- Ampliado o prazo de audiencia en 5 días hábiles por acordo da concelleira da Área de Goberno de Contratación de data 14 de outubro de 2024, en data 28 de outubro de 2024, a concesionaria presenta escrito de alegacións, xunto a correspondente documentación xustificativa, no que solicita:

- Con referencia ao primeiro escenario formulado por esta administración no acordo de incoación (artigo 34.4 do Real Decreto-lei 6/2020) indica que *“a compensación que esta parte ten dereito a percibir ascende a 151.261 euros, de acordo cos cálculos que se conteñen no documento nº 1 que se xunta ás presentes alegacións.”*
- En relación ao segundo escenario (lexislación contractual), a concesionaria solicita que *“o Concello debería satisfacer para equilibrar a concesión e garantir a continuidade do servizo, estimamos que esta debe ascender a 2.027.084 euros, que é o importe das cargas financeiras extraordinarias asumidas como consecuencia da pandemia, que representa o 88,14% do desequilibrio total.”*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 205 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Décimo noveno.- Tendo en conta que a documentación xustificativa presentada coas alegacións é o documento económico do antecedente décimo terceiro (informe da consultora BDO de data 28 de febreiro de 2023) e que xa existe informe pericial sobre o mesmo (informe pericial independente de SEIXAS INVEST, S.L, antecedente décimo quinto) para a determinación do importe do reequilibrio económico a satisfacer por esta administración solicítase informe económico interno que emite o técnico de administración especial-economista con data 28 de xaneiro de 2025.

Vixésimo.- En base ao devandito informe, emítese informe proposta o 31 de xaneiro de 2025, do que se da traslado á concesionaria, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, que, o 6 de febreiro de 2025, solicita, a través no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ampliación do prazo de audiencia..

Vixésimo primeiro.- A concelleira da Área de Goberno de Contratación, o 7 de febreiro de 2025, resolve “*Conceder unha prórroga do prazo outorgado a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, en data 31 de xaneiro de 2025, de 5 días hábiles*” e, en data 21 de febreiro de 2025, a concesionaria presenta escrito de alegacións, xunto a correspondente documentación xustificativa, no que manifesta:

- Estar de acordo, entre outros, co método de cálculo do importe do reequilibrio para o período comprendido entre os días 12 de xuño e 21 de xullo de 2020 e que para este período a achega económica debe ascender a 151.261,00 euros.
- Sobre o reparto das perdas entre a concesionaria e a Administración xustifican a asignación do 88,14 % das mesmas ao Concello fundamentándoo no importe das cargas financeiras extraordinarias asumidas polas concesionarias.
- Finalmente, solicitan a actualización da compensación á data de peche do exercicio máis próximo ao recoñecemento da achega (31 de decembro de 2024), a aplicación da taxa de desconto do 6% anual na actualización dos importes o que daría un incremento do importe da achega de 146.000,00 euros.

Vixésimo segundo.- En vista das alegacións presentadas pola concesionaria, o servizo de Contratación, en data 28 de febreiro de 2025, solicita informe económico interno que é emitido con data 17 de marzo de 2025.

Vixésimo terceiro.- En data 31 de marzo de 2025, o servizo de Contratación, en vista das alegacións presentadas pola concesionaria ao informe proposta de resolución de data 31 de xaneiro de 2025 e do informe económico asinado polo técnico de administración especial-economista o 17 de marzo de 2025, remite o expediente ao servizo xestor co fin solicitar información sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao pago da achega económica que resulta do informe proposta de resolución e do último informe económico (“2º.- *A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico establecendo unha achega económica á concesionaria, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, de 151.261,00 €, para o período comprendido entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020 e de 1.030.739,00 €, para o período comprendido entre o 22 de xullo de 2020 e o 31 de decembro de 2022, consonte ao exposto no fundamento xurídico VI.*”). En caso de non existir crédito a tal fin, solicita o inicio do correspondente expediente de modificación orzamentaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 206 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Vixésimo cuarto.- En data 12 de setembro de 2025 infórmase, por parte do servizo xestor que o Pleno da Corporación, na súa sesión extraordinaria do 11 de agosto de 2025, aprobou, con carácter inicial, a Modificación Orzamentaria número 56, 56A/2025, correspondente ao expediente nº 96/142, na cal se inclúe o importe necesario para dar cobertura económica á proposta de resolución de este expediente. Esta aprobación que foi publicada no BOPPO de data 23 de setembro de 2025.

Vixésimo quinto.- Con datas do 13 e 14 de outubro de 2025 emítese informe proposta para declarar a ruptura do equilibrio económico da concesión e o reequilibrio mediante a concesión dunha achega económica por importe de 1.182.000 € que é remitido á Asesoría Xurídica para o seu informe.

Vixésimo sexto.- O 29 de outubro de 2025 a Asesoría Xurídica devolve o expediente para comprobación/reconsideración en base a unha serie de observacións.

Vixésimo sétimo.- Con data do 3 de novembro de 2025 solicítase a colaboración da Inspección de Tributos e, particularmente do técnico de Administración Especial-economista, para emisión de informe económico en relación coas observacións recollidas na dilixencia da Asesoría Xurídica.

Vixésimo oitavo.- O 11 de novembro de 2025 o técnico de Administración Especial-economista emite informe de aclaracións e conclusións sobre o conxunto de informes económicos relativos ao reequilibrio económico da concesión.

Vixésimo noveno.- Con data do 18 de novembro emítese informe proposta no que se modifica o enfoque utilizado ata o momento de dous escenarios (un rexido polo artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 e outro pola lexislación contractual) procedendo a establecer, un único escenario rexido pola lexislación contractual ordinaria, en vista das observacións da Asesoría Xurídica e do informe económico do anterior antecedente.

Trixésimo.- En data 20 de novembro de 2025 outórgase un trámite de audiencia á concesionaria para que poida formular alegacións en relación coa modificación do enfoque referido no antecedente anterior, tendo en conta que non supón ningunha modificación da achega económica tal e como se recolle nas conclusións do informe económico do 11 de novembro de 2025.

Trixésimo primeiro.- Con data 26 de novembro de 2025, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, presenta alegacións nas que, entre outros, manifesta que *“No que se refire á aplicación de dous réximes diferenciados para o cálculo das perdas que deban ser por conta do Concello (un entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020, rexido pola lexislación extraordinaria contida no artigo 34.4 do Real Decreto-Lei 8/2020 e o outro correspondente ao 22 de xullo en diante, rexida pola lexislación xeral de contratación pública) habida conta de que non se altera o monto do reequilibrio económico, acéptase o criterio sustentado na proposta de acordo”*.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación contractual aplicable

Polo que respecta á natureza do contrato, cualifícase como contrato de xestión de servizo público que comprende a redacción de proxecto e a execución das correspondentes obras (cláusula 3.1 PCAP).

A concesión formalizouse o 15 de xuño de 2007 mediante escritura pública por un prazo de 45 anos e un canon de 12.000,00 euros/ano.

En virtude da cláusula 6 do PCAP o concesionario asume o financiamento da totalidade das obras das instalacións obxecto do contrato, incluídas todas as instalacións. O Concello Vigo non avala ningún tipo de empréstito nin participa, en forma ningunha, no financiamento.

A continuación, resulta preciso determinar a lexislación contractual á aplicar ao contrato da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 BARREIRO II e na praza central do polígono I do PERI II A FLORIDA B (6078-333).

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

No entanto, é unánime a doutrina xurisprudencial que considera que con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, neste caso o reequilibrio, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consello Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así o considera tamén a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, que nos seus ditames nº 165/2019 e nº 166/2019, acorda, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de 26 de febreiro 2014 (en adiante, LCSP) no sentido de que a remisión normativa cinguese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedimentais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da mesma, segundo a liña marcada polo ditame do Consello de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consello Consultivo de Madrid, e consolidando a opinión exposta por este Consello no CCG 55/2019, que supuxo un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento previo e puntual (CCG 250/2018).

Polo tanto, a normativa procedimental propia do reequilibrio do contrato é a prevista na LCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 208 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



-II-

Conxuntura ocasionada pola crise efecto da pandemia do COVID-19

Con ocasión da crise sanitaria resultado da pandemia causada polo COVID-19 o estado español declara o estado de alarma por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. A situación xera un rápido e inxente desenvolvemento normativo, adoptando, as distintas administracións públicas, unha pluralidade excepcional de medidas de cara a paliar os efectos negativos da pandemia e que inciden, aos efectos que nos ocupa, na contratación pública. Entre estas normas figura o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 que, no seu artigo 34 prevé medidas en materia de contratación pública e, en concreto, no seu apartado 4 establece que *“Nos contratos públicos de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor deste real decreto-lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, a situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo darán dereito ao concesionario ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante, segundo proceda en cada caso, a ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100 ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato”*.

En aplicación deste precepto, declarouse a imposibilidade parcial de executar o presente contrato durante o estado de alarma e, a solicitude do contratista, reequilibrouse o contrato, modificando o seu réxime económico e concedéndolle ao concesionario unha achega económica para paliar os efectos do COVID ata o mes de xuño de 2020.

No entanto, e pese a finalización deste primeiro estado de alarma, continúan as medidas restritivas de horarios de apertura, aforo de usuarios das instalacións e de desinfección e limpeza extraordinarias.

En outubro de 2020, o Real Decreto 926/2020, declara un novo estado de alarma, prorrogado polo Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro, ata o 9 de maio de 2021. Esta norma designa como autoridade competente aos efectos do estado de alarma ao Goberno da Nación, e como autoridades competentes delegadas nas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de autonomía, aos presidentes das mesmas (artigo 2). Estas autoridades competentes delegadas son habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, *“las órdenes, resoluciones y disposiciones para la aplicación de lo previsto en los artículos 5 a 11”*. Estes artigos regulan medidas relativas á limitación da liberdade de circulación das persoas, a permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados así como a posibilidade de esixir a *“realización de las prestaciones personales obligatorias que resulten imprescindibles en el ámbito de sus sistemas sanitarios y sociosanitarios para responder a la situación de emergencia sanitaria que motiva la aprobación de este real decreto”*.

En aplicación desta normativa, o Presidente da Xunta de Galicia emitiu varios decretos adoptando medidas específicas no territorio da comunidade que ocasionan que o servizo público obxecto desta concesión sega suxeito a limitacións de aforo, horarios e a imposición de estritas medidas de desinfección nas instalacións.

Como consecuencia do anterior, o concesionario vese imposibilitado a continuar a execución do contrato como antes da pandemia e, a nivel económico, por un lado, veu reducidos os seus ingresos, por canto estes dependen das tarifas aboadas polos usuarios, e por outro, veu incrementados os seus gastos por mor das medidas extraordinarias de limpeza e desinfección impostas pola normativa aprobada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 209 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tendo en conta todo o anterior e que o período para o que se solicita o reequilibrio ten como data de inicio, tal e como se indica no antecedente noveno, o 12 de xuño de 2020, e estendese ata o 31 de decembro de 2021 (con datos actualizados sobre a situación económica real a 31 de decembro de 2022) con respecto á normativa a aplicar, é necesario puntualizar o seguinte:

Por un lado, dende o 12 de xuño ata o 21 de xullo de 2020, a lexislación de excepción do artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 estaría en vigor polo que foi a normativa aplicada á parte correspondente do reequilibrio e así se trasladou á concesionaria nas sucesivas audiencias.

Con todo, visto o expediente pola Asesoría Xurídica, e tendo en conta que a suspensión da execución da prestación foi alzada polo órgano de contratación en data 11 de xuño de 2020 (tal e como se describe no antecedente terceiro) é necesario modificar o enfoque dos dous escenarios (un rexido polo artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 e outro pola lexislación contractual) procedendo a establecer, un único escenario rexido pola lexislación contractual ordinaria. Este criterio é o seguido polo órgano de contratación no expediente municipal relativo á ruptura do equilibrio económico da concesión de servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros como consecuencia do impacto da crise sanitaria provocada polo COVID-19 (expediente 3.773-449) e pola sentenza 22/2023, do xulgado contencioso-administrativo nº1 de Vigo que o avala.

O anterior non supón, nin cambio de criterio con respecto á declaración de desequilibrio económico, nin ten efecto na cuantificación do importe do reequilibrio tal e como se desprende do informe económico emitido en data 11 de novembro de 2025 ao que fai referencia o antecedente vixésimo oitavo.

En vista do anterior, en data 20 de novembro de 2025, outorgouse prazo de audiencia a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA para que que formulara as alegacións que ao seu dereito conviñera unicamente, sobre o cambio de normativa a aplicar ao presente procedemento pasando de dous escenarios (un rexido polo artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 e outro pola lexislación contractual) a un único escenario rexido, soamente, pola lexislación contractual, tendo en conta que este é o único cambio realizado con respecto ás audiencias anteriores e que non supón ningunha modificación da achega económica. A concesionaria presenta alegacións o 26 de novembro de 2025 nas que expresa a súa conformidade con esta modificación tal e como se reflicte no antecedente trixésimo primeiro.

-III-

Da ruptura do equilibrio económico da concesión

A requirimento desta Administración, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA presentou un informe económico independente da consultora BDO sobre a rendibilidade da concesión, no que se fai unha análise partindo de dous escenarios: os datos reais das concesións, incluíndo o exercicio 2022, co efecto da COVID-19, xunto coas previsións de evolución da concesión a partir de 2023 e un exercicio de previsión do que tería sido a evolución das concesións sen a aparición da pandemia. Analizados todos os datos conclúe que *“se pone de manifesto que el efecto Covid19 ha empeorado el desequilibrio ya existente en relación a todo el período concesional, provocando una minoración en el Valor Actual Neto esperado de los flujos de caja de explotación por importe de 2.451 miles de euros. Asimismo, ha supuesto un empeoramiento en la Tasa Interna de Retorno esperada, la cual se ha reducido al 1,85% y se mantiene en nivel muy inferiores a la rentabilidad prevista inicialmente del 9,8%.”* A conclusión deste informe é, por tanto, que o impacto da pandemia COVID-19 supuxo unha minoración moi importante da rendibilidade da concesión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 210 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Para avaliar os datos que se deducen do anterior informe elaborado por BDO, esta Administración procedeu a contratación dun perito independente, SEIXAS INVEST, SL., que analiza tanto a metodoloxía empregada como os resultados do mesmo e elabora un informe pericial de impacto da crise da COVID-19 e das consecuencias sobre o dereito ao equilibrio económico da concesión, tanto polo que respecta á concesionaria AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA como a concesionaria MQA NAVIA, SLU (que está nunha situación similar á da primeira e cuxos expedientes desenvólvese en paralelo).

O devandito informe pericial conclúe o seguinte:

“A análise realizada sobre o informe presentado pola concesionaria, e a realización das estimacións e cálculos propios, conducen as seguintes conclusións: A verificación dos datos, as estimacións e os supostos empregados, concordan cos valores pasados (ata decembro de 2022), e son coherentes coa información dispoñible, tanto para as estimacións sen COVID-19 como para as estimacións das contas das concesións a partir de 2023. Polo tanto, confirmamos as estimacións e cálculos presentados pola concesionaria. A única excepción ao anterior, na nosa opinión, son as estimacións do VAN, posto que están condicionadas pola elección da taxa de desconto, que é cuestionable. Como se demostrou no apartado anterior, o efecto da taxa de desconto, aplicado aos cinco anos de impacto estimado da COVID-19 por BDO, non é relevante cando se calcula para 2022, porque capitaliza os fluxos de caixa de dous anos (2020 e 2021) e desconta outros dous (2023 e 2024). Agora ben, cando se emprega para analizar o conxunto da vida da concesión, o efecto é moi relevante e cuestionable.

Empregando o criterio da TIR, que non ten as limitacións anteriores, para o escenario sen impacto da pandemia, o resultado é para AQA unha TIR do 2,47% e para MQA unha TIR do 6,08%. No escenario con efecto da COVID-19, o resultado é para AQA unha TIR do 1,85%, e para MQA unha TIR do 4,88%. Por outra banda, e en resposta ao obxecto deste informe, as estimacións confirman que con posterioridade á aparición da pandemia prodúcese un desequilibrio económico financeiro no conxunto da vida da concesión, no que concordamos co informe da concesionaria. Isto conduce a unha redución do VAN, que non estimamos polas razóns anteditas, e a unha redución da TIR, que se sitúa en valores inferiores ás estimacións do custe de capital, ou ao cálculo actual do rendemento medio de seis meses do bono do Estado a 10 anos máis 200 puntos básicos, taxa situada na actualidade en valores superiores ao 5%. A Covid-19 supón unha continxencia relevante que produce unha ruptura substancial na concesión. Agora ben, a ruptura da concesión non se produce só polo efecto da COVID-19, senón que ben provocada pola baixa rendibilidade das concesións, xa con anterioridade á COVID-19. A concesión en AQA xa presentaba con anterioridade á pandemia unha TIR (2,47%) inferior ao custe de capital ou ao rendemento do bono + 200 puntos básicos, por dar dúas medidas de referencia comunmente empregadas na contratación pública. A concesión en MQA partía de valores superiores, pero baixos (TIR do 6,08%). En consecuencia, o impacto da COVID-19 agrava a situación e pon a ambas as dúas concesións en valores de ruptura (taxa de retorno inferior ao custe de capital). Para determinar o efecto real doutro xeito, tal vez é convinte empregar os valores da conta de resultados, en vez do emprego do VAN. Dentro do emprego da conta de resultados, tamén é importante diferenciar os tres primeiros anos (2020-2022), nos que o efecto da COVID-19 xa é medible (os resultados coa COVID-19 xa son firmes), dos resultados estimados para os vindeiros anos, nos que está por se determinar se o efecto estimado dura dous anos ou ten outra duración efectiva. Para estes tres primeiros anos, podemos comparar a estimación sen COVID-19 para ambas as dúas concesións, fronte aos resultados definitivos para os tres exercicios. Téñase en conta que se emprega o resultado neto despois de impostos. As diferenzas son as seguintes:

MQA	2020	2021	2022	Acumulado
Resultado neto estimado sen COVID-19	240.248 €	407.582 €	295.891 €	943.721 €
Resultado neto con COVID-19	24.216 €	- 272.862 €	- 248.899 €	- 497.544 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 211 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Diferenzas	-216.031 €	- 680.443 €	- 544.790 €	- 1.441.265 €
------------	------------	-------------	-------------	---------------

AQA	2.020	2.021	2.022	Acumulado
Resultado neto estimado sen COVID-19	18.462 €	375.610 €	63.256 €	457.328 €
Resultado neto con COVID-19	56.590 €	- 232.999 €	- 108.515 €	- 284.924 €
Diferenzas	38.128 €	- 608.609 €	- 171.771 €	- 742.252 €

Como se pode apreciar, esta comparativa recolle unha diferenza de - 1.441.265 € para MQA e outra de - 742.252 € para AQA, nos tres anos xa pasados. A estas se sumarían as que se produciran nos seguintes exercicios, estimándose por BDO e a concesionaria o efecto noutros dous anos."

Sobre este informe pericial o Servizo de Contratación solicita análise a realizar por técnico/a economista de cara a avaliación económica do devandito informe pericial en relación á existencia ou non de desequilibrio económico como consecuencia da crise da COVID-19, avaliación que inclúe a dos métodos para valorar a viabilidade das concesións en relación coa existencia, ou non, de desequilibrio económico, así como, a relación causal da crise da COVID-19 e o seu impacto no desenvolvemento económico de ambas concesións. No informe emitido indicase expresamente que a súa finalidade "consiste na avaliación da conclusión do informe de Seixas sobre a existencia ou non de desequilibrio económico financeiro das concesións como consecuencia da crise da COVID-19, excluindo polo tanto a avaliación da contificación de dito impacto" e conclúe o seguinte:

1. En primeiro lugar, a conclusión é moi clara en canto a existencia dun nexo causal directo entre a situación xerada pola pandemia e a diminución dos ingresos da concesionaria. O informe indica, expresamente, que "*A aparición dun factor imprevisible como a covid-19, que cause unha redución relevante da TIR a partir deses niveis próximos ou inferiores a k, xerará/incrementará por definición un resultado negativo do VAN para o conxunto do proxecto*" e conclúe: "*i) Existe un nexo causal directo (é dicir, derivado dos condicionamentos na prestación dos servizos deportivos) entre a crise do covid-19 e a caída dos ingresos das concesionarias.*"
2. En canto á metodoloxía empregada polo informe de SEIXAS INVEST, SL para determinar a ruptura do equilibrio económico, o informe do economista municipal indica que este "*valida a metodoloxía proposta polas concesionarias consistente en comparar a TIR prevista do proxecto en dous escenarios (con Covid e sen Covid)*" discrepando nos cálculos da VAN por empregar de modo arbitrario unha taxa de desconto k igual á rendibilidade prevista. Así conclúe que "*ii) A metodoloxía empregada polo Informe de Seixas para determinar a ruptura do equilibrio económico no conxunto da concesión como resultado da crise do covid-19, consistente en comparar as previsións de TIR nos escenarios con e sen pandemia, é razoable e axeitada.*"
3. Finalmente, o informe conclúe que "*iii) O impacto económico da pandemia ten causado a redución da TIR en valores inferiores á taxa k de custo de capital, polo que, segundo o argumentado na presente análise, existe unha ruptura do equilibrio económico das concesións.*"

Á vista dos citados informes incorporados ao expediente podemos afirmar que existe unha ruptura substancial do equilibrio económico da concesión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 212 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Agora procede determinar se esta Administración ten a obriga de reequilibrar a concesión e o procedemento para facelo, para, a continuación, determinar o importe, no seu caso, do reequilibrio.

-IV-

Do reequilibrio da concesión no marco da normativa contractual

Tendo en conta que con data do 11 de xuño de 2020 a Xunta de Goberno local acordou, a solicitude do concesionario de data 8 de xuño, o fin da suspensión da execución do contrato procedendo á súa reanudación o 12 xuño de 2020, e que a concesión xa fora reequilibrada por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019; cómpre analizar o posible reequilibrio económico da concesión polo período solicitado pola concesionaria, tal e como se indica no antecedente noveno, entre o 12 de xuño de 2020 e o 31 de decembro de 2021, debendo acudir á lexislación contractual.

Neste período, non ten vixencia o Real Decreto 8/2020 polo que, habéndose acreditado en base á documentación presentada polo contratistas e os distintos informes desta administración que existe unha situación de ruptura do equilibrio económico, é necesario acudir á normativa contractual ordinaria para o seu restablecemento e, en concreto, como se sinala no fundamento xurídico I, ao TRLCAP.

En primeiro lugar, cabe indicar que nas concesións administrativas, como a do presente caso, rexen dous principios básicos, o de risco e ventura e o da continuidade e a calidade na prestación, aos que hai sumar o principio do equilibrio económico cuxa garantía permite facer efectivos os dous anteriores e, cuxa esixencia responde á finalidade de satisfacer o interese público.

A coordinación entre os principios de equilibrio económico e de risco e ventura do contratista é sinalada, de xeito unánime, como necesaria, tanto pola doutrina como pola xurisprudencia: o principio de risco e ventura traslada ao concesionario a obriga de asumir os riscos específicos de xestionar un negocio e, ademais, como sinala o Tribunal Supremo, impide que a excepcionalidade do reequilibrio económico se converta nunha garantía ordinaria dos intereses do concesionario (STS de 17 de xullo de 1991). Pola sua parte, o principio de equilibrio económico é o factor que vai garantir a continuidade na prestación do servizo (STS de 28 de xaneiro de 2015). Así, segundo a xurisprudencia do Tribunal Supremo, o restablecemento do equilibrio económico da concesión cando a ruptura sexa debida a circunstancias imprevisibles, alleas á conduta do contratista é un deber da administración.

En canto a normativa, tanto a lexislación contractual, como o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, establecen a obriga da administración contratante de manter o equilibrio económico das concesións. Así, establece o artigo 127.2 do RSCL que a corporación concedente deberá *"manter o equilibrio financeiro da concesión para o que revisará as tarifas e subvención cando, aínda sen mediar modificacións no servizo, circunstancias sobrevindas e imprevisibles determinaren, en calquera sentido, a ruptura da economía da concesión"*. E esta mesma norma, no seu artigo 128.3.2º recoñece entre os dereitos do concesionario *"Obter compensación económica que manteña o equilibrio financeiro da concesión nos casos en que concorran calquera das circunstancias que se refiren os números 2.º, 3.º e 4.º do parágrafo 2 do artigo anterior"*.



En canto ao PCAP que rexe a presente concesión, este establece na cláusula cláusula 8.2.2 que *“Por desequilibrio económico o Concello compensará ao concesionario cando por razón das modificacións que lle ordenare no servizo, se incrementaren os custes ou diminuiren os ingresos. Igualmente, compensará ao Concesionario cando, aínda sen mediar modificacións no Servizo, circunstancias sobrevidas e imprevisibles determinasen, en calquera sentido, a ruptura da economía da concesión”*. Esta cláusula ponse en relación coa 23.3 que enumera, entre os dereitos do concesionario, o *“Mantemento do equilibrio financeiro da concesión na forma prevista no presente Prego e demais documentos que rexen a concesión”*.

Polo que respecta ao principio de continuidade na prestación, este principio obriga a adoptar medidas correctoras cando o equilibrio económico do contrato se rompe. A administración concedente deberá acudir en axuda do contratista e restablecer o equilibrio económico da concesión, xa que, a finalidade última e protexer o interese público inherente aos contratos administrativos. Ademais, como sinala o Tribunal Supremo na súa sentenza de 2 de decembro de 1988, o mantemento do equilibrio económico *“é ademais unha esixencia de lealdade e boa fe que debe inspirar con especial intensidade as relacións de colaboración entre a administración e o concesionario”* tendo en conta que o artigo 128.1 do RSCL sinala a obriga do concesionario de seguir prestando o servizo incluso no caso de que *“circunstancias sobrevindas e imprevisibles ocasionaren unha subversión na economía da concesión”*.

No mesmo senso, a STS de 15 de febreiro de 2012 di que *“o principio de risco e ventura, a que ha de someterse o contratista ex art. 98 da LCAP, ha de cohonestarse coa necesidade de manter o equilibrio financeiro da concesión outorgada. En efecto, todo contrato xera uns dereitos e obrigacións polas partes que o conciertan de forma que eses efectos han de permanecer invariables e inalterables conforme ao disposto nos artigos 1254 e seguintes do Código Civil. Agora ben, cando se concierta un contrato de execución de obra e o contratista obrigase á execución dos traballos baixo o principio de risco e ventura, esa inalterabilidade dos efectos derivados do contrato, presenta como excepción o suposto ou existencia de forza maior. E así o contemplaba o artigo 144 do Real Decreto Legislativo 2/2000 aplicable ao suposto de autos more témporis e o vixente artigo 214 da lei 30/2007 reguladora da Lei de Contratos do Sector Público. En definitiva, a concertación dun contrato baixo o principio de risco e ventura supón a asunción da obrigación por parte do contratista dos riscos e posibilidade de perda, salvo ante o suposto de existencia de forza maior. Agora ben, o principio de risco e ventura ten tamén os seus límites, derivados do principio de mantemento de equilibrio económico-financeiro, e eses límites xorden cando no suposto en concreto xorde un risco anormal ou desmesurado non causado polo contratista e que non pode ser indemnizado polos mecanismos propios de compensación previstos no contrato concertado. Dito doutra forma, cando por causa de modificacións introducidas pola Administración que incrementan o custo da obra, ou cando se producen situacións sobrevindas que rompen a proporcionalidade da relación ingresos- custos, é cando, se non existen mecanismos de compensación xa previstos no contrato, debe procederse á restitución do equilibrio económico financeiro daquel, para garantir a Administración a indemnidade do contratista ante esa situación. A regulación do equilibrio económico financeiro contéplase no artigo 248 do RD Legislativo 2/2000 e deberá terse en conta o interese xeral e o do concesionario conforme ao sinalado no devandito artigo.”*

Tamén, o Tribunal Supremo, na súa sentenza 105/2022, do 31 de xaneiro, sinala que *“o contratista, do mesmo xeito que se beneficia das maiores vantaxes que en relación coas previstas depárelle a dinámica do contrato, ha de soportar a maior onerosidad que para el poida significar a súa execución; e, consiguientemente, para que proceda o reequilibrio financeiro do contrato mediante unha indemnización compensatoria, rexerá a regra xeral, presente na nosa lexislación de contratos públicos, de que non bastará con que a súa economía resultase alterada, senón que será preciso que a causa desa alteración fose o «factum principis», o exercicio do «ius variandi» ou a concorrencia de circunstancias cualificables de feito imprevisible”*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 214 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

De acordo con esta xurisprudencia e a doutrina consultiva, o principio de risco e ventura cedería fronte ao *factum principis*, ao exercicio do *ius variandi* ou á concorrencia de feitos imprevisibles.

O exercicio do *ius variandi* como excepción ao principio de risco e ventura refírese á potestade da Administración de modificación do obxecto do contrato que trae como consecuencia a alteración do equilibrio económico e, polo tanto, a obrigatorioidade de indemnizar ao contratista. Esta excepción non cabe no caso que nos ocupa polo que faise necesario centrarse no análise das outras dúas excepcións: o *factum principis* e o risco imprevisible.

O “*factum principis*”, consiste na necesidade de restablecemento do equilibrio económico dun contrato a causa da ruptura ocasionada por unha disposición administrativa que con eficacia para impoñerse na execución do contrato, cun certo grao de imprevisión e causante dun dano avaliable, sen ter como obxecto directo a relación contractual, incide no seu equilibrio económico, resultando, así, máis oneroso para o concesionario. En palabras do Tribunal Supremo, “*medidas administrativas adoptadas á marxe do contrato pero con repercusión nas obrigacións nadas del facendo máis oneroso o seu cumprimento*” (Sentenza de 20 de novembro de 1995). O *factum principis* é un dos casos en que a Administración debe auxiliar ao contratista cando se produce a ruptura do equilibrio económico do contrato. É un suposto excepcional e, como tal, de interpretación restritiva (Sentenza de 16 de xullo de 2019).

Con respecto á decisión administrativa causante da ruptura do equilibrio económico, o Ditame do Consello de Estado 31/92 sinala que existe *factum principis* cando a Administración está vinculada cun particular e lesiona a materia económica sinalagmáticamente acordada a través dun acto propio, nado do poder xeral do «imperium» aínda que “*a mera concorrencia dunha típica relación xurídica entre a Administración e reclamante non prexulga, sen máis, a necesidade de substanciar a reclamación a partir das normas reguladoras daquela relación. En determinados casos, a existencia dunha previa relación xurídica configúrase como orzo “de facto” para a efectividade dunha eventual responsabilidade extracontractual*”. Inserirase na relación contractual cando a decisión “*entraña un sacrificio puro e simple da posición material que o contrato administrativo precisamente aseguraba*”. Así, non entran dentro do concepto do *factum principis*, disposicións de Administracións diferentes á que ten a relación contractual co concesionario xa que, como establece a STS de 16 de maio de 2011 “*unha cousa é que a Administración concedente deba responder polo que xa existe e é coñecido no momento de convocar o concurso, pois forma parte da realidade na que vai inserirse a concesión, e outra, ben distinta, que deba responder por decisións posteriores doutros suxeitos*”.

Polo que respecta á regulación contractual, a doutrina do *factum principis* non estaba expresamente regulado no TRLCAP polo que foi a xurisprudencia e a doutrina dos órganos consultivos as que o incorporaron ao ordenamento xurídicos e á práctica administrativa.

En base ao anteriormente exposto e seguindo, así mesmo, o establecido polo Ditame do Consello de Estado 3725/1948, de 3 de novembro, para poder aplicar a teoría do *factum principis* en caso de ruptura do equilibrio económico do contrato :

- O desequilibrio económico ten que ter a súa orixe nunha medida de carácter xeral que naza do poder xeral de imperium imputable á propia Administración contratante, imprevisible e que incorpore novos elementos alleos ao contrato.
- Non debe haber culpa do contratista.
- Non deben existir outros mecanismos que permitan o resarcimento do dano no so da relación contractual.

No caso que nos ocupa, se ben na normativa aprobada con ocasión do COVID impuxéronse limitacións de aforo e obrigas extraordinarias de limpeza e desinfección, o certo é que proceden



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 215 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de autoridades diferentes á administración contratante, polo que non procede a aplicación do *factum principis* e o reequilibrio deberá apoiarse no risco imprevisible.

Tendo en conta o anterior, procede analizar a **teoría do risco imprevisible**.

A lexislación contractual non consagra expresamente o risco imprevisible. É unha figura de creación eminentemente xurisprudencial e doutrinal.

No entanto, no ámbito local, si atopamos referencias no RSCL, concretamente no artigo 127, que contempla o deber da Corporación concedente a manter o equilibrio financeiro da concesión mediante a revisión das *“tarifas e subvención cando, aínda sen mediar modificacións no servizo, circunstancias sobrevenidas e imprevisibles determinaren, en calquera sentido, a ruptura da economía da concesión”*.

Asemade, contempla entre as obrigacións xerais do concesionario (artigo 128) *“Prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente, incluso no caso de que circunstancias sobrevenidas e imprevisibles ocasionaren unha subversión na economía da concesión, e sen más interrupcións que as que se terían producido no suposto de xestión directa municipal ou provincial”*.

Na concesión que nos ocupa, a cláusula 26.3 prevé expresamente, entre as obrigas do Concello a de *“Manter o equilibrio financeiro da concesión, na forma e condicións establecidas no Prego, para o cal: a) Compensará ao concesionario por razón das modificacións que lle ordenara introducir na concesión en on se deriven do Prego, contrato que se formalice, Regulamento e Ordenes do Servizo, nin de disposicións legais de obrigado cumprimento, e que incrementaren os custos ou diminuirán a retribución. b) Revisará as tarifas cando iso proceda por se rompe o equilibrio económico da concesión, de acordo con previsto no Prego.”*

Así pois, o reequilibrio económico da concesión procedería no caso de sobrevir circunstancias imprevisibles que provocasen unha excesiva e desproporcionada onerosidade para o contratista. A diferenza do ius variandi e do *factum principis*, esa excesiva onerosidade ten como causa acontecementos imprevisibles no momento de celebrar o contrato que resultan alleos por completo á actuación da Administración. Nesta situación é necesario que a Administración axude ao contratista e proceda ao restablecemento do equilibrio económico, protexéndose así, o interese público inherente aos contratos administrativos.

A teoría do risco imprevisible ten a súa base na expresión latina *“pacta sunt servanda, rebus sic stantibus”*: os pactos (neste caso contratos) deben cumprirse mentres as cousas sigan así, establecendo a obrigatoriedade do cumprimento dos contratos pero, unicamente, mentres as circunstancias existentes no momento de celebración do mesmo non varíen. Neste caso, deberá realizarse un reequilibrio das prestacións contractuais, para situar de novo a ambas partes en pe de igualdade e evitar así que unha delas se beneficie da situación xerada polas citadas causas, tal e como predica a doutrina da equivalencia das prestacións das partes. O Ditame do Consello Consultivo de Aragón 24/2013, de 25 de novembro sinala que o reequilibrio das prestacións *“configúrase, por tanto, como a técnica que permite devolver ás partes á situación inicial, cando, durante a execución do contrato, falla a repartición de riscos pactado. Non hai, en todo caso, unha modificación das condicións de explotación, senón un axuste das mesmas a unha realidade fáctica ou xurídica non prevista, que inaplica a regra do pacta sunt servanda (estar ao pactado) e que obriga a, sen alterar a idea do risco, limitar este cando é claramente desproporcionado”*.

O Ditame do Consello de Estado de 14 de maio de 1998 e as sentencias do Tribunal Supremo de 19 de xaneiro de 1998 e de 27 de decembro 1990 falan de que o risco, sendo *“racionalmente imprevisible”*, debe resultar *“alleo á vontade”* e *“culpa das partes contratantes”* e levar consigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 216 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

que “se alteren substancialmente as condicións de execución de maneira que a prestación resulte máis onerosa para unha das partes da que inicialmente puidera preverse” (STS de 18 de abril de 2008). En canto a este incremento da onerosidade, este debe de ser tal que, “ademais de obedecer a unha causa imprevisible ou de ordinario inxustificable, rompa o efectivo equilibrio das prestacións e trastorne completamente a relación contractual (*bouleversement*, dicía o Consello de Estado francés no seu Arrêt do 27 de xuño de 1919)”, tal e como se sinalan, entre outros, nos Ditame do Consello de Estado de 15 de abril de 2004, entre outros, como na Sentenza da Audiencia Nacional de 9 de xuño de 2006.

Para poder aplicar a teoría do risco imprevisible é necesaria, por tanto, a concorrencia dos requisitos que se enumeran a continuación, tal e como sinala o Informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado 13/2023, de 18 de xullo:

- Que os riscos sexan razoablemente imprevisibles.
- Que tales sucesos non deriven do negligente modo de proceder da entidade pública contratante e sexan estraños á vontade do contratista, que debe actuar de boa fe e con suficiente dilixencia e previsión.
- Que los sucesos en cuestión teñan entidade suficiente para alterar gravemente a prestación debida polo contratista, sin que caiba reparación mediante outros mecanismos regulares do contrato.
- Que a magnitude de tales acontecementos quede debidamente acreditada atendendo ao contrato público considerado no seu conxunto, sen que caiba a valoración de aspectos económicos parciais do contrato en cuestión.

Trasladado o anterior á situación existente neste caso, pódese afirmar que se cumpren os requisitos esixidos para a aplicación da doutrina do risco imprevisible:

- **por un lado, a pandemia xerada polo COVID é unha circunstancia razoablemente imprevisible que non se deriva dun proceder negligente da administración contratante e é un suceso estraño á vontade do contratista;**
- **por outro lado, esta crise sanitaria alterou gravemente a normalidade nas prestacións da concesión, non so no momento da suspensión total da mesma, senón tamén posteriormente polas medidas esixidas que provocaron un descenso de usuarios e un incremento dos gastos polas medidas de limpeza e desinfección establecidas.**

Quedando, asemade, acreditada na documentación presentada pola concesionaria como nos sucesivos informes desta administración a magnitude dos acontecementos e a súa repercusión no conxunto do contrato, e tendo en conta que a concesionaria non presenta unha baixa ofertada da que se deduza un maior risco co resto de licitadores xa que non asume o escenario máis extremo en inversión (non é a menor), nin no canon municipal (oferta o mínimo) nin no prazo (é o maior) e tampouco se pode sacar esa conclusión da demanda a longo prazo xa que, aínda que é a máis optimista das tres ofertas presentadas, a diferenza fronte a segunda é reducida). Polo tanto, considérase que procede restablecer o equilibrio económico roto e garantir a continuidade do servizo.

Unha vez establecida á ruptura do contrato por risco imprevisible e a consecuente necesidade de acudir en axuda do concesionario de cara a restablecer o equilibrio económico da concesión, é necesario establece a forma que ha de tomar este reequilibrio. Da xurisprudencia e da doutrina dos órganos consultivos dedúcese que caben as seguintes posibilidades:

1. Incremento do prazo da concesión.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 217 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2. Modificación do réxime económico da mesma mediante:

- Achega económica da Administración.
- Incremento das tarifas que aboan os usuarios.

Das opcións posibles, a concesionaria na documentación presentada opta pola achega económica por parte da Administración.

Analizaremos a continuación as distintas opcións de reequilibrio posibles:

1.- Incremento do prazo da concesión

Esta concesión foi outorgada por un prazo de 45 anos a contar desde o 15 de xuño de 2007. Informa o responsable do contrato en data 15 de xullo de 2021 que *“Calquera medida de reequilibrio en relación a ampliación do prazo da concesión non se considera unha medida que poda solventar a situación económica desta concesión, xa que por un lado, esta proposta non aportaría ningunha solución as graves dificultades de tesourería actual, e así mesmo a propia condición do prazo contractual (45 anos) requirirá para a súa continuidade da execución de un novo proceso de inversións (reformas estruturais do edificio, novos equipamentos, etc) todas elas vinculadas a prazos de amortización sempre superiores a capacidade de ampliación do prazo contractual”*.

2.- Modificación do réxime económico da concesión:

a) Diminución do canon

O importe anual do canon concesional a satisfacer polo concesionario é de 12.000,00 euros/ano. Tendo en conta a súa reducida contía, a minoración ou eliminación do canon tería un efecto insignificante sobre o equilibrio económico da concesión. Así o comparten tanto o responsable do contrato como o técnico de administración xeral – economista.

b) Incremento das tarifas que aboan os usuarios.

A remuneración da concesionaria consiste principalmente no dereito a obter as tarifas que abonen os usuarios do servizo.

Informa o responsable do contrato en data 15 de xullo de 2021 que *“A opción de buscar o restablecemento económico a través do incremento dos prezos os usuarios/as, non se considera unha proposta adecuada tendo en conta a propia afección que a Pandemia COVID 19, ten producido nas economías das persoas, e sobre todo, porque enténdese que esta situación responde a unha alteración limitada no tempo cunha repercusión económica moi importante (unha minoración aproximada dun 40 % de usuarios) e posiblemente dita afección terá correspondencia co propio período das afeccións da pandemia, esperándose que se produza a medio prazo unha recuperación de usos a nivel pre-covid”*.

c) Achega económica da Administración.

Informa o responsable do contrato en data 15 de xullo de 2021 *“esta medida é a que mais se axusta as peculiaridades do motivo do desequilibrio (Pandemia Covid 19), e coa*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 218 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

aplicación da mesma, se posibilitará unha compensación económica razoable e proporcionada a situación (minoración de ingresos e compensación da minoración dos custes), que como se desprende da solicitude realizada por AQA centrase fundamentalmente na perda dos ingresos pola importantísima minoración dos usos da instalacións deportivas en base a aplicación de todas as medidas tomadas en relación a crise sanitaria provocada pola Pandemia Covid-19. Neste sentido a proposta de modificación do réxime económico da concesión para posibilitar unha achega económica da administración posibilitará unha mitigación do impacto económico no desenvolvemento desta concesión".

Tendo en conta o anterior e, á vista do prego de cláusulas administrativas particulares, a opción para o restablecemento do equilibrio económico da presente concesión máis viable e a achega económica tal e como solicita a concesionaria.

-V-

Da determinación da achega económica da Administración

Para o reequilibrio da concesión, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA solicita unha achega económica de 151.261,00 euros para o período comprendido entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020, ao abeiro da normativa contida no Real Decreto-lei 8/2020, e de 2.027.084,00 euros para o período comprendido entre o 22 de xullo de 2020 e o 31 de decembro de 2032, ao abeiro da normativa contida na lexislación contratactual. Achega en apoio da súa solicitude escrito de alegacións, documentación económica da concesionaria e informe da consultora BDO.

Por parte da Área de Contratación e Novos Proxectos, para a determinación do importe total da devandita achega económica, solicítase informe económico interno que é emitido en data 28 de xaneiro de 2025.

Este informe avalía, por un lado, a achega económica solicitada para o período comprendido entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020, manifestando o seu acordo cos cálculos realizados pola concesionaria mediante a aplicación do previsto no Real Decreto-lei 8/2020 e tendo en conta o método de cálculo empregado para a compensación económica acordada pola Xunta de Goberno Local para esta concesión polo período comprendido entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020, en aplicación, asemade, do establecido no devandito real decreto. Así, a achega económica sería de 151.261,00 euros para o período comprendido entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020.

En segundo lugar, o informe económico procede á avaliación dos cálculos realizados para determinar a achega económica para o período posterior ao 21 de xullo de 2020. Neste caso, o informe sinala o seu acordo "coa opinión manifestada polas concesionarias na súas solicitudes en relación á metodoloxía axeitada para cuantificar as perdas, baseada na comparación dos VAN nos escenarios con e sen covid-19" (fronte á metodoloxía suxerida no informe de SEIXAS de cuantificación do desequilibrio, baseada na conta de resultados das concesionarias). Pola contra, discrepa en canto a aplicación da taxa K de desconto. Así, indica que

"As Solicitudes das concesionarias dedican un amplo espazo (segundo guión do punto terceiro) a defender o emprego das taxas do 9,7% e 9,8%, defensa baseada no argumento de que trátase "da taxa prevista inicialmente no contrato". Esta interpretación identifica de modo erróneo a TIR do proxecto e a taxa k de desconto, magnitude que representa o custo do capital. O Anteproxecto de explotación para o contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, expte. 12032/333, aprobado por Acordo da XGL de 2 de abril de 2013, e citado na actualización da solicitude de



MQA de 7 de xuño de 2023 que obra no expediente 6603-241, calcula o VAN do proxecto empregando unha k do 6%, mentres que a TIR inicial dos investidores era do 9,3%, modificada posteriormente ao 9,69%. No caso de AQA non consta no expediente 6604-241 mención expresa da taxa k considerada no expediente, pero tendo en conta a TIR do 9,8% (moi similar á de MQA), resulta razoable aplicar a mesma taxa k de desconto do 6%". O informe, continúa incidindo neste aspecto ao sinalar que "(...)se a taxa k fora igual á TIR, o VAN do proxecto por definición sería 0. Non tería sentido, polo tanto, avaliar a viabilidade dos proxectos de investimento de empregar unha taxa k igual á TIR. Por contra, pártese dunha taxa k do custo de capital, que representa a rendibilidade esixida para remunerar os capitais necesarios para acometer o investimento. Posteriormente calcúlanse os fluxos de caixa estimados que se derivan do proxecto. A TIR é a taxa de desconto que iguala o valor actual dos fluxos de entrada e saída. O VAN é o valor actual dos fluxos xerados, descontados á taxa k . Se a $TIR > k$, o VAN é positivo. Se a $TIR < k$, o VAN é negativo. Se a $TIR = k$, o VAN é cero. Polo tanto, a taxa k é un parámetro definido con anterioridade que se emprega para avaliar a viabilidade dun proxecto, mentres que a TIR é un resultado matemático que se obtén a partir dos fluxos de caixa que se estima que serán xerados durante o proxecto. Son magnitudes conceptualmente distintas.

Cómpre engadir que para a finalidade deste expediente, a relevancia de aplicar unha taxa de desconto do 6% ou do 9,8% é moi limitada⁷. Así, se sobre os cálculos realizados nos Informes de BDO modificamos unicamente a taxa k , os resultados son os seguintes:

CONCEPTO	MQA	AQA
Desequilibrio no conxunto da concesión segundo Informes BDO de 23/02/2023 (taxa k 9,69% e 9,8%)	2.586.000 €	2.451.000 €
Resultado aplicando unha taxa k do 6%	2.746.000 €	2.509.000 €
Diferencia	160.000 €	58.000 €

(...) O VAN, repetimos, constitúe a suma dos fluxos de caixa actualizados obtidos durante a vida do proxecto. No cadro baixo estas liñas, preséntase o detalle dos fluxos de caixa actualizados á taxa $k=6\%$, xerados nos exercicios relevantes (2020-2032), para os escenarios con e sen covid-19 (datos en miles de €):

MQA	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032
VAN Escenario sen covid	330	533	752	701	654	609	351	527	491	458	426	241	381
VAN Escenario con covid	207	165	-96	379	429	433	249	406	380	336	330	162	327
DIFERENCIA	124	368	848	322	225	176	102	121	111	122	96	78	54

AQA	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032
VAN Escenario sen covid	614	282	828	739	693	612	16	480	426	378	336	-57	293
VAN Escenario con covid	323	286	-66	-69	403	421	402	-4	370	355	341	333	35
DIFERENCIA	291	-4	895	808	290	191	-386	483	56	23	-5	-390	258



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 220 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

A suma destas diferencias (2.746.000 € para MQA e 2.509.000 € para AQA) constitúe a estimación das perdas xeradas como consecuencia da covid-19 no período 2020-2032”

Realizada esta puntualización o informe continúa diferenciando entre as perdas reais soportadas pola concesionaria no período 2020-2022 e a estimación de perdas realizada para o período 2023-2032. As perdas reais estimanse en 1.182 miles de euros para a concesionaria, mentres que as perdas futuras estimanse en 1.328 miles de euros. Neste punto o informe indica que

“Cómpre observar neste punto que unha estimación razoable do importe dunhas perdas futuras non pode integrarse na certificación do desequilibrio económico causado sobre as concesionarias polo covid-19, a efectos de determinar o importe da achega económica que procede propoñer en concepto de reequilibrio económico. Non procede compensar a unha concesionaria por perdas que non se teñen producido. Por outra parte, como é lóxico, as previsións do desempeño económico de calquera empresa que actúe nun entorno de mercado están suxeitas a unha considerable incerteza. (...) Cómpre puntualizar que o mellor desempeño económico das concesionarias non implica que as previsións do escenario con covid-19 dos Informes de BDO foran erróneas, senón que outros factores causais van gañando progresivamente peso e compensan en parte os efectos a medio prazo do covid-19, como argumentamos no punto anterior. Estes factores encádranse no marco do principio de risco e ventura das concesionarias, e inclúen tanto circunstancias externas (como a posibilidade de incrementar as tarifas debido á inflación) como derivadas da propia capacidade de xestión das entidades concesionarias.”

Finalmente, o informe pasa a considerar o reparto das perdas entre esta administración e a concesionaria que, na solicitude de esta cuantifícase como una porcentaxe sobre as perdas económicas xeradas entre 2020 e 2023 (reais e futuras) dun 88,14 % a soportar por esta administración. En canto ás bases para o cálculo da mesma, o informe indica que non se poden identificar na solicitude da concesionaria e que, polo tanto, non é validable por dous motivos:

“- Non existe unha motivación das porcentaxes empregadas nas Solicitudes das concesionarias, polo que coa información dispoñible debemos concluír que se trata de magnitudes fixadas de modo arbitrario. - A aplicación dunhas porcentaxes tan elevadas resulta nuns valores das achegas superior ao 100% das perdas reais estimadas para o período 2020-2022, xa que integrarían ademais unha parte importante da estimación das perdas futuras (2023-2032). E, reiteramos, non consideramos razoable que o Concello indemnice a unha concesionaria por perdas futuras.”

Tendo en conta isto, o informe establece unha metodoloxía de reparto das perdas entre esta administración e a concesionaria en base aos principios de proporcionalidade e razoabilidade e a necesidade do mantemento do equilibrio económico das concesións de cara a asegurar a continuidade da prestación do servizo de público. Así, o informe económico establece a seguinte metodoloxía:

“1) Identificar o período temporal no que o impacto da covid-19 sobre os fluxos de caixa e demais magnitudes económicas da concesionaria prodúcese con maior intensidade, sendo o nexo causal máis forte e a influencia de outros factores limitada. Este período correspóndese cos exercicios 2020, 2021 e 2022, e dicir, ata 8 meses despois do levantamento dos últimos condicionantes legais á actividade das concesionarias ocasionada polo covid-19.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 221 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2) O reparto das perdas realizaríase do seguinte modo: a Administración asumiría as perdas xeradas no período de maior intensidade, e as concesionarias as perdas xeradas no período seguinte (é dicir, entre 2023 e 2032).

Esta metodoloxía conta coas seguintes vantaxes:

- Permite identificar dun modo máis claro o nexo causal entre o covid-19 e as perdas sufridas polas concesionarias.
- A contía da achega económica comprendería exclusivamente a estimación de perdas reais (xa producidas), excluindo as posibles perdas futuras.
- A achega da administración concentraríase no período de maior intensidade dos efectos económicos negativos sobre a concesionaria, atendendo deste modo á finalidade de garantir a continuidade do servizo.
- As perdas asumidas pola concesionaria corresponderíanse ao período no que existe unha maior incerteza sobre os efectos do covid-19 sobre o desempeño económico, debido á crecente importancia de factores que se encadran no risco operacional da concesión, incluída a propia xestión das adxudicatarias."

A vista do exposto, o informe conclúe que o importe da achega económica para o período posterior ao 21 de xullo de 2020 é o resultado de restar, ás perdas reais calculadas para o período 2020-2022, a compensación correspondente ao período comprendido entre o 12 de xuño e o 21 de xullo de 2020. Así, o total sería 1.182 miles € - 151,26 miles € = 1.030,739 miles €.

A modo de conclusión o informe económico resume o anteriormente exposto da seguinte maneira:

"1. As cantidades solicitadas polas concesionarias en concepto de achega para o reequilibrio económico das concesións, para o período 12/06/2020 – 21/07/2020, son correctas, e resultan dunha axeitada aplicación do artigo 34.4 do RDL 8/2020, sendo os importes das compensacións os seguintes: 112.860 € para MQA Navia S.L.U. e 151.261 € para AQA Vigo Xestión Deportiva S.A.

2. A metodoloxía empregada polas concesionarias para o cómputo das perdas estimadas como consecuencia do covid-19, consistente en calcular a diferenza entre os fluxos de caixa actualizados dos proxectos (VAN) nun escenario tendencial sen covid-19 cos fluxos de caixa actualizados (VAN) no escenario real (datos reais ata 2022 e estimación dos resultados a partir de 2023) é razoable e axeitada. Os cálculos das concesionarias sen embargo empregan erroneamente como taxa de desconto k as TIR do proxecto, polo que neste Informe Económico se teñen recalculado as VAN coa taxa k de desconto correcta, que é o 6%. As diferenzas entre os resultados das concesionarias e os resultados obtidos no Informe Económico non son significativas.

3. As perdas estimadas das concesionarias poden dividirse en dous períodos: Perdas reais (baseadas nas magnitudes económicas reais, ata 2022) e perdas futuras (baseadas na estimación das magnitudes económicas, entre 2023 e 2032). A contía destas magnitudes (incluíndo o período 12/06 a 21/07 de 2020) é a seguinte:

CONCESIONARIA	PERDAS REAIS (20-22)	PERDAS FUTURAS (23-32)	TOTAL
MQA Navia S.L.U.	1.340 miles €	1.406 miles €	2.746 miles €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 222 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

AQA Vigo Xestión Deportiva S.A.	1.182 miles €	1.328 miles €	2.509 miles €
---------------------------------	---------------	---------------	---------------

4. A contía da achega solicitada polas concesionarias representa unha porcentaxe do 92,17% para MQA e do 88,14% para AQA das perdas totais reais e futuras. Esta porcentaxe non está xustificada no expediente e, en caso de aplicarse, implicaría compensar parte das perdas futuras, polo que non é procedente a súa aplicación. Proponse unha metodoloxía alternativa baseada nun criterio temporal, que cumpre os criterios de razoabilidade e proporcionalidade: Tómanse soamente as perdas estimadas para o período de maior intensidade dos efectos da covid-19 sobre a actividade, que se estima ata o 31 de decembro de 2022, mentres que as concesionarias asumirían as perdas do período seguinte, no cal o nexos causal vaise debilitando.

5. Da correcta aplicación da metodoloxía proposta no presente Informe Económico, resultan os seguintes importes en concepto de achega para o reequilibrio económico das concesións:

(...)

AQA Vigo Xestión Deportiva SA: 1.182.000€ (151.261€ (12/06/20-21/07/20); 1.030.739€ (22/07/20-31/12/22))

En base a estas conclusións, con data 31 de xaneiro de 2025, informase a proposta de reequilibrio da concesión da que se lle da traslado a AQUA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, na mesma data, para que presente as alegacións que estime convenientes.

A concesionaria presenta alegacións, o 21 de febreiro de 2025, sobre as que a Área de Contratación e Novos Proxectos solicita informe económico interno que é emitido en data 17 de marzo de 2025.

No informe analízanse as tres partes nas que se dividen as alegacións (puntos de acordo coa administración, desacordo con respecto o reparto das perdas entre a concesionaria e a Administración e actualización da compensación proposta polos servizos municipais).

Con respecto aos puntos de acordo, o informe económico sinala que, se ben non é necesario pronunciarse sobre os mesmos, si o é mencionar que existen mais puntos de acordo cos mencionados sinalando, concretamente,

“- A metodoloxía para a cuantificación das perdas causadas pola covid, consistente na comparación do VAN dos proxectos no seu conxunto no escenario real (coa crise covid-19) e nun escenario hipotético sen crise covid-19. - Os valores numéricos dos fluxos de caixa para ambos escenarios, que foron formulados polas concesionarias e validados polo Concello. - En canto á taxa de desconto k, que o Concello empregou en lugar das TIR propostas polas concesionarias, e que supoñían realizar un pequeno axuste sobre a contificación das perdas realizada polas concesionarias, as alegacións non conteñen mención ningunha sobre os argumentos expostos no Informe económico de 28/01/2025 acerca desta cuestión, polo que se entende que non existen desacordos sobre este axuste técnico.”

A continuación realízase a análise do segundo punto das alegacións referido ao reparto do importe do reequilibrio sobre o que a concesionaria sinala que se basea no importe das cargas financeiras extraordinarias asumidas pola mesma derivadas de contratos de crédito e avais subscritos para facer fronte á situación de caixa derivada da crise da COVID-19.

“Así, as porcentaxes de reparto son o resultado de dividir estes custos financeiros extraordinarios entre o importe total das perdas calculadas (recordemos que o desequilibrio económico causado pola covid-19 foi calculado mediante a aplicación da metodoloxía consistente en comparar o VAN dos fluxos de caixa nos escenarios con e sen covid-19).”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 223 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	AQA
TOTAL PERDAS 22.07.2020-2032 (miles €)	2.300
Custos financeiros extraordinarios (miles €)	2.027
% A SOPORTAR POLO CONCELLO	88,14%

Analizando o anterior, o informe económico conclúe que, tendo en conta que “As perdas xeradas pola crise covid-19 sobre as concesións foron estimadas polas concesionarias mediante unha metodoloxía consistente en calcular a diferenza entre os fluxos de caixa actualizados dos proxectos (VAN) nun escenario tendencial sen covid-19, cos fluxos de caixa actualizados (VAN) no escenario real (datos reais ata 2022 e estimación dos resultados a partir de 2023)” e que estea metodoloxía “foi validada no Informe económico de 28/01/2025, que a cualificaba de “razoable e axeitada””. “O criterio de reparto proposto agora polas concesionarias nos documentos de alegacións nº 250040693 e 250040676 analizados no presente informe, baséase nas cargas financeiras extraordinarias derivadas da covid-19 (é dicir, das cargas financeiras derivadas do endebedamento extraordinario subscrito para facer fronte á crise). Trátase, polo tanto, dun método alternativo e incongruente (non relacionado) coa metodoloxía aplicada en primeiro lugar para determinar as perdas totais. Ademais, a modalidade de aplicación da metodoloxía proposta carece de rigor, e a documentación xustificativa aportada resultaría insuficiente para confirmar os cálculos realizados. Trátase, polo tanto, dunha proposta de reparto de custo incorrecta e inadecuada.” O informe continúa expoñendo detalladamente os principais motivos que respaldan as anteriores afirmacións: a incongruencia de adoptar como criterio de reparto un aspecto parcial dos efectos económicos sobre a concesionaria, a falta de fiabilidade de métodos para medir o impacto dunha situación de crise baseados exclusivamente no financiamento da concesión e a inconsistencia conceptual dos cálculos realizados pola concesionaria.

Finalmente, sobre a actualización da compensación proposta polos servizos municipais conclúe que non procede actualizar as contías tal e como alega a concesionaria. A solicitude ten en conta que o cómputo do desequilibrio toma como data de referencia para a actualización dos fluxos de tesourería o 31 de decembro de 2022 e que, a vista do tempo transcorrido desde esa data, a concesionaria propón a actualización ao fin do exercicio máis próximo á data estimada de resolución (31 de decembro de 2024), “mediante a aplicación dunha taxa equivalente á taxa k (6%) sobre o importe total das achegas propostas”. No entanto, a data de referencia do 31 de decembro de 2022, como indica o informe económico, “non é unha data arbitraria, senón que se integra necesariamente no conxunto de datos analizados para determinar a existencia da ruptura do equilibrio económico e a súa contía”, xa que a análise económico-financeira que fundamenta o cálculo da achega para o reequilibrio económico da concesión, e que parte da propia concesionaria, “adopta correctamente o ano 2022 como o ano base para a actualización dos fluxos de caixa, ao tratarse do exercicio máis recente para os que se contaba con datos reais. A data de referencia de 31.12.2022 se deriva necesariamente do conxunto de datos e magnitudes económicas valoradas no expediente”. Así, o importe da achega está indisolublemente ligado “ao conxunto de magnitudes valoradas na data de referencia do expediente.” O informe continua dicindo que a actualización proposta pola concesionaria “consistente en modificar unicamente a data de referencia, sen actualizar os datos das magnitudes reais a 2024, e as previsións de futuro actualizadas, resulta incoherente.”

En vista do anterior “as contías das achegas foron correctamente calculadas, e, en consecuencia, non procede recalculalas mediante a modificación da data de referencia a 31.12.2024.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 224 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

En base ás observacións realizadas pola Asesoría Xurídica o 29 de outubro de 2025 solicitouse pola Área de Contratación e Novos Proxectos informe económico. Este informe emitíuse con data do 12 de novembro de 2025 no que se inclúen

“unhas breves conclusións que resumen a esencia das cuestións económicas formuladas no conxunto dos expedientes, a metodoloxía técnica aplicada para resolvelas, e os resultados obtidos. A xustificación detallada destas conclusións atópase no conxunto de documentos que constan no expediente, e particularmente nos seguintes:

- Informe económico de 18 de abril de 2022, emitido por este economista.
- Informe pericial independente emitido por Seixas Invest, S.L. na data de 24 de xullo de 2023, a solicitude do servizo xestor.
- Análise económica de 24 de maio de 2024, emitida por este economista.
- Informe económico de 28 de xaneiro de 2025, emitido por este economista.
- Informe económico de 17 de marzo de 2025, emitido por este economista”.

Sobre as aclaracións solicitadas infórmase o seguinte:

[...] "2.a Método de reequilibrio aplicado para o período 12/06/2020 a 12/07/2020

A dilixencia da Asesoría Xurídica formula observacións en relación coa certificación do importe do desequilibrio para o período 12/06/2020 a 21/07/2020, para o cal o Informe económico de 28/01/2025 determina 112.860€ para MQA e 151.261€ para AQA, como resultado da aplicación da metodoloxía prevista no artigo 34.4 do RDL 8/2020.

A metodoloxía aplicada para o cálculo do desequilibrio para o período posterior ao 21/07/2020 no devandito informe de 28/01/2025 determina en primeiro lugar as perdas ocasionadas pola covid-19 por comparación entre os resultados das contas anuais reais, con covid-19, e os resultados que se obterían nun escenario tendencial, sen covid-19. Posteriormente, a este resultado se lle deducen os importes calculados para o período entre 12/06/2020 e 21/07/2020, indicados no parágrafo anterior. A implicación desta metodoloxía é que, ao axustar o total restando os importes resultantes de aplicar o artigo 34.4, o cálculo realizado é independente da aplicación do previsto neste artigo, ou, dito doutro modo, o importe total do desequilibrio no conxunto do período concesional non varía, con independencia de que para o período 12/06/2020 a 21/07/2020 se aplique ou non a metodoloxía do artigo 34.4 do RDL 8/2020, ao quedar este período englobado no cálculo do desequilibrio para o conxunto da concesión.

Polo tanto, os importes que figuran nas conclusións do Informe económico de 28/01/2025 son correctos, con independencia do emprego ou non da metodoloxía do artigo 34.4:

CONCESIONARIA	IMPORTE TOTAL DESEQUILIBRIO	IMPORTE PROPOSTO DA ACHEGA (equivalente ao período ata 31/12/2022)
MQA Navia S.L.U.	2.746 miles €	1.340 miles €
AQA Vigo Xestión Deportiva S.A.	2.509 miles €	1.182 miles €

2.b. Consideración dos importes concedidos ás concesionarias pola suspensión da execución das concesións no período 27/01/2021 a 26/01/2021

A XGL aprobou na sesión de 27 de outubro de 2022 indemnizar ás concesionarias MQA e AQA polo período de suspensión da execución das concesión entre 27 de xaneiro e 26 de febreiro de 2021. Os importes aprobados e pagados foron de 85.565 euros para MQA e 146.629 euros para AQA. As concesionarias contabilizaron nas súas contas anuais para 2021 (previsión) e 2022 (regularización) os ingresos correspondentes a estes importes, polo que foron tidos en conta no



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 225 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

cómputo do desequilibrio realizado no Informe económico de 28/01/2025. Polo tanto, non se produce en ningún caso un dobre cómputo do desequilibrio para o devandito período entre xaneiro e febreiro de 2021.

3. RESUMO DAS CONCLUSIÓNS SOBRE AS CUESTIÓNS ECONÓMICAS FORMULADAS NOS EXPEDIENTES 6603-241 E 6604-241

1. Nos expedientes 6603-241 e 6604-241 analízanse as solicitudes de reequilibrio económico das concesionarias MQA e AQA. Trátase de dous contratos tipificados como xestión de servizo público, que teñen como obxecto a construción de instalacións deportivas e a prestación de servizos deportivos durante un prazo de 49 anos (MQA) e 45 anos (AQA). A remuneración das concesionarias consiste principalmente no dereito a obter as tarifas establecidas pola utilización do servizo, tarifas actualizables anualmente con referencia á taxa IPC. Ambos contratos establecen igualmente un canon concesional por un importe pouco significativo en comparación coas restantes magnitudes económicas do contrato (12.000 euros anuais MQA e 6.000 € anuais AQA), en ambos casos actualizables en función do índice IPC.

2. A pandemia de covid-19 causou directamente unha brusca caída do número de aboados das concesionarias, coa consecuente redución da súa principal fonte de ingresos. A Análise económica de maio de 2024, asinada por este economista, concluíu a existencia dunha ruptura substancial do equilibrio económico das concesións causada por un acontecemento extraordinario e imprevisible: a covid-19. Esta conclusión se fundamenta en dous elementos: a) A existencia dun nexos causal directo entre esta crise e a redución dos ingresos das concesións no período posterior ao de suspensión do servizo, a partir de xuño de 2020, comparado co nivel de ingresos e aboados rexistrados ata 2019; e b) **Un impacto económico medible (perdas) que non se tería producido de non existir crise covid-19, e que ten causado unha redución relevante e significativa da TIR de ambas concesións para o conxunto do período concesional en valores inferiores á taxa k de custo de capital.**

3. Unha análise da viabilidade xurídica e económica das posibles medidas a adoptar pola administración para o reequilibrio económico das concesións, garantindo a continuidade da prestación do servizo público, pon de manifesto que a única opción viable é a modificación do réxime económico das concesións, mediante a aprobación dunha achega económica para cada unha das concesións. As posibles medidas alternativas non son adecuadas para a consecución do reequilibrio:

- Ampliación do prazo concesional. Tendo en conta a elevada cantidade de anos que restan ata o vencemento dos prazos contractuais, os rendementos económicos que se obterían no período adicional quedarían suxeitos a un elevado grao de incerteza, e ademais estarían condicionados á execución dun novo ciclo de investimentos unha vez esgotado o período de vida útil económica das infraestruturas adscritas á concesión. Polo tanto, o período adicional non acadaría o reequilibrio económico da concesión.

- O incremento das tarifas ao público non se considera unha proposta adecuada polo seu impacto sobre as persoas beneficiarias do servizo público.

- A minoración ou eliminación do canon concesional ten un efecto insignificante sobre o equilibrio económico debido á súa reducida contía.

4. A metodoloxía empregada polas concesionarias para o cómputo das perdas estimadas como consecuencia do covid-19, consistente en calcular a diferenza entre os fluxos de caixa actualizados dos proxectos (VAN) nun escenario tendencial sen covid-19 (evolución a partir dos datos reais para 2017-18-19) cos fluxos de caixa actualizados (VAN) no escenario real (datos reais ata 2022 e estimación dos resultados a partir de 2023) é razoable e axeitada. Os cálculos das concesionarias sen embargo empregan erroneamente como taxa de desconto k as TIR do proxecto, polo que no Informe Económico de 28 de xaneiro de 2025 se teñen recalculado as VAN coa taxa k de desconto correcta, que é o 6%. As diferencias entre os resultados das concesionarias e os resultados obtidos no Informe Económico non son significativas.

5. Da correcta aplicación desta metodoloxía obtense un importe de desequilibrio económico causado pola covid-19 para o período posterior ao 12/06/2020 de 2.746 miles € para MQA Navia e de 2.509 miles € para AQA Vigo Xestión Deportiva, importes que teñen en conta as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 226 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

compensacións pagadas pola administración pola suspensión da actividade no período xaneiro-febreiro de 2021.

6 . Sobre o importe total do desequilibrio, as concesionarias solicitan unha achega equivalente ao 92,17% (para MQA) e do 88,14% (para AQA) das perdas totais. Esta porcentaxe baséase nas cargas financeiras extraordinarias soportadas polas concesionarias, criterio que, como se xustifica no Informe económico de 17 de maio de 2025, non é consistente coa metodoloxía de cálculo do desequilibrio aplicada. Nos informes económicos propónse en cambio unha metodoloxía do reparto de riscos baseada nun criterio temporal, que cumpre os criterios de razoabilidade e proporcionalidade: Tómanse soamente as perdas estimadas para o período de maior intensidade dos efectos da covid-19 sobre a actividade, que se estima ata o 31 de decembro de 2022, mentres que as concesionarias asumirían as perdas do período seguinte, no cal o nexo causal vaise debilitando e o impacto da covid sobre os resultados económicos das concesións é decrecente. Así, as perdas estimadas das concesionarias poden dividirse en dous períodos: Perdas reais (baseadas nas magnitudes económicas reais, ata 2022) e perdas futuras (baseadas na estimación das magnitudes económicas, entre 2023 e 2032), segundo o seguinte detalle:

CONCESIONARIA	PERDAS REAIS (20-22)	PERDAS FUTURAS (23-32)	TOTAL
MQA Navia S.L.U.	1.340 miles €	1.406 miles €	2.746 miles €
AQA Vigo Xestión Deportiva S.A.	1.182 miles €	1.328 miles €	2.509 miles €

7. Da correcta aplicación da metodoloxía proposta no presente Informe Económico, resultan os seguintes importes en concepto de achega para o reequilibrio económico das concesións (é dicir, a parte do desequilibrio soportado pola administración): MQA - 1.340.000€ e AQA - 1.182.000€ . De acordo co principio de reparto do risco, a concesionaria asumiría unhas perdas estimadas de 1.406.000 € no caso de MQA, e 1.328.000 € no caso de AQA, correspondente ao período posterior a 2022, polo que non procedería futuras solicitudes de reequilibrio económico fundamentadas no mesmo risco imprevisible (covid-19), con independencia da evolución real das magnitudes económicas”.

-VI-

Do procedemento aplicable ao reequilibrio da concesión

A lexislación de contratos non regula un procedemento específico aplicable ao reequilibrio da concesión. Procede en consecuencia aplicar con carácter supletorio a lei de procedemento administrativo común, de aplicación supletoria conforme á disposición final cuarta da LCSP “1. Os procedementos regulados nesta Ley rexeranse, en primeiro termo, polos preceptos contidos nela e nas súas normas de desenvolvemento e, subsidiariamente, polos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e nas súas normas complementarias”.

En calquera caso, non existe dúbida que o procedemento é de carácter contradictorio, polo que resulta un trámite ineludible conceder un trámite de audiencia ao concesionario, para que formule alegacións e propoña os medios de proba que estime pertinentes.

En consecuencia, en aplicación do disposto no artigo 82 LPAC, evacuose trámite de audiencia á concesionaria trala incoación do procedemento, en data 4 de outubro de 2024. A continuación, e tralas alegacións presentadas pola mercantil no prazo outorgado ao efecto, emítese informe proposta o 31 de xaneiro de 2025, do que se da traslado, novamente, á concesionaria, MQA NAVIA, SLU que presenta as súas alegacións o 21 de febreiro de 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 227 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Relacionado co anterior, e, en vista do establecido no fundamento xurídico II, outorgouse novo prazo de audiencia á concesionaria para que puidera presentar as alegacións que estimara pertinentes, unicamente, sobre o cambio de normativa a aplicar ao presente procedemento pasando de dous escenarios (un rexido polo artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 e outro pola lexislación contractual) a un único escenario rexido, soamente, pola lexislación contractual, tendo en conta que este é o único cambio realizado con respecto ás audiencias anteriores e que non supón ningunha modificación da achega económica tal e como se recolle nas conclusións do informe económico do 11 de novembro de 2025 incorporado no fundamento xurídico V desta proposta.

Unha vez realizados os trámites anteriores, procede continuar a tramitación cos requisitos esixidos para as entidades locais que requiren do previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral en virtude do disposto na disposición adicional 3ª da LCSP e dos artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Neste punto, é necesario ter en conta que o artigo 333.4 da LCSP impón a emisión de informe preceptivo da Oficina Nacional de Evaluación (ONE) nos acordos de restablecemento do equilibrio do contrato nos casos previstos nos artigos 270.2 e 290.4 respecto das concesións de obras e de servizos., se concorre algunha destas circunstancias:

- Cando se realicen achegas públicas á construción ou á explotación da concesión, así como calquera medida de apoio ao financiamento do concesionario.
- Respecto das concesións de obras e concesións de servizos en que a tarifa sexa asumida total ou parcialmente polo poder adxudicador concedente, cando o importe das obras ou os gastos de primeiro establecemento superen un millón de euros.

No entanto, tendo solicitado informe á ONE no expediente municipal relativo á ruptura do equilibrio económico da concesión de servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros como consecuencia do impacto da crise sanitaria provocada polo COVID-19 (expediente 3.773-449) declarouse non admitido pola ONE nos seguintes termos *“De lo anterior se deduce que para llevar a cabo el restablecimiento del equilibrio económico de un contrato adjudicado el 16 de septiembre de 1994, la adopción del correspondiente acuerdo deberá ajustarse a los requisitos y previsiones que para ello se establecían en la normativa anterior a que fuera exigible la emisión del informe de la ONE, actualmente regulada en el artículo 333 de la mencionada ley”*. Tendo en conta o anterior, non se considera procedente a remisión deste expediente á ONE.

Por último, e sen prexuízo do criterio da ONE, atendendo á interpretación que defende o Consello Consultivo de Galicia (entre outros, CCG 17/2019) do artigo 191.3c) da LCSP que outorga carácter preceptivo ao ditame no suposto de *“reclamacións dirixidas á Administración con fundamento na responsabilidade contractual na que esta puidera ter incorrido, nos casos en que as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 euros”*, para unha maior seguridade xurídica remitirase a proposta para ditame do citado órgano.

-VII-

Modificación orzamentaria para facer fronte ao reequilibrio



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 228 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Polo que respecta á existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao pago da achega económica que resulta do informe proposta de resolución, de data 7 de febreiro de 2025, e do informe económico, de data 17 de marzo de 2025, para o expediente de reequilibrio económico á concesionaria, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, o Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do 11 de agosto de 2025, aprobou, con carácter inicial, a modificación orzamentaria numero 56, 56A/2025, correspondente ao expediente 96/142, na cal se inclúe o importe indicado para facer fronte ao mencionado pago. Esta aprobación foi publicada no BOPPO de data 23 de setembro de 2025.

-VIII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais e do ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia.

-IX-

Conclusións

Á vista do exposto ao longo deste informe, procedería:

1º.- Declarar a ruptura económica da concesión de servizo público de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II A Florida B (6078-333), consonte o exposto nos fundamentos xurídicos III, IV e V deste informe.

2º.- Reequilibrar a concesión modificando o seu réxime económico establecendo unha achega económica á concesionaria, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, de 1.182.000 euros, consonte ao exposto no fundamento xurídico V.

3º.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2269940 "Reequilibrio complexo deportivo Florida-Barreiro" do estado de gastos do orzamento vixente, ordenando o pago correspondente."

-X-

Proposta de acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **acordo**:

"Primeiro.- Aprobar o informe proposta polo que se recoñece a existencia dunha alteración do equilibrio económico do contrato de concesión de servizo público de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II A Florida B (6078-333) e se declara a procedencia de outorgar á concesionaria, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA, unha compensación económica destinada ao restablecemento do equilibrio económico-financeiro do contrato, por un importe estimado de 1.182.000,00 euros, segundo os cálculos contidos nos informes económicos e na proposta obrantes no expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 229 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- Remitir o expediente completo ao Consello Consultivo de Galicia, para os efectos da emisión do ditame preceptivo previsto no artigo 191.3.c) da LCSP e 81.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de conformidade co regulado no artigo 11.3 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Terceiro.- Unha vez que se produza a emisión do ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia e, no seu caso, a posterior ratificación pola Xunta de Goberno local, conforme ao disposto no artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, executarase a compensación pola citada contía.

Cuarto.- Notificar este acordo ao concesionario, así como aos servizos municipais interesados, para o seu coñecemento e efectos oportunos”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(964).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DO “PLAN DE MARKETING E DINAMIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA” NO MARCO DO PRTR -FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPERA- NEXTGENERATIONEU. EXPTE. 8946/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 15/12/2025 e o informe de fiscalización do 16/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/12/2025, asinado pola xefa de Turismo, o xefe da Área de Investimentos e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 230 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos, así como da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como cantas normas de desenvolvemento aprópanse.
- Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1296/2013, 1301/2013, 1303/2013, 1304/2013, 1309/2013, 1316/2013, 223/2014 e 283/2014, e a Decisión n.º 541/2014/UE, e derrógase o Regulamento (UE, Euratom) n.º 966/2012; o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

ANTECEDENTES:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 23/10/25.
 - Memoria económica de data 29/10/25, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento basee de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo), aos que fai referencia o artigo 102 da LCSP, en base aos prezos facturados polo mesmo tipo de servizos en anos anteriores para levar a cabo o obxecto do presente contrato, realizando un cálculo do custo medio.
 - Xustificación de que o contrato non supoñerá un desequilibrio orzamentario, ao estar o gasto contemplado no orzamento, e de que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de de abono do prezo (artigo 67.2º do RLCAP).
 - Retención de crédito de data 30/10/25 (operación nº1143343).
 - Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), de data 24/10/25.
 - Memoria xustificativa de data 04/11/25 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do procedemento aberto (artigo 159.6 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 da LCSP).



◦ Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP).

◦ Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigos 67.5.f e 67.7.e do RLCAP).

• Informe do servizo de contratación no que se certifica que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado con data 28/11/25.

• En data 17/11/25 a xefa do Servizo de contratación emite dilixencia na que fai constar que, devolto o expediente pola Asesoría Xurídica, redáctase un novo prego de cláusulas administrativas particulares no que unicamente se corrixe a puntuación atribuída ao criterio “A.1.3.- Estudo diagnóstico integral (PT3)” recollido no apartado 6B do Anexo I -FEC- que pasa de 10 a 5 puntos, tal e como sinala a memoria xustificativa. O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares foi asinado na mesma data.

En data 09/12/25 a xefa de Área de Contratación emite dilixencia na que fai constar que á vista das observacións da Intervención Xeral se inclúe a CPV no apartado 2.B da FEC

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo con o disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación, motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados, con data 22 de xuño de 2023 e publicada no BOP nº 123 de data 27 de xuño de 2023, modificada por Decreto da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024, e posterior 25/09/2025

A Concelleira Delegada de Turismo, mediante resolución de data 23/10/25, autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto, o tipo de contrato é de servizos (art. 17 da LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, en aplicación dos artigos 131.2, 145 e 156.1 da Lei 9/2017, conforme aos termos e requisitos establecidos no devandito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevén os apartados 2 e 3 do artigo 116 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) da LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes da LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 da LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) da LCSP), os criterios de adxudicación (artigos 145 e 146 da LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 da LCSP) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 232 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8, da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou o documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, será incorporado ao procedemento pola Intervención Xeral con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda, apartado 11, da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP), e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 da LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto de PRESTACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “ELABORACIÓN DO PLAN DE MARKETING E DINAMIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA–NEXTGENERATIONEU

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 24/10/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato, asinado polo servizo de contratación con data 09/12/25

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 25.000,00 €, cun IVE de 4.338,84 € euros

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.06.03 “TRANSICION DIXITAL PSTD FMRR” do programa orzamentario do Servizo de Turismo.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



21(965).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LUMINARIAS LED E OUTROS ELEMENTOS DA REDE DE ALUMEADO VIARIO EN BOUZAS DE ACORDO AO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS, NO MARCO DO PRTR, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU. EXPTE. 8899/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 15/12/2025 e o informe de fiscalización do 17/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/12/2025, asinado pola xefa de Turismo, o xefe da Área de Investimentos e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos, así como da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como cantas normas de desenvolvemento apróbense.
- Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 234 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1296/2013, 1301/2013, 1303/2013, 1304/2013, 1309/2013, 1316/2013, 223/2014 e 283/2014, e a Decisión n.º 541/2014/UE, e derrógase o Regulamento (UE, Euratom) n.º 966/2012; o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

ANTECEDENTES:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 29/07/25

- Memoria económica de data 14/10, relativa aos seguintes extremos:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento basee de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo), aos que fai referencia o artigo 102 da LCSP, en base aos prezos facturados polo mesmo tipo de servizos en anos anteriores para levar a cabo o obxecto do presente contrato, realizando un cálculo do custo medio.

- Xustificación de que o contrato non supoñerá un desequilibrio orzamentario, ao estar o gasto contemplado no orzamento, e de que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).

- Forma de de abono do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

- Retención de crédito de data 30/10/25 (operación RC n.º.143176 e RC Fut n.º.143177).

- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), de data 13/10/25.

- Memoria xustificativa de data 19/11/25 e 20/11/25 relativa aos seguintes extremos:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).

- Xustificación do procedemento aberto (artigo 159.6 da LCSP).

- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 da LCSP).

- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP).

- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigos 67.5.f e 67.7.e do RLCAP).

- Informe do servizo de contratación no que se certifica que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado con data 21/11/25.

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado polo servizo de contratación



con data 21/11/25

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo con o disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación, motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados, con data 22 de xuño de 2023 e publicada no BOP nº 123 de data 27 de xuño de 2023, modificada por Decreto da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024, e posterior 25/09/2025

A Concelleira Delegada de Turismo, mediante resolución de data 29/07/25, autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto, o tipo de contrato é de servizos (art. 17 da LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, en aplicación dos artigos 131.2, 145 e 156.1 da Lei 9/2017, conforme aos termos e requisitos establecidos no devandito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevén os apartados 2 e 3 do artigo 116 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) da LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes da LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 da LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) da LCSP), os criterios de adxudicación (artigos 145 e 146 da LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 da LCSP) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8, da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou o documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, será incorporado ao procedemento pola Intervención Xeral con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda, apartado 11, da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP), e implicará a aprobación do gasto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 236 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 da LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto de PRESTACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A REPOSICIÓN E SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS LED E OUTROS ELEMENTOS DA REDE DE ALUMEADO VIARIO EN BOUZAS DE ACORDO AO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 13/10/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato, asinado polo servizo de contratación con data 21/11/25

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 234.101,06 €, cun IVE de 40.629,11 euros que dividiranse do seguinte modo nas anualidades 2025 e 2026:

Anualidade	con IVE
2025	136,519.67 €
2026	97,581.39 €

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.619.00.00.- OBRAS LITORAL, SIST. ILUMINACION, HUMANIZACION, PSTD, FMRR co proxecto asociado 24432050, do programa orzamentario do Servizo de Turismo.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(966).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E CREACIÓN DE PAQUETES TURÍSTICOS EN BOUZAS NO MARCO DO PRTR - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXTGENERATIONEU. EXPTE. 8883/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



Visto o informe xurídico do 15/12/2025 e o informe de fiscalización do 17/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/12/2025, asinado pola xefa de Turismo, o xefe da Área de Investimentos e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos, así como da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como cantas normas de desenvolvemento apróbense.
- Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1296/2013, 1301/2013, 1303/2013, 1304/2013, 1309/2013, 1316/2013, 223/2014 e 283/2014, e a Decisión n.º 541/2014/UE, e derrógase o Regulamento (UE, Euratom) n.º 966/2012; o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

ANTECEDENTES:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 238 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 04/07/25.

- Memoria económica de data 26/11/25, relativa aos seguintes extremos:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento basee de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo), aos que fai referencia o artigo 102 da LCSP, en base aos prezos facturados polo mesmo tipo de servizos en anos anteriores para levar a cabo o obxecto do presente contrato, realizando un cálculo do custo medio.

- Xustificación de que o contrato non supoñerá un desequilibrio orzamentario, ao estar o gasto contemplado no orzamento, e de que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).

- Forma de de abono do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

- Retención de crédito de data 13/10/25 (operación nº 12025000136606).

- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), de data 03/10/25.

- Memoria xustificativa de data 26/11/25 relativa aos seguintes extremos:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).

- Xustificación do procedemento aberto (artigo 159.6 da LCSP).

- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 da LCSP).

- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP).

- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigos 67.5.f e 67.7.e do RLCAP).

- Informe do servizo de contratación no que se certifica que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado con data 28/11/25.

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado polo servizo de contratación con data 28/11/2025

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo con o disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación, motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados, con data 22 de xuño de 2023 e publicada no BOP nº 123 de data 27 de xuño de 2023, modificada por Decreto da Alcaldía de data 28 de xuño



de 2024.

A Concelleira Delegada de Turismo, mediante resolución de data 04/07/25, autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto, o tipo de contrato é de servizos (art. 17 da LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, en aplicación dos artigos 131.2, 145 e 156.1 da Lei 9/2017, conforme aos termos e requisitos establecidos no devandito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevén os apartados 2 e 3 do artigo 116 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) da LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes da LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 da LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) da LCSP), os criterios de adxudicación (artigos 145 e 146 da LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 da LCSP) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8, da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou o documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, será incorporado ao procedemento pola Intervención Xeral con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda, apartado 11, da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP), e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 da LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E CREACIÓN DE PAQUETES TURÍSTICOS EN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 240 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

BOUZAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA -FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 03/10/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que reixerá o contrato, asinado polo servizo de contratación con data 28/11/25.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 35.223,09 €, cun IVE de 6.113,10 euros.

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.06.03 "TRANSICION DIXITAL PSTD FMRR" do programa orzamentario do Servizo de Turismo.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(967).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN EMPRESARIAL DE TURISMO E HOSTALARÍA DE PONTEVEDRA (FEPROTUR) PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DE FOMENTO DA DIXITALIZACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS GASTRONÓMICOS DO EIXO TURÍSTICO ESTACIÓN MARÍTIMA/ MONTE DO CASTRO, NO MARCO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DE VIGO, PRTR-FINANCIADOS CON FONDOS NEXTGENERATIONEU. EXPTE. 8958/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 18/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/12/2025, asinado pola xefa de Turismo, o xefe da Área de Investimentos, o secretario xeral do Pleno e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («NextGenerationEU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 241 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.
- O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveis da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización.
- Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.
- Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.
- O obxectivo perseguido relativos á liña de investimento C14.I1 é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística contempladas na submedida 2, os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.
- De acordo ao procedemento establecido na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino aprobada na Conferencia Sectorial do 28 de xullo de 2021, a Axencia de Turismo de Galicia elaborou o Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) do Concello de Vigo
O Concello de Vigo concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de “Plan de Sustentabilidade Turística de Vigo” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recolle a convocatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 242 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

- Inclúe as seguintes actuacións: incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada; renovación beirarrúas e espazos peonís na humanización do paseo Granada; creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circular; mellora do alumeadado público do eixe turístico comercial; outras asistencia técnicas execución obras; instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe turístico Estación Marítima / Monte do Castro; Rede de sensores para a avaliación da mobilidade e o comportamento social do eixo turístico Estación Marítima / Monte do Castro; actividades de formación para o impulso da dixitalización de establecementos gastronómicos do eixe turístico Estación Marítima / Monte do Castro; subministración, instalación e configuración dunha rede de marquesiñas dixitais interactivas e accesibles; instalación de cartelería específica para a sinalización do eixo turístico comercial; mellora do mobiliario urbano: asentos, papeleiras, etc do eixe turístico comercial.
- A dita proposta de Plan foi valorada tanto pola Axencia de Turismo de Galicia, como por SETUR, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 en base aos criterios de valoración e por iso, sendo aprobado e formando parte do plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia.
En data do 06/11/25, a Concelleira da área de Turismo autoriza o inicio do expediente para a elaboración dun CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN EMPRESARIAL DE TURISMO E HOSTALARÍA DE PONTEVEDRA (FEPROTUR) PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DE FOMENTO DA DIXITALIZACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS GASTRONÓMICOS DO EIXO TURÍSTICO ESTACIÓN MARÍTIMA / MONTE DO CASTRO NO MARCO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DE VIGO , por importe total de 36.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4800003 “FORMACIÓN PSTD VIGO MRR” do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico, asociado ao proxecto 24153931.

II. FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor do Concello de Vigo, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

O artigo 7.2 do citado Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, establece que “os convenios rexeranse polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 243 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, establece que o convenio é o instrumento con efectos xurídicos que asinan as administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para a consecución dun fin común.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependiente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público.

O artigo 50.1. da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público e o apartado cuarto h) da bases 40 das de execución do orzamento xeral, determina que o convenio terá que ir acompañado dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto na citada Lei, infórmase o seguinte:

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 244 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu artigo 5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

A Federación Empresarial de Turismo e Hostalaría de Pontevedra, (en adiante FEPROTUR), se constitúe nunha entidade asociativa, profesional e sen ánimo de lucro, con ámbito provincial, duración limitada e con capacidade xurídica e total autonomía económica administrativa. A Federación rexerase polos seus Estatutos, polas Normas de Réxime Interior que redactará a Xunta Directiva para a súa aprobación pola Asamblea Xeral, sen que no seu contido se dispoña nada en contra dos estatutos e polos acordos validamente adoptados polos órganos de goberno no marco da Lei orgánica 1/2002 do Dereito de Asociación, artigo 3 f). FEPROTUR consta na Sección de Mediación, Arbitraje a Conciliación (SMAC) da Xunta de Galicia, de data 14/10/2011.

Os fins de FEPROTUR son promover o desenvolvemento económico e social do sector da hostalaría e o turismo na provincia, fomentar e defender a unidade e integración sectorial, representar e defender os intereses dos seus membros, e os dos empresarios do sector da hostalaría e do turismo ante calquera clase de organismo público ou privado e cooperar no desenvolvemento das políticas sociais de igualdade de oportunidades, aforro enerxético, coidado do medio ambiente e de promoción de persoas en resgo de exclusión por razóns físicas, sociais, económicas ou culturais levando a cabo accións de utilidade pública e educativas en beneficio da sociedade.

FEPROTUR para o cumprimento dos seus fins desenvolverá entre outras as funcións de :

- Organizar cursos formativos, conferencias, coloquios e demais actos análogos; concursos para a promoción da gastronomía provincial; elaboración de publicacións para a mellor información e difusión da problemática turística e en xeral, todas aquelas actividades que se consideren necesarias ou convintes en beneficio da profesionalización do sector e que contribúan a incrementar o prestixio e dignificación do mesmo.
- Crear os servizos que se estimen necesarios, tanto de carácter permanente como accidental, en aras dunha maior eficacia e cumprimento dos seus fins, promovendo a firma de convenios vantaxosos para os seus socios.

III.- OBXECTO DO CONVENIO E ALCANCE DA ACTUACIÓN

O convenio consta dunha parte expositiva e dezaseis pactos sendo o seu obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e FEPROTUR para a cofinanciamento do desenvolvemento das accións de formación dixital conducentes á dinamización do Turismo gastronómico da cidade no marco do Plan de Sustentabilidade en Destino para entidades locais de Vigo, e cumprindo cos obxectivos do eixo 3 "Actuacións no



ámbito da transición dixital”, mediante a aprobación do “convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e FEPROTUR para o desenvolvemento das accións de formación dixital conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2025 e 2026”

As accións formativas descritas neste mesmo convenio, estrutúranse en tres módulos principais, de carácter teórico e práctico, orientados á capacitación dixital do sector gastronómico local e á mellora da competitividade dos establecementos situados no eixo turístico Estación Marítima / Monte do Castro. Estas actuacións pretenden impulsar a transformación dixital, a sustentabilidade e a profesionalización do tecido empresarial turístico e hostaleiro da cidade, en coherencia cos obxectivos do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino de Vigo (PSTD Vigo) e co Compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

A execución das actuacións vinculadas o “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO estarán sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como á normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, a Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupuestos Generales del Estado para o ano 2023, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e á Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Así mesmo FEPROTUR está obrigado a cumprir as obrigacións de información e comunicación previstas na Orden HFP/1030/2021, de 29 de setembro, e a obriga de achegar por parte do contratista e dos subcontratistas a información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos na forma prevista no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, así como as obrigas incluídas no Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos (Convocatoria 2022)

Os pactos que se incorporan ao mesmo estímense conformes ao interese público municipal.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, xustifícase na necesidade de formación ao tecido hostaleiro para a dinamización do Turismo Gastronómico.

IV.- CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 246 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

En cumprimento do disposto no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e inestabilidade financeira é necesario indicar que as actuacións obxecto do convenio cumpren as esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

O gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dun servizo de carácter finalista para o Concello. Asemade, a citada actuación atópase cualificada como servizo con fins de dinamización dun sector turístico de interese para o turismo da cidade como é o Turismo Gastronómico, orientado á capacitación dixital de carácter teórico practico do sector gastronómico. O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do servizo previsto no obxecto deste convenio, a contía de trinta e seis mil, desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	36.000€
----------------	---------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación orzamentaria 4320.4800003 "FORMACIÓN PSTD VIGO MRR" do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico, asociado ao proxecto 24153931 e de acordo á execución indicada anteriormente.

Dada a natureza do convenio, debido a que forman parte do PSTD Vigo, execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de fondos Next Generation, se incorporarán de acordo co artigo 182,3 do RD Lexislativo 2/04, segundo o cal "...Os créditos que amparen proxectos financiados por ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente salvo que desista total o parcialmente de iniciar o continuar a execución do gasto"

V.- DOCUMENTACIÓN

FEPROTUR aporta a seguinte documentación:

- Proposta de actuacións de formación e ámbito de actuación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.
- Estatutos.
- Certificado acreditativo da Presidencia de FEPROTUR.
- Certificación bancaria

O certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo e as DACIS apórtanse polo Concello de Vigo.

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO CON FEPROTUR E LEXISLACIÓN APLICABLE

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 247 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, á promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior e 26 de setembro de 2025 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na Concelleira Delegada de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude entre outras, a seguinte facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración institucional con Administracións Públicas e institucións, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 “ No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei, as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

A implicación activa do sector turístico a través da Federación FEPROTUR é un elemento esencial no deseño e execución dun plan estratéxico financiado cos fondos Next Generation. Estes fondos europeos esixen un enfoque transformador baseado na colaboración, a innovación e a sustentabilidade, polo que a participación do tecido sectorial non só é desexable, senón imprescindible para garantir o éxito e a eficacia dos investimentos.

En primeiro lugar, a Federación achega coñecemento experto e experiencia operativa, fundamentais para identificar necesidades reais, oportunidades de mercado e problemas estruturais que deben abordarse. Sen esta visión práctica, o plan podería desenvolver actuacións desconectadas da realidade ou de baixo impacto.

A implicación do sector a través de FEPROTUR favorece a aliñación dos proxectos coas tendencias globais do turismo, como a dixitalización, a sustentabilidade ambiental, a diversificación do produto e a desestacionalización. A participación permite que as solucións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 248 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

propostas adáptense mellor á demanda actual e futura, e que os fondos se destinen a iniciativas con alto potencial de crecemento e competitividade.

Por outra banda, a colaboración promove a corresponsabilidade na implementación do plan, xerando maior compromiso, cohesión e capacidade de acción. Cando o sector sente parte do proceso, aumenta a probabilidade de que as medidas se adopten, mantéñanse no tempo e prosperen incluso despois de finalizar o período de financiamento.

Finalmente, a gobernanza colaborativa é un dos principios crave esixidos polos fondos Next Generation, xa que garante transparencia, impacto social e retorno económico. A implicación do sector reforza estes principios ao integrar múltiples perspectivas, fomentar a innovación e asegurar que o investimento público mobilice investimento privado, maximizando o efecto multiplicador dos fondos.

Asemade, os convenios non poden ter por obxecto prestacións propias dos contratos pois en tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos del sector público. Neste senso, a vista da finalidade, instrumentalización da transferencia de financiación e ante ausencia de onerosidade (non hai intercambio de prestacións), a natureza xurídica é de convenio de conformidade co artigo 47 da Lei 40/2015 e excluído do ámbito de aplicación da LCSP (artigo 6.2).

A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor, segundo informe do Servizo de Intervención de data 9 de febreiro de 2018 (Expte 6936-104).

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, e de acordo coa *Resolución de Alcaldía de data 28/06/2023, BOPPO nº 129 de data 05/07/2023 e modificación da Resolución de data 28/06/2024, BOPPO nº 134 de data 10/07/2024, e posterior 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025*, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude para asinar o citado convenio.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo.

PROPONSE.-

1º.- Que se aprrobe o texto do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN EMPRESARIAL DE TURISMO Y HOSTELERÍA DE PONTEVEDRA (FEPROTUR) PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DE FOMENTO DA DIXITALIZACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS



GASTRONÓMICOS DO EIXO TURÍSTICO ESTACIÓN MARÍTIMA / MONTE DO CASTRO NO MARCO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DE VIGO.

2º.- Que se autorice un gasto de 36.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4800003 “FORMACIÓN PSTD VIGO MRR” asociado ao proxecto 24153931, a favor da Federación Empresarial de Turismo y Hostalaría de Pontevedra FEPROTUR, CIF. G36614907.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN EMPRESARIAL DE TURISMO Y HOSTALARÍA DE PONTEVEDRA (FEPROTUR) PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DE FOMENTO DA DIXITALIZACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS GASTRONÓMICOS DO EIXO TURÍSTICO ESTACIÓN MARÍTIMA / MONTE DO CASTRO NO MARCO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DE VIGO.

REUNIDOS

Dunha parte, a Concellería de Turismo (en adiante CONCELLERÍA), representada por Dª Ana Mejías Sacaluga, na súa calidade de Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude, Mediante Resolución da Alcaldía de data 25/09/2025, estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe, entre outras, as seguintes facultades: Dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico no marco do Plan de Sustentabilidade turística en Destino de Vigo.

E doutra parte, Dº Cesar Clemente Sánchez Ballesteros, na condición de Presidente da Federación Empresarial de Turismo y Hostalaría de Pontevedra (FEPROTUR).

A Secretaría de Administración Municipal, da fe do acto

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- O Concello de Vigo concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de “Plan de Sustentabilidade Turística de Vigo” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recolle a convocatoria financiada con fondos do Plan de Recuperación Transformación y Resiliencia financiados con Fondos Next Generation_EU.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 250 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Co fin de articular a colaboración necesaria entre o Concello de Vigo e a Axencia de Turismo de Galicia, para o desenvolvemento do PSTD 2022, asinouse en datas 6 e 7 de maio de 2024 o CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU, obxectivo de executar o Plan de sustentabilidade turística en destino (PSTD) do Concello de Vigo, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

No marco das actuacións do “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO”, se atopa no eixo 3 “Transición Dixital”, o desenvolvemento de “Actividades de formación para o impulso da dixitalización de establecementos gastronómicos do eixo turístico Estación marítima / Monte do Castro”.

A execución das actuacións vinculadas o “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO” estarán sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como á normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, a Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupuestos Generales del Estado para o ano 2023, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e á Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

II.- Que a **Federación Empresarial de Turismo y Hostelería de Pontevedra**, en adiante FEPROTUR, se constitúe nunha entidade asociativa, profesional e sen ánimo de lucro, con ámbito provincial, duración limitada e con capacidade xurídica e total autonomía económica administrativa. A federación rexerase polos seus Estatutos, polas Normas de Réxime interno que redactará a Xunta Directiva para a súa aprobación pola Asemblea Xeral, sen que no seu contido se dispoña nada en contra aos estatutos e polos acordos validamente adoptados polos órganos de goberno no marco da Lei orgánica 1/2002 do Dereito de Asociación, artigo 3 f).

FEPROTUR consta na Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC) da Xunta de Galicia, de data 14/10/2011.

Os fins de FEPROTUR son promover o desenvolvemento económico e social do sector da hostalería e o turismo na provincia, fomentar e defender a unidade e integración sectorial, representar e defender os intereses dos seus membros, e os empresarios do sector da



hostalería e do turismo ante calquera clase de organismo público ou privado e cooperar no desenvolvemento das políticas sociais de igualdade de oportunidades, aforro enerxético, coidado do medio ambiente e de promoción de persoas en risco de exclusión por razóns físicas, sociais, económicas ou culturais levando a cabo accións de utilidade pública e educativas en beneficio da sociedade.

FEPROTUR para o cumprimento dos seus fins desenvolverá entre outras as funcións de :

- Organizar cursos formativos, conferencias, coloquios e demais actos análogos; concursos para a promoción da gastronomía provincial; elaboración de publicacións para a mellor información e difusión da problemática turística e, en xeral, todas aquelas actividades que se consideren necesarias o convenientes en beneficio da profesionalización do sector e que contribúan a incrementar o prestixio e dignificación do mesmo.
- Crear os servizos que se estimen necesarios, tanto de carácter permanente como accidental, en aras dunha maior eficacia e cumprimento dos seus fins, promovendo a firma de convenios vantaxosos para os seus asociados.

II.- Que o **Concello de Vigo** de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu termo municipal.

III.- Que o **Concello de Vigo** e FEPROTUR veñen realizando labores conxuntos de promoción , formación e difusión da hostalaría e turismo. FEPROTUR é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e formación, estando presente nas principais actuacións de formación para o emprego da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, Así mesmo, desenvolven actuacións no ámbito das súas competencias de creación orientadas á promoción e mellora da hostalaría de Vigo, á captación de novos mercados e á consolidación dos mercados xa existentes na cidade, impulsando ámbitos estratéxicos como o turismo gastronómico e o turismo estival, co obxectivo último de avanzar na desestacionalización turística ao longo de todo o ano e na fidelización das persoas visitantes.

IV.- Que o **Concello de Vigo** está interesado en desenvolver accións de formación dixital conducentes á dinamización do Turismo gastronómico da cidade no marco do Plan de Sustentabilidade en Destino para entidades locais de Vigo, e cumprindo cos obxectivos do Eixo 3 “Transición dixital” Actividades de formación para o impulso de dixitalización de establecementos gastronómicos do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro.

O Concello de Vigo está a posicionarse como destino turístico, non so a nivel nacional senón tamén no ámbito internacional. Produtos turísticos coma a oferta gastronómica e a atracción



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 252 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

xerada pola gastronomía deben complementarse con outras accións de promoción para completar a oferta turística, así mesmo compre necesario abarcar diferentes tipoloxías de turismo, co fin de conseguir un turismo estable ao longo do ano.

Neste contexto, e en coherencia co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) impulsado polo Consello Europeo no marco do Instrumento Europeo de Recuperación «NextGenerationEU», España aprobou medidas para a execución de proxectos orientados á sustentabilidade e modernización do sector turístico. O Compoñente 14 do PRTR inclúe a liña de investimento para a Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, a través do Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, que promove actuacións de carácter ambiental, socioeconómico e territorial en cooperación entre administracións. Deste xeito, preténdese complementar a oferta gastronómica viguesa con outras accións de promoción e formación, co obxectivo de diversificar a oferta turística e acadar un turismo sostible e estable ao longo de todo o ano.

V.- Que **FEPROTUR** no marco das súas funcións de formación, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que FEPROTUR desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, co fin de levar a cabo as accións de formación dixital conducentes á dinamización do Desenvolvemento das Accións Formativas de Fomento da Dixitalización dos Establecementos Gastronómicos do Eixo Turístico Estación Marítima / Monte do Castro.

VI.- Que o **Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 4320.4800003 “FORMACIÓN PSTD VIGO MRR” asociado ao proxecto 24153931, prevé unha transferencia polo importe de 36.000,00 € (trinta e seis mil euros)

A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio proposto serve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiamento prevista no orzamento do PSTD. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos orzamentos se integren nos Orzamentos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

VII.- Que o **Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de sustentabilidade Turística en Destino para entidades locais (PSTD Vigo) xunto con outro PSTD, co obxectivo de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rendabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior de datas 28.06.24 e 01.07.24 e 25.09.25 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellerías delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 253 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude entre outras, a seguintes facultades: Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración institucional con Administracións Públicas e institucións, así como a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico. Plan de sustentabilidade turística.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e FEPROTUR conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2025 e 2026

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento das accións de formación dixital conducentes á dinamización do Turismo gastronómico da cidade no marco do Plan de Sustentabilidade en Destino para entidades locais de Vigo, e cumprindo cos obxectivos do Eixo 3 “Transición dixital” Actividades de formación para o impulso de dixitalización de establecementos gastronómicos do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro, mediante a aprobación do “convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e FEPROTUR para o desenvolvemento das accións de formación dixital conducentes á dinamización do Turismo de Vigo 2025 e 2026”

As accións formativas descritas neste mesmo convenio, estrutúranse en tres módulos principais, de carácter teórico e práctico, orientados á capacitación dixital do sector gastronómico local e á mellora da competitividade dos establecementos situados no eixo turístico Estación Marítima / Monte do Castro. Estas actuacións pretenden impulsar a transformación dixital, a sustentabilidade e a profesionalización do tecido empresarial turístico e hostaleiro da cidade, en coherencia cos obxectivos do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino de Vigo (PSTD Vigo) e co Compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FEDERACIÓN EMPRESARIAL DE TURISMO Y HOSTALARÍA DE PONTEVEDRA

FEPROTUR, comprométese a colaborar coa CONCELLERÍA, para o desenvolvemento das accións de formación dixital conducentes á dinamización do turismo de Vigo, no ano 2025 e 2026, conforme co programa, traballarase nos seguintes módulos do programa formativo:

FEPROTUR comprométese ao cumprimento das seguintes obrigas:

1. **Execución das accións formativas:** Deseñar, planificar e impartir as accións de formación dixital, co obxectivo de mellorar a competitividade e a dixitalización dos establecementos gastronómicos situados no eixo turístico **Estación Marítima / Monte do Castro**, conforme á seguinte estrutura formativa:
 - o **Bloque 1:** Marketing Dixital e Visibilidade Gastronómica.
 - o **Bloque 2:** Venda Online e Xestión Dixital do Negocio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 254 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- o **Bloque 3:** Mentorización Grupal Online.

No **Anexo I**, descríbense con maior detalle as “**ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PARA O IMPULSO DE DIXITALIZACIÓN DE ESTABLECEMENTOS GASTRONÓMICOS DO EIXO TURÍSTICO ESTACIÓN MARÍTIMA / MONTE DO CASTRO**” que conforman o programa obxecto deste convenio e o ámbito de actuación.

2. **Recursos humanos e técnicos:** Aportar o persoal docente, técnico e administrativo necesario para a correcta execución do programa, así como os medios materiais e tecnolóxicos adecuados para o desenvolvemento das accións formativas presenciais e/ou telemáticas.
3. **Coordinación co Concello de Vigo:** Manter unha comunicación permanente coa Concellería de Turismo, informando periodicamente do grao de execución das actividades, incidencias e resultados obtidos, e facilitando toda a información requirida para o seguimento do convenio.
4. **Difusión e visibilidade:** Garantir a difusión das accións formativas e dos seus resultados, asegurando que en todo o material informativo, gráfico ou audiovisual se faga constar a colaboración co Concello de Vigo e o financiamento no marco do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino de Vigo (PSTD Vigo).
5. **Cumprimento das Obrigas relacionadas coa financiación do PRTR:** O presente proxecto ten concedido o cofinanciamento con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», regulado a través do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos (Convocatoria 2022), que se enmarca na Compoñente 14, que inclúe a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, e que a súa vez comprende o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1).

Polo tanto serán de aplicación aquelas obrigas recollidas no Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e cantas normas de desenvolvemento se aproben.

Así mesmo FEPROTUR está obrigado a cumprir as obrigacións de información e comunicación previstas na Orden HFP/1030/2021, de 29 de setembro, e a obriga de achegar por parte do contratista e dos subcontratistas a información relativa ao titular real



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 255 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do beneficiario final dos fondos na forma prevista no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, así como as obrigas incluídas no Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos (Convocatoria 2022)

En relación as obrigas derivadas do cofinanciamento do convenio por fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, NextGeneraionEU.

- (a) Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- (b) Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.
- (c) Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.
- (d) Obriga de achegar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- (e) Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- (f) Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.
- (g) Estará suxeito ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.
- (h) Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- (i) Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do convenio, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.
- (j) Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 256 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- (k) Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- (l) Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- (m) Respetar os principios de economía circular e de evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das obras, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como o resto da normativa en materia medioambiental europea e nacional. A estes efectos poderá seguir a Guía Técnica de aplicación do principio de “non causar danos significativos” en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01).
- (n) Cumprimento das obrigas específicas establecidas no marco do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística (Convocatoria 2022).

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA

O **Concello de Vigo**, a través da Concellería de Turismo, comprométese ao cumprimento das seguintes obrigas:

1. **Financiamento:**
Aportar a cantidade de **36.000,00 € (trinta e seis mil euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4800003 “FORMACIÓN PSTD VIGO MRR” do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico, asociado ao proxecto 24153931.
2. **Supervisión e seguimento:** Realizar as funcións de **seguimento, control e avaliación** do desenvolvemento das accións formativas, velando polo cumprimento dos obxectivos establecidos e pola correcta execución técnica e económica do programa en relación á condición de ser un convenio financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea NextGeneration EU.
3. **Aprobación e coordinación:** Aprobar, en coordinación con FEPROTUR, o calendario, contidos e metodoloxía das accións formativas, así como o plan de comunicación e difusión das mesmas, garantindo a coherencia co Plan de Sustentabilidade Turística en Destino de Vigo (PSTD Vigo) e co Compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS ACHEGAS.

Esta transferencia de financiamento non será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou outros ingresos conforme o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 257 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

artigo 30 dos Estatutos. No caso de que o custo total da actividade resultase ser menor que o previsto para a execución do proxecto contemplado para a concesión da actividade ou se reducisen na execución da actividade as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma ou se obtiveran outros ingresos, procederá á redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

QUINTA.- PAGAMENTO DA APORTACIÓN DO CONCELLO

A achega económica recollida no presente convenio realizarase en **dous pagamentos**:

- O **50 %** (18.000,00€) efectuarase á **sinatura do convenio**.
- O **50 %** (18.000,00€) aboarase á presentación a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo das memoria técnica e económica, así como toda a documentación acreditativa do cumprimento das obrigas derivadas dos condicionantes vinculadas a Financiación desta actuación no marco do PRTR Next Generation EU

Con carácter previo ao aboamento de calquera dos pagos, FEPROTUR deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES37 2080 0521 4830 4001 4635 da Entidade Bancaria ABANCA, conta de titularidade de FEPROTUR con cargo a con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4800003 "FORMACIÓN PSTD VIGO MRR" do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico, asociado ao proxecto 24153931, por importe de 36.000,00€ (trinta e seis mil euros).

SÉXTA.- PUBLICIDADE.

FEPROTUR debe dar a adecuada publicidade e garantir a difusión das accións formativas e dos seus resultados, asegurando que en todo o material informativo, gráfico ou audiovisual se faga constar a colaboración co Concello de Vigo e o financiamento no marco do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino de Vigo (PSTD Vigo).

A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos de obrigatoria publicación do PSTD, os do Concello de Vigo e os de FEPROTUR. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa da CONCELLERÍA.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN.

FEPROTUR deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se desenvolveu o convenio. A tal efecto deberá presentar:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 258 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

a.- Informe de partida: Dentro dos primeiros trinta (30) días naturais desde o inicio do convenio, cunha análise do número de establecementos participantes, o seu nivel de dixitalización, a organización en grupos de traballo, os obxectivos previstos e o cronograma das accións.

O Informe de partida: Deberá ser entregado antes da realización das accións formativas, una análise diagnóstica que contemple:

-Análise inicial: Avaliación do número total de establecementos participantes nas accións formativas, indicando a súa situación de partida en materia de dixitalización, nivel de uso das tecnoloxías e necesidades detectadas.

-Estruturação e planificación: Descrición da organización dos establecementos en grupos de traballo ou modalidades de participación, especificando os criterios de agrupamento e os perfís profesionais implicados.

-Obxectivos previstos: Definición dos obxectivos xerais e específicos a acadar co desenvolvemento das accións formativas, así como os indicadores de referencia que permitan avaliar o seu grao de cumprimento.

Cronograma: Presentación detallada do calendario previsto de actividades, indicando as datas estimadas de inicio e fin de cada acción, a súa duración, e a distribución temporal dos módulos ou sesións formativas.

b.- Memoria técnica: Unha vez finalizadas as accións formativas, e dentro do prazo de vixencia do convenio (con anterioridade ao 30 de abril de 2026), con descrición das actividades realizadas, resultados acadados, participación e valoración do cumprimento de obxectivos. Deberá ser **xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio** e incluír, polo menos:

Descrición detallada das accións executadas, indicando contidos, módulos, metodoloxía aplicada, número de sesións e duración de cada unha.

Obxectivos acadados, incluíndo indicadores de éxito cualitativos e cuantitativos (por exemplo, número de participantes, horas de formación, grao de satisfacción, competencias adquiridas, mellora na dixitalización dos establecementos), así como o cumprimento de todos os condicionantes da financiación no marco do PRTR Next Generation EU.

Participación: listaxe de persoas participantes, diferenciadas por establecementos, perfil profesional e modalidade de participación (presencial ou virtual).

-Incidencias ou desviacións respecto ao plan previsto e medidas correctoras adoptadas.

-Conclusións e aprendizaxes, incluíndo propostas de mellora para futuras edicións do programa.



c.- Memoria económica: Unha vez finalizadas as accións formativas, e dentro do prazo de vixencia do convenio (con anterioridade ao 30 de abril de 2026), presentará a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo a memoria económica deberá conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias compulsadas das facturas.

FEPROTUR deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación.

FEPROTUR deberá achegar as xustificacións **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, conforme establece o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común. Para elo, poderá acceder a través de calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica

SÉTIMA.- SEGUIMIENTO, VIXILANCIA E CONTROL DE EXECUCIÓN DO CONVENIO

Para o adecuado seguimento, coordinación e avaliación das actuacións previstas neste convenio, crearase unha Comisión Mixta de Seguimento e Control, de carácter paritario, integrada por representantes do Concello de Vigo e de FEPROTUR.

1. Constitución e finalidade

A Comisión Mixta terá como finalidade velar pola correcta execución técnica, económica e administrativa das accións formativas recollidas no presente convenio, así como resolver as dúbidas interpretativas, incidencias ou modificacións non substanciais que poidan xurdir durante a súa vixencia. Ademais, corresponderalle avaliar periodicamente o desenvolvemento do convenio e impulsar accións específicas de colaboración entre ambas entidades co fin de acadar os obxectivos previstos.

2. Composición

A Comisión estará integrada:

Por parte do Concello de Vigo:

- A persoa titular da Concellería de Turismo, ou persoa en quen delegue.
- A xefatura do Servizo de Turismo da Concellería de Turismo.

Por parte de FEPROTUR:

- A Xerente da Federación Empresarial de Turismo y Hostelería de Pontevedra, ou persoa en quen delegue.
- Unha persoa representante técnica designada pola Federación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 260 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

A Comisión poderá convidar, con voz pero sen voto, a persoal técnico ou experto externo cando a natureza das cuestións a tratar o faga conveniente, especialmente para o asesoramento en materias específicas vinculadas á execución do programa formativo.

3. Funcións

Corresponderalle á Comisión Mixta o exercicio das seguintes funcións:

- Supervisar o cumprimento das obrigas asumidas por cada parte.
- Avaliar o grao de execución, eficacia e impacto das accións formativas desenvolvidas.
- Aprobar, se procede, axustes menores no calendario, metodoloxía ou contido das accións, sempre que non alteren o obxecto nin o importe económico do convenio.
- Analizar e resolver as incidencias que poidan xurdir durante a execución do programa.
- Validar a memoria técnica e económica presentada por FEPROTUR, emitindo a correspondente acta de conformidade que acredite a correcta execución das actuacións.

4. Réxime de funcionamento

A Comisión Mixta de Seguimento reunirse como mínimo dúas veces durante a vixencia do convenio e en todo caso:

- Unha vez ao inicio do programa, para aprobar o plan de traballo.
- Outra ao remate das accións, para avaliar resultados e aprobar a memoria técnica e económica.

Adicionalmente, a Comisión poderá reunirse cando calquera das partes o solicite, en función das necesidades de seguimento do convenio.

As reunións poderán celebrarse de forma presencial ou telemática, e levantarase acta de cada sesión. As decisións adoptaranse por maioría simple dos membros presentes, garantindo a igualdade de representación entre ambas as entidades.

OITAVA.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobada pola CONCELLERÍA, a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade.

A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar de acordo cos requisitos sanitarios no momento da celebración da actividade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 261 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

NOVENA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia ata o 30 de abril de 2026 e non será prorrogable.

DECÍMA.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

O ámbito de actuación e o alcance da acción formativa está definido no Anexo I do convenio

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN

O presente convenio poderá ser modificado mediante acordo expreso das entidades asinantes.

DÉCIMO SEGUNDA.- CONTROVERSIAS.

A concelleira-delegada da área de Turismo queda facultada para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións no programa de actividades, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

DÉCIMO QUINTA.- CONFIDENCIALIDADE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 262 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Ambas partes comprométense a cumprir e facer cumprir o deber de segredo profesional e de confidencialidade, que abranguerá calquera información ou dato que se puidese coñecer con ocasión desta colaboración.

Os datos dos informes ou documentos, así como os resultados finais das mesas de traballo da candidatura ou calquera información derivada do proxecto terán carácter confidencial.

Cada unha das partes que pretenda utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, congreso, etc., deberá solicitar a conformidade da outra parte por escrito. Calquera que sexa o modo de difusión, respectarase sempre a mención dos autores ou autoras do traballo en cuestión e farase expresa mención ao presente convenio, figurando as dúas institucións asinantes do presente convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

DÉCIMO SEXTA. - JURISDICCIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

ANEXO I

ACTUACIÓN E ÁMBITO DE ACTUACIÓN NO MARCO DE CONVENCIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN EMPRESARIAL DE TURISMO Y HOSTELERIA DE PONTEVEDRA:

“ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PARA O IMPULSO DE DIXITALIZACIÓN DE ESTABLECEMENTOS GASTRONÓMICOS DO EIXO TURÍSTICO ESTACIÓN MARÍTIMA / MONTE DO CASTRO”.

ÍNDICE

- **Contexto e xustificación**
 - 1.1. Introducción e propósito do programa
 - 1.2. Beneficios para a cidade e os negocios



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 263 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- **Filosofía do programa**
 - 2.1. Enfoque estratéxico e diferencial
 - 2.2. Principios metodolóxicos
- **Obxectivos**
 - 3.1. Obxectivo xeral
 - 3.2. Obxectivos específicos
- **Estrutura por fases**
 - 4.1. Fase 1 – Diagnose inicial: “Ruta de Dixitalización”
 - 4.1.1. Diseño e metodoloxía do diagnóstico
 - 4.1.2. Resultados esperados
 - 4.2. Fase 2 – Formación e mentoría aplicada
 - 4.2.1. Diseño das xornadas formativas
 - 4.2.2. Bloque 1 – Marketing Dixital e Visibilidade Gastronómica
 - 4.2.3. Bloque 2 – Venda Online e Xestión Dixital do Negocio
 - 4.2.4. Bloque 3 – Mentorización individual e Plan de Transformación Dixital
 - 4.2.5. Resultados esperados da Fase 2
 - 4.3. Fase 3 – Avaliación e seguimento
 - 4.3.1. Diagnóstico final
 - 4.3.2. Informe de impacto
 - 4.3.3. Indicadores de avaliación
 - 4.3.4. Seguimento e continuidade
- **Metodoloxía**
 - 5.1. Diagnose antes de formar: escoitar antes de ensinar
 - 5.2. Aprendizaxe experiencial: contidos prácticos aplicados ao negocio real
 - 5.3. Mentoría grupal: apoio técnico e humano
 - 5.4. Avaliación continua: progreso medible e visible
 - 5.5. Flexibilidade operativa: bloques definidos e adaptados á realidade do sector
- **Alcance territorial e público destinatario**
 - 6.1. Ámbito xeográfico
 - 6.2. Tipoloxía de participantes
 - 6.3. Carácter piloto e posibilidade de escalado
- **Indicadores de avaliación**
 - 7.1. Número de establecementos participantes
 - 7.2. Porcentaxe de mellora no nivel de dixitalización
 - 7.3. Número de ferramentas dixitais implementadas
 - 7.4. Incremento de visibilidade online
 - 7.5. Nivel de satisfacción dos participantes
 - 7.6. Indicadores complementarios de impacto global
- **Principio de calidade**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 264 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- **Conclusión**

1. CONTEXTO E JUSTIFICACIÓN

O sector gastronómico de Vigo forma parte esencial da identidade e atractivo turístico da cidade. A súa riqueza, diversidade e carácter local son un motor económico e cultural que, sen embargo, necesita adaptarse a un entorno cada vez máis dixitalizado.

Este programa é unha actuación concreta dentro do **Plan de Sostenibilidade Turística (Eixo de Transición Dixital)** para **acompañar aos negocios gastronómicos do eixo Estación Marítima-Monte do Castro** no seu proceso de transformación dixital.

O obxectivo é dobre:

- **Para a cidade:** aumentar a **visibilidade e competitividade** do destino a través dun tecido gastronómico máis profesional e conectado.
- **Para os negocios:** ofrecer ferramentas reais que melloren a súa xestión, comunicación e vendas, fortalecendo a súa presenza online e atraendo novo público.

2. FILOSOFÍA DO PROGRAMA

Este proxecto se enfoca en ensinar aos negocios participantes a **xestionar, comunicar e vender mellor** na era dixital.

Busca que cada establecemento **mellore o que xa sabe facer** utilizando a tecnoloxía de forma sinxela e rentable.

Los pilares del programa son:

- **Aprendizaxe aplicado:** talleres prácticos, directos, enfocados en resultados.



- **Cercanía acompañamento:** formación presencial e mentoring individual.
- **Escoita e personalización:** cada negocio avanza ao seu ritmo e segundo a súa realidade.
- **Impacto medible:** os resultados deben verse reflectidos na mellora dixital do tecido gastronómico local.

3. OBXECTIVOS

Obxectivo xeral

Impulsar a dixitalización real e medible do sector gastronómico da zona centro e Monte do Castro, mellorando a xestión, a comunicación e a visibilidade dos negocios, e consolidando a Vigo como referente en innovación gastronómica aplicada ao sector.

Obxectivos específicos

- Diagnosticar o nivel actual de dixitalización do sector gastronómico local.
- Diseñar unha formación práctica adaptada ás necesidades detectadas.
- Favorecer a implantación real de ferramentas dixitais (reservas, TPV, redes, reputación online, fidelización, xestión de redes sociais etc.).
- Acompañar aos negocios na creación do seu Plan de Transformación Dixital personalizado para a posta en marcha dunha estratexia dixital integral.
- Medir os resultados e identificar oportunidades de mellora continua.

4. ESTRUCTURA POR FASES

- FASE 1 – Diagnose inicial: “Ruta de Dixitalización”
- FASE 2 – Formación e mentoría aplicada
- FASE 3 – Avaliación e seguimento
80 horas

FASE 1 – Diagnose inicial: “Ruta de Dixitalización”

- Diseño dun formulario técnico de diagnose, centrado en xestión, comunicación e procesos dixitais.
- Traballo de campo no Casco Vello e zona centro, realizado polo persoal especializado.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 266 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

- Clasificación dos negocios por nivel de dixitalización (básico, intermedio ou avanzado).
- Identificación de intereses e necesidades formativas reais.
- Creación dunha liña base cuantificable do grado de dixitalización do sector.

A diagnose non se limita a unha autodiagnose online: é un traballo de campo real, con visitas presenciais e escoita activa aos empresarios.

FASE 2 – Formación e mentoría aplicada .

A segunda fase do programa está composta por xornadas formativas teórico-prácticas e un proceso posterior de mentorización individualizada.

Todas as accións se desenvolverán en formato 100 % presencial, cun enfoque de aprendizaxe práctico ("learning by doing") que favorece a implicación, a asistencia e a aplicación directa do aprendido no negocio.

1 - Deseño das xornadas formativas

As sesións se deseñarán a partir das necesidades reais detectadas na Fase 1 (Diagnose inicial).

Deste modo, os contidos e exemplos estarán totalmente adaptados ao nivel, tipoloxía e obxectivos dos establecementos participantes.

Cada xornada terá unha duración de 8 horas, combinando explicacións teóricas con exercicios guiados, dinámicas de grupo e traballo práctico sobre casos reais dos propios negocios.

Os grupos estarán formados por un máximo de 12 participantes, o que permitirá:

- Garantir a calidade do aprendizaxe.
- Ofrecer atención personalizada e resolución directa de dúbidas.
- Acompañar a cada negocio na implementación de ferramentas concretas (Google Business, reservas dixitais, xestión de recensións, etc.).
- Favorecer a aplicación inmediata no seu entorno laboral, mellorando así a visibilidade dixital e a eficiencia interna.



2 - Contidos das xornadas formativas.

Estruturados en 3 bloques:

- Bloque 1 – Marketing Dixital e Visibilidade Gastronómica (36 h por participante)
- Bloque 2 – Venda Online e Xestión Dixital do Negocio (36 h por participante)
- Bloque 3 - Mentorización grupal online (8 h por participante)

Bloque 1 – Marketing Dixital e Visibilidade Gastronómica (36 h)

O obxectivo de este bloque é fortalecer a presenza dixital dos establecementos e mellorar a maneira en que comunican a súa proposta gastronómica.

Contidos principais:

- Identidade e marca gastronómica: creación dunha narrativa coherente e diferenciada.
- Storytelling local e estratexias de posicionamento en buscadores e redes.
- Comunicación e creación de contido atractivo.
- Gestión profesional de perfiles en Google, Instagram e TripAdvisor.
- Reputación dixital: xestión de recensións e atención ao cliente online.
- Estratexias de fidelización dixital e uso de email marketing sinxelo.

Cada participante aplicará os contidos ao seu propio negocio, creando materiais, mensaxes e rutinas dixitais adaptadas a súa realidade.

- 4 Talleres teórico prácticos presenciais de 8 horas cada un.
- 1 Taller práctico para aplicar o aprendido online presencial de 6 horas.

Bloque 2 – Venda Online e Xestión Dixital do Negocio (36 h)

Este bloque aborda as ferramentas que permiten optimizar a xestión interna, automatizar procesos e ampliar canles de venda.

Contidos principais:

- Plataformas de reservas, comandas dixitais e pedidos online.
- Integración de TPV, menús QR e catálogos dixitais.
- Ferramentas para control de stock, pedidos e quendas del persoal.
- Dixitalización administrativa: facturación, cobros, xestión de datos e rexistros.
- Automatización de tarefas cotiás para gañar tempo e eficiencia.
- Análise de resultados e toma de decisións baseada en datos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 268 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Durante as xornadas, os negocios traballarán directamente con estas ferramentas, configurando os seus propios sistemas e fluxos de traballo.

- 4 Talleres teórico prácticos presenciais de 8 horas cada un.
- 1 Taller práctico para aplicar o aprendido online presencial de 6 horas.

Bloque 3 - Mentoring grupal e Plan de Transformación Dixital (8 h por participante)

Tras a formación presencial, os negocios que completen todas as xornadas poderán acceder a un proceso de mentoring grupal online, deseñado para acompañar a implementación práctica dos contidos e reforzar o proceso de transformación dixital iniciado na formación.

O mentoring se desenvolverán exclusivamente en formato online, a través de video chamadas en directo, que serán gravadas e compartidas cos integrantes do grupo para a súa posterior visualización.

As sesións serán de 2 horas cada unha e a cantidade de sesións será en función dos negocios que cumpran os criterios de selección, é dicir que completaran a formación presencial e que enchen o formulario que se les enviará previo á sesión.

Estrutura e metodoloxía

- Se conformarán grupos reducidos de máximo 12 participantes, có obxectivo de garantir a participación activa, a resolución personalizada de dúbidas e un acompañamento próximo.
- Os temas da sesión se definirán en base a un formulario previo que se enviará aos negocios, onde cada participante indicará en que áreas necesita apoio ou desexa profundar (por exemplo: xestión de recesións, reservas online, comunicación en redes, automatización de procesos, etc.).
- O contido das sesións se centrará en **resolver casos reais**, ofrecer orientación directa e compartir boas prácticas entre os participantes.
- Durante as sesións, se fomentará o intercambio de experiencias e se propoñerán accións concretas para aplicar nos negocios entre unha sesión e outra.

Módulo	Bloque formativo/práctico	Duración	Modalidade
--------	---------------------------	----------	------------



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 269 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Teórico: Marketing Dixital	Introdución a Dixitalización Gastronómica	7h	teórico	Híbrido
	Marketing Dixital Aplicado a Gastronomía	28h	teórico	Híbrido
Teórico: Venda en Internet e E-Commerce	Venda en Internet e en E-Commerce Gastronómico	25h	teórico	Híbrido
	Ferramentas dixitais para a xestión do negocio	12h	teórico	Híbrido
Práctico: Estratexia dixital integral	Taller e Mentoring Dixital Personalizado	4h	práctico	Presencial/híbrido
	Presentación dos resultados	4h	práctico	Presencial/híbrido
		80h		

Fase	Actividades principais	Fecha estimada	Modalidade
Fundamentos Da Dixitalización e diagnóstico	FASE 1	DECEMBRO	PRESENCIAL
Marketing dixital aplicado	FASE 1/ FASE 2	XANEIRO	PRESENCIAL
E-Commerce e venda online	FASE 2	XANEIRO/ FEBREIRO	PRESENCIAL/ HÍBRIDO
Ferramentas de xestión dixital	FASE 2/ FASE 3	FEBREIRO/MARZO	PRESENCIAL/ HÍBRIDO
Estratexia dixital personalizada e resultados	FASE 2/ FASE 3	FEBREIRO/ MARZO	PRESENCIAL/ HÍBRIDO
	PRESENTACIÓN DE RESULTADOS	MARZO	PRESENCIAL

Plan de Transformación Dixital

Como resultado do mentoring, se elaborará un **Plan de Transformación Digital** individual para cada negocio que cumpra os seguintes requisitos:

1. Completar todas as sesións presenciais de formación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 270 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

2. Participar no proceso de mentoring grupal.
3. Completar un formulario coa información necesaria sobre o seu negocio, o seu punto de partida e os seus obxectivos dixitais.

O plan incluírá:

- Dafo resumido do nivel de dixitalización actual.
- Accións prioritarias a curto e medio prazo.
- Ferramentas e formacións recomendadas.

Resultados esperados

- Aplicación práctica e medible das ferramentas e estratexias aprendidas.
- Maior claridade na folla de ruta dixital de cada negocio.
- Creación dunha comunidade local de aprendizaxe entre establecementos.
- Documentación trazable e verificable do impacto do programa.

FASE 3 - Avaliación e seguimento

A terceira fase do programa ten como finalidade medir o impacto real das accións formativas e de mentorización, garantindo que os resultados obtidos sexan cuantificables, comparables e útiles para futuras actuacións.

Esta fase non se limita a unha valoración teórica, sino que se basea nun seguimento técnico e personalizado dos establecementos participantes, combinando datos obxectivos con información cualitativa sobre a experiencia e os cambios implementados.

1. Diagnose Final

Ao finalizar a formación e as mentorías, se realizará unha segunda medición do nivel de dixitalización. O obxectivo é comparar os resultados e determinar o grado de evolución alcanzado por cada negocio.

A diagnose de peche permitirá identificar:

- Ferramentas dixitais incorporadas ou melloradas durante o programa.
- Cambios na xestión interna, comunicación e atención ao cliente.
- Incremento da autonomía dixital e redución de brechas tecnolóxicas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 271 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Nivel de aplicación práctica dos coñecementos adquiridos.

Esta información se recompilará mediante entrevistas, observación directa e revisión de indicadores dixitais (presencia online, recensións, visibilidade, etc.).

2. Elaboración do Informe final para avaliar o impacto

Cos resultados da diagnose comparativo se elaborará un Informe de Impacto Final, que servirá como documento de referencia para o Concello e para os propios participantes.

O informe recollerá os seguintes elementos:

- **Resume cuantitativo:** evolución porcentual do nivel de dixitalización global do conxunto de negocios.
- **Análise cualitativo:** descrición dos avances máis significativos observados en xestión, comunicación e vendas.
- **Casos prácticos destacados:** exemplos de boas prácticas e transformacións relevantes durante o programa.
- **Recomendacións técnicas:** propostas de mellora ou liñas de traballo futuras que consoliden os resultados.

O obxectivo deste informe é dispoñer dunha fotografía clara e actualizada do estado dixital do sector gastronómico local e do impacto do programa sobre a súa competitividade.

3. Indicadores de avaliación

Para garantir a obxectividade do proceso, se empregarán indicadores medibles e verificables, tanto cuantitativos coma cualitativos.

Os principais indicadores serán:

- **Porcentaxe de mellora en dixitalización**, medido a través da comparativa inicial e final.
- **Número de ferramentas dixitais implementadas** (plataformas, sistemas, automatizacións).
- **Incremento da visibilidade online** (recensións, posicionamento, procuras ou interaccións en redes).
- **Nivel de satisfacción dos participantes**, recollido mediante enquisas anónimas e entrevistas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 272 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- **Grado de aplicación práctica dos contidos formativos**, determinado pola evidencia de uso real das ferramentas e metodoloxías aprendidas.
- **Número de establecementos participantes nas accións formativas.**

Estes indicadores permitirán valorar non so o resultado inmediato do proxecto, se non tamén a súa capacidade para xerar un cambio sostible e medible no tempo.

5. METODOLOXÍA

O proxecto se fundamenta nunha metodoloxía activa, flexible e orientada a resultados, deseñada para xerar un aprendizaxe útil, medible e aplicable de inmediato na entorna real de cada negocio.

A diferenza dos programas formativos convencionais, esta metodoloxía non se centra unicamente na transmisión de contidos, se non en facilitar un proceso de transformación real, onde os participantes adquiren competencias, implementan solucións e observan melloras concretas na xestión dos seus negocios.

1 - Diagnose antes de formar: escoitar antes de ensinar

Antes de deseñar ou impartir calquera contido, se parte dunha diagnose técnica previa que permite coñecer de forma directa a situación de cada establecemento, o seu nivel de madurez dixital e as súas necesidades concretas.

Isto garante que a formación non sexa xenérica nin teórica, se non personalizada e adaptada á realidade do sector.

O proceso de diagnose permite:

- Detectar fortalezas e áreas de mellora.
- Identificar que ferramentas e coñecementos son prioritarios para cada perfil.
- Establecer un punto de partida que servirá para medir o progreso posterior.

Este enfoque “de abaixo cara a arriba” asegura que o contido sexa relevante, motivador e aliñado coas verdadeiras demandas dos negocios participantes.



2 - Aprendizaxe experiencial: contidos prácticos aplicados ao negocio real

O modelo pedagóxico se basea no principio de “aprender facendo” (*learning by doing*).

Cada sesión combina unha parte teórica mínima cunha parte práctica aplicada, na que os participantes traballan sobre o seu propio negocio, aplicando os conceptos en tempo real.

Ao longo das xornadas formativas, os asistentes:

- Implementan ferramentas dixitais durante as sesións.
- Deseñan materiais e estratexias adaptadas ao seu establecemento.
- Comparten experiencias e boas prácticas con outros participantes.

Desta maneira, a formación deixa de ser un proceso abstracto para converterse nun espazo de acción directa e transformación progresiva, no que cada participante avanza con resultados visibles desde as primeiras sesións.

3 - Mentoría individual: apoio técnico e humano adaptado ao nivel de cada participante

A fase de mentorización complementa a formación grupal mediante un acompañamento personalizado, tanto técnico como estratéxico.

Cada negocio conta coa orientación dun profesional que lle guía na implantación do seu Plan de Transformación Dixital, resolvendo dúbidas específicas e axudando a adaptar as ferramentas ao seu contexto particular.

Este acompañamento asegura que a dixitalización non quede na teoría, se non que se consolide con accións concretas e sostibles:

- Elección de ferramentas e plataformas adecuadas.
- Adaptación de procesos internos.
- Priorización de accións segundo recursos e capacidade do negocio.

A mentorización tamén ten unha dimensión humana: o acompañamento próximo fomenta a confianza, o compromiso e a motivación, factores clave para a permanencia do cambio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 274 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



5 - Flexibilidade operativa: bloques definidos e adaptados á realidade do sector

O programa se estrutura en bloques modulares que proporcionan un marco organizado, pero con flexibilidade suficiente para adaptarse á dispoñibilidade, necesidades e ritmo dos participantes.

Esta flexibilidade é esencial nun sector coma o gastronómico, onde os horarios e a estacionalidade poden condicionar a asistencia e a implicación.

Por elo, se prioriza un calendario áxil, con contidos que poden axustarse sen perder coherencia nin calidade.

A flexibilidade tamén se aplica á metodoloxía docente:

- Os formadores adaptan a profundidade técnica segundo o nivel do grupo.
- Se axustan dinámicas e materiais en función do progreso observado.
- Se mantén a capacidade de incorporar novos temas ou ferramentas segundo a evolución do sector ou do contexto dixital.

Deste modo, o programa se mantén vivo, realista e operativo, garantindo a máxima participación e a consecución de resultados tanxibles.

OS CONTIDOS E MATERIALES DA FORMACIÓN ESTARÁN DISPOÑIBLES NA PLATAFORMA VIRTUAL DE FEPROTUR, ONDE CADA ALUMNO TERÁ ACCESO A TODA A INFORMACIÓN DESTAS ACCIÓNS.

6. ALCANCE TERRITORIAL E PÚBLICO DESTINATARIO


- **Ámbito:** eixo Estación Marítima – Monte do Castro (Casco Vello e centro).
- **Participantes:**
 - o Hostalaría: bares, restaurantes, gastrobares, cafeterías e aloxamentos.
 - o Comercio gastronómico: tendas gourmet, adegas e comercios de alimentación artesanal.

➤ DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN

- Descrición da área de traballo , de suroeste a noroeste:



- MAPA XERAL DO AMBITO DE ACTUACIÓN:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 276 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Para garantir a obxectividade, transparencia e trazabilidade dos resultados, o programa contará cun sistema de indicadores (KPIs) que permitirá avaliar tanto o impacto cuantitativo (resultados medibles) como cualitativo (nivel de satisfacción e percepción de mellora).

Os indicadores estarán aliñados cos obxectivos xerais e específicos do proxecto e se medirán en dous momentos clave:

1. N° de establecementos participantes.
2. % de mellora en nivel de dixitalización.
3. N° de ferramentas dixitais implementadas.
4. Incremento de visibilidade online (recensións, procuras, interaccións).
5. Nivel de satisfacción dos participantes.

8. PRINCIPIO DE CALIDADE

O programa prioriza a calidade, a personalización e a sostibilidade fronte ao volume.

Cada acción está pensada para deixar resultados tanxibles e replicables, contribuíndo á mellora real do tecido empresarial e á imaxe de Vigo coma cidade que evoluciona con intelixencia e propósito.

Este programa representa una aposta pola transformación real do sector gastronómico local.

Une a institucións e empresarios baixo un mesmo obxectivo: **facen que Vigo avance a través da profesionalización, da dixitalización e a colaboración.**

24(968).- NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS, NA CATEGORÍA DE POLICÍA LOCAL-C1, CON CARGO A PRAZAS DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) 2024. EXPTE. 47942/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 16/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/12/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 277 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

I.- En data 30 de maio de 2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

II.- Con data 13/12/2024, a Xunta de Goberno Local, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2024 -exped. 43395-22- (publicacións oficiais no BOPPO núm. 246 de data 19/12/2024, e DOG núm. 34 de 19/02/2025).

III.- Con data 02 de xullo de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 125) a orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte do 26 de xuño, pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía.

IV.- Con data de 04/12/2025, a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), remitiu ao Concello de Vigo “Comunicación adxudicación prazas do proceso selectivo por oposición libre para o acceso nos corpos de policía local, escala básica, categoría policía.” Na referida comunicación, consta que:

Primeiro: “Con data 30 de novembro de 2025 o Tribunal designado para cualificar o proceso selectivo antes citado, de acordo co establecido na base 9.1 da dita convocatoria, remitiu á Academia Galega de Seguridade Pública (en adiante, Agasp) a relación de persoas aprobadas no proceso de acceso por oposición libre na categoría de policía e unha listaxe de reserva na que figuran aquelas persoas que, aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

De acordo co establecido na base novena (9º) da convocatoria, con data 01.12.2025 o director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública convocou ás persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre que figuran no anexo da dita resolución ao acto de elección de praza. O dito acto tivo lugar o 3 de decembro de 2025 ás 10.00 horas no salón de actos da Agasp.

Como resultado deste acto, a proposta das persoas designadas para ocupar as prazas vacantes do proceso de acceso por oposición libre no seu concello é a seguinte:

DNI	NOME E APELIDOS
4574*	B. SANTOS FERNÁNDEZ
4821*	S. FERNÁNDEZ SANTAMARÍA
0130*	G. BOUZÓN EXTREMADOURO
1795*	S. CASAS ÁLVAREZ
1286	A. M. ^a SOTO PRADO
5813*	D.E. LAGO ALVARADO
3080*	N. CASTRO LÓPEZ
3091*	F. LÓPEZ MÉNDEZ





Concello de Vigo

Segundo: Que segundo os datos dos que dispón a Agasp persoas designadas para ese concello compren os requisitos para o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica do Corpo de Policía Local dese concello, segundo a normativa aplicable co convenio asinado no seu día.
“(…)”.

Segundo establece o punto 9.3 da dita convocatoria, poden ser nomeados persoal funcionario en prácticas na categoría de policía no corpo da Policía Local dese concello, mediante resolución da Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia que corresponda (...)”.

V.- Sen prexuízo de que, segundo o disposto na comunicación remitida en data 04/12/2025 pola AGASP, as persoas que aprobaron o proceso selectivo e foron designadas para este Concello, cumpren os requisitos para o seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas na categoría de Policía, escala básica do Corpo da Policía Local, unha vez nomeadas, poderáselle requirir por parte da Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo aquela documentación que se estime necesaria para a súa efectiva toma de posesión e antes de que teña lugar o citado trámite.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*



Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos términos que estableza unha lei orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, promulgouse a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia. Así mesmo é de aplicación o Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro que desenvolve dita Lei de coordinación.

Neste senso, o artigo 36 da citada Lei de coordinación, referido ao persoal nomeado en prácticas, establece que:

"1. Durante el curso de formación y el periodo de prácticas, los aspirantes que no procedan de otros cuerpos de seguridad de la Comunidad Autónoma tendrán la consideración de funcionarios en prácticas. Durante este periodo los aspirantes percibirán las retribuciones





que les correspondan de acordo con la legislación vigente. El nombramiento como funcionario de carrera se efectuará únicamente tras la superación del curso y el período de prácticas, de acuerdo con lo que se establezca en la correspondiente convocatoria.

2. Con independencia de la prueba de reconocimiento médico que pueda establecer dicha convocatoria, en cualquier momento anterior a ser nombrados funcionarios de carrera los aspirantes podrán ser sometidos a las pruebas médicas que sean precisas para comprobar su idoneidad, de acuerdo con el cuadro de exclusiones médicas que se determinará reglamentariamente. Si de las pruebas practicadas se deduce la existencia de alguna de ellas, el órgano responsable podrá proponer la exclusión de la persona aspirante del proceso selectivo. En dicho caso, corresponde al órgano competente para efectuar el nombramiento adoptar la resolución que proceda, sin que en ningún caso se tenga derecho a indemnización.

3. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, si la causa de exclusión a que se hace referencia en el apartado anterior sobrevino como consecuencia de lesiones sufridas en el ejercicio de sus cometidos como funcionario en prácticas, el órgano responsable propondrá su nombramiento como funcionario de carrera al órgano competente. En tal caso, debe asignarse a dicho funcionario un puesto de trabajo adecuado a sus capacidades.”

A base 9.3 da Orde de data 31 de maio de 2024 publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 114) pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía dispón que:

“Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

As persoas así nomeadas permanecerán na dita situación dende o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Agasp en que se indicará a data de inicio ...”

O apartado 9.4. relativo ao curso selectivo de formación: “As persoas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril e nos artigos 51 a 55 del Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro.

O curso terá unha duración de 1.400 horas lectivas, 900 horas de formación teórico-práctica na Agasp en réxime de internado e 500 horas de prácticas nos respectivos concellos de procedencia.

Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente persoal funcionario de carreira na categoría de policía.



No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso....”

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

III.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario en prácticas do Concello de Vigo, na categoría de Policía, escala básica do Corpo da Policía Local (subgrupo C1), aos aspirantes contidos na comunicación remitida pola AGASP en data 04/12/2025, que superaron o proceso selectivo por oposición libre, con cargo a prazas da Oferta de emprego público 2024, para acceso a este Corpo, resultando os seguintes:

DNI	NOME E APELIDOS
4574*	B. SANTOS FERNÁNDEZ
4821*	S. FERNÁNDEZ SANTAMARÍA
0130*	G. BOUZÓN EXTREMADOURO
1795*	S. CASAS ÁLVAREZ





Concello de Vigo

1286	A. M. ^a SOTO PRADO
5813*	D.E. LAGO ALVARADO
3080*	N. CASTRO LÓPEZ
3091*	F. LÓPEZ MÉNDEZ

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na AGASP, como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conforme ao establecido no apartado 9.4 das bases publicadas no Diario Oficial de Galicia de data 02/07/2025 (DOG núm. 125, Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte do 26 de xuño 2025).

TERCEIRO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Xefatura da Policía Local, á Intervención Xeral Municipal, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación aos efectos oportunos.

CUARTO.- Sen prexuízo de que conforme ao disposto na comunicación remitida en data 04/12/2025 pola AGASP, as persoas designadas para este concello cumpren os requisitos para o seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas na categoría de Policía, escala básica do Corpo da Policía Local, unha vez nomeados estas, poderáselle requirir por parte da Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, para que presenten aquela documentación que se estime necesaria para a súa efectiva toma de posesión.

QUINTO.- A toma de posesión poderá demorarse se o persoal que agora se nomea como funcionario en prácticas, e baixo a súa responsabilidade, non presentase aquela documentación necesaria que para o cumprimento de dito trámite lle sexa requirida pola Área de Recursos Humanos e Formación, asumindo cada aspirante individualmente as consecuencias xurídicas e económicas que tal demora puidese conlevar, incluída, chegado o caso, a imposibilidade da súa toma de posesión antes do comezo do curso selectivo na data prevista pola AGASP.

SEXTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(969).- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2025. EXPTE. 45859/220.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 283 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o Informe de fiscalización do 18/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/12/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 23/12/2024, por parte da concelleira delegada competente, ordénase a incoación de expediente administrativo 45859.220, para a aprobación da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025,

II.- Ante o contexto da falta de aprobación dunha nova Lei de orzamentos, cómpre lembrar que, en data 12/09/2024, no marco de tramitación da Oferta pública de emprego 2024, pola Xefatura da Área de RR.HH e Formación trasladouse consulta ao Ministerio de Transformación Dixital e Función Pública do Goberno de España respecto da taxa de reposición de efectivos (TRE) a aplicar á OEP-2024 (Exp.45175/220), obténdose resposta (trámite 14 do citado expediente) co seguinte teor literal:

“La Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 2023 se encuentra actualmente prorrogada en el año 2024, por lo que las medidas que se incluyen en la misma sobre tasa de reposición siguen estando vigentes y son vinculantes”.

-Enténdendose, pois, que seguen vixentes e vinculantes a data de hoxe as mesmas medidas, toda vez que a citada Lei se atopa actualmente prorrogada tamén para o exercicio do ano 2025.

III.- En data 02/12/2025 e 11/12/2025, a técnica de Avaliación e Formación da Área de Recursos Humanos, emitiu sendos informes técnicos (trámites 28 e 34 do expediente) sobre o cálculo da taxa de reposición e as prazas vacantes existentes no cadro de persoal susceptibles de ser incluídas na oferta de emprego público 2025, e con carácter previo á celebración da Mesa xeral de Negociación.

IV.- Consta realizada a preceptiva negociación colectiva, efectuada na Mesa Xeral de Negociación, en sesión de data 16/12/2025, co certificado do acordo incorporado ao trámite 40 do expediente.

V- Para completar o acordado na Mesa de Negociación Colectiva celebrada, a técnica de Avaliación e Formación de RRHH, emitiu informes técnicos ampliatorios (o 16/12/2025 e 17/12/2025 respectivamente) que se transcribirán nos fundamentos xurídicos, onde se recollen o cálculo definitivo da taxa de reposición, e as vacantes dispoñibles de bombeiros e condutor bombeiro susceptibles de incluír na presente oferta.

VI.- O expediente deberá ser sometido á correspondente fiscalización previa e preceptiva, nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2026 13:01	Páxina 284 de 299
2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025	CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



I.- LEXISLACIÓN APLICABLE

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas”;

- O artigo 133 da mesma norma, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que “*el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.*”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2026 13:01

Páxina 285 de 299

2001-1102 Aprobado por XGL 26/12/2025

CSV: ADA5DF-8HE3D4-AC3H86-28PHPL-E9KPTS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO NA NORMATIVA VIXENTE.

De conformidade co artigo 128.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, as Corporacións locais aprobarán e publicarán anualmente, dentro do prazo dun mes dende a aprobación do seu Orzamento, a oferta de emprego público para o ano correspondente.

Pola súa banda, e en relación á oferta de emprego público, o TREBEP dispón no seu artigo 70 o seguinte:

